Agora ben, o alcance de tal remisión en materia de urbanismo, na práctica, entenderase limitado á lexislación autonómica, pois a CE non reservou nin lle atribuíu ó Estado ningunha competencia urbanística, polo que, dado a asunción polas CCAA nos seus respectivos EEAA da competencia nesta materia, será a lexislación de cada comunidade, se ben respectando os límites mínimos establecidos na LBRL –en especial o principio de autonomía local– a que determine o alcance e o contido da competencia dos municipios comprendidos no seu ámbito territorial en materia de urbanismo<sup>4</sup>.

É precisamente neste binomio e na necesaria articulación, entre o principio de autonomía local e a potestade normativa das CCAA en materia de urbanismo, onde xorden as cuestións e problemas de máis relevancia práctica, dende un punto de vista competencial, constituíndo así mesmo o punto neuráxico para unha correcta distribución das competencias urbanísticas entre as dúas instancias territoriais –entidades locais e CCAA– que, a raíz da CE reparten a competencia neste sector do ordenamento xurídico.

En efecto, os maiores problemas de competencias que subxacen do sistema xurídico urbanístico vixente, á luz da concorrencia normativa existente nesta materia –ordenamento estatal e ordenamentos autonómicos–, preséntanse no aspecto competencial, sobre todo, entre as potestades das CCAA e das entidades locais chamadas a concorrer no desenvolvemento e no exercicio da función pública urbanística.

Pola súa relevancia práctica, por ser un caso paradigmático na materia de urbanismo, no que se pon en dúbida a autonomía das entidades locais no exercicio das súas competencias urbanísticas, e sobre o que, tanto o TC como o TS, se pronunciaron de forma reiterada, voume centrar nun tema obxecto, á súa vez, dun amplo debate doutrinal. Trátase da *potestade de suspensión das CCAA dos acordos das entidades locais*.

## 2. A potestade autonómica de suspensión dos acordos das entidades locais

Unha cuestión de extraordinaria relevancia no réxime xurídico urbanístico español a partir da descentralización da función pública urbanística derivada da CE, foi a relativa á admisión ou inadmisión da potestade das CCAA relativa á suspensión dos actos e acordos das entidades locais, en virtude da compe-

<sup>4</sup> Vid., GÓMEZ-FERRER MORANT, R., "Estudios sobre el Derecho de la Comunidad de Madrid", *Legislación en materia de urbanismo: competencia de la Comunidad y Novedades más significativas*, Ed. Civitas, Madrid, 1987, páx. 465.

tencia lexislativa e executiva que as mesmas asumiron nesta materia nos seus respectivos estatutos de autonomía.

Na normativa urbanística preconstitucional xa se consideraba, expresamente, esta posibilidade de control da legalidade urbanística, se ben, atribuída a órganos da Administración central en canto Administración xerarquicamente superior.

Así, baixo a vixencia da Lei de réxime do solo e ordenación urbana, do 12 de maio de 1956, cando un acordo municipal constituíse unha infracción de disposicións urbanísticas vixentes, o presidente da Comisión Provincial de Urbanismo, ben a proposta desta ou ben dos órganos centrais, debía de adoptalas medidas oportunas, dispoñe-la *suspensión* e paralización das obras e cantas outras medidas fosen axeitadas para a efectividade das disposicións vulneradas (art. 212).

Pola súa parte, a Lei de reforma de 1975, Texto refundido de 1976, seguindo a mesma liña có lexislador de 1956, previa a subrogación polo gobernador civil na competencia da corporación municipal en relación coa suspensión dos efectos das licencias ou ordes de execución ilegais coa inmediata paralización das obras, cando o alcalde non dispoñese a súa suspensión, conforme ó art. 186, ó que se remite, á súa vez, o art. 224, relativo á facultade xeral de suspender.

É dicir, recoñecíase, legalmente, unha verdadeira potestade de control da legalidade urbanística en favor da Administración do Estado sobre actos ou acordos das corporacións locais.

A entrada en vigor da CE e o proceso de descentralización da materia urbanística iniciado con esta norma, así como o recoñecemento da autonomía das entidades locais, supuxo nun principio, unha notable restricción de tales facultades de suspensión de actos locais por parte de órganos do Estado ou das CCAA; restricción que, posteriormente, a raíz dunha constante xurisprudencia do TC<sup>5</sup>, pasou a interpretarse como a exclusión ou inadmisión de tal potestade por ser contraria ó principio de autonomía local recoñecido na normativa básica estatal.

Tratábase, polo tanto, de determina-la constitucionalidade ou inconstitucionalidade de determinadas disposicións contidas en leis autonómicas que lle recoñeceron ó órgano autonómico competente a potestade de suspender-los efectos de determinados acordos adoptados pola corporación local no exercicio das súas competencias urbanísticas.

O TC entendeu que esta potestade se refire a:

"(...) os acordos que a Lei de bases (LBRL de 1985) lles encomenda especificamente ós municipios, como son os relativos, de acordo co art. 25.2 d) LBRL, á ordenación, xestión, execu-

<sup>5</sup> Cfr. GONZÁLEZ PÉREZ, J.: "Comentarios a la Ley del Suelo" (6ª ed), Ed. Civitas, Madrid, 1993, páxs. 1947 e segs.



ción e disciplina urbanística e, máis concretamente, a autorización para a edificación e outros usos do solo, como competencia característica dos municipios<sup>6</sup>”.

Pola súa relevancia práctica, cabe destaca-los seguintes actos dictados no exercicio de competencias urbanísticas das entidades locais, sobre a posibilidade de suspensión dos cales por parte da CA (prevista por leis urbanísticas autonómicas) se pronunciou o TC:

a) Aprobación definitiva de programas de urbanización: suspensión dos efectos do acordo de aprobación definitiva.

b) Aprobación definitiva de estudos de detalle: suspensión dos efectos do acordo de aprobación definitiva por motivos de infracción da legalidade ou da tramitación.

c) Aprobación definitiva de proxectos de delimitación de polígonos e unidades de actuación: suspensión dos efectos do acordo de aprobación definitiva polos mesmos motivos.

d) Aprobación definitiva de proxectos de reparcelamento: suspensión dos efectos do acordo de aprobación definitiva polos dous motivos expostos.

e) Aprobación definitiva das bases e dos estatutos no sistema de compensación: suspensión dos efectos do acordo de aprobación definitiva no mesmo caso.

f) Outorgamento dunha licenzia ou orde de execución: paralización inmediata dos actos de edificación ou uso do solo, cando o acto de outorgamento permita a urbanización ou a edificación de terreos legalmente declarados como solo rústico; que permita aproveitamentos que excedan ou ignoren as previsións contidas nos plans urbanísticos, ou cando o dito acto constituía unha infracción grave e manifesta do ordenamento urbanístico; é dicir, cando se outorgue unha licenzia ou orde de execución ilegal.

Dos distintos casos de suspensión aquí expostos, e co obxecto de xustificar cómo o seu exercicio é contrario ó principio de autonomía local garantido pola CE, analizarase o relativo á suspensión dos efectos de licenzias urbanísticas outorgadas pola entidade local, por ser esta, como xa quedara exposto, a competencia “natural” e máis importante que o ordenamento xurídico lles atribúe a estas entidades.

#### *a) Suspensión dos efectos de licenzias urbanísticas outorgadas pola entidade local*

Partindo de que a suspensión só ten sentido mentres as obras que autoriza a licenzia non estean rematadas, actualmente existen dúas posturas claramente contrarias sobre a potestade de

<sup>6</sup> Vid. STC 46/1992, do 2 de abril, f.x. 2. No mesmo sentido, a STC 213/1988, do 11 de novembro, f.x. 2, 259/1988, do 22 de decembro, f.x. 2.

suspensión dos efectos de licencias outorgadas pola entidade local: por un lado a do TC e por outro a do TS, con adeptos, por ámbalas partes, na doutrina científica.

*a') Postura do Tribunal Constitucional*

As primeiras SSTC sobre este tema, do 2 de febreiro e do 29 de abril de 1981, precisaron que tal potestade de suspensión en favor do Estado unicamente sería constitucional respecto das materias que afectasen á súa esfera competencial e excedesen o límite da competencia propia da entidade local<sup>7</sup>:

En efecto, a STC 14/1981, do 29 de abril<sup>8</sup>, introduce unha importante limitación ó control da legalidade municipal que confería a Lei de réxime local de 1955:

*"A suspensión governativa de acordos municipais sen outra razón que o control de legalidade en materia que lle corresponda ó ámbito competencial exclusivo das entidades locais é contraria á autonomía que proclama o art. 137 da CE, pero non entraña atentado para a dita autonomía en canto sirva á defensa das competencias da Administración do Estado ou obedeza a corrixir invasións de ámbitos alleos ó municipal ou se afecte algunha materia que lle corresponda a aquela Administración. A autonomía debe entenderse como ámbito de actuación propia que ten os seus límites<sup>9</sup>".*

Agora ben, o amplo debate sobre esta cuestión iníciase coa promulgación da LBRL, do 2 de abril de 1985 que contén as normas básicas, nesta materia, de aplicación directa en todo o territorio nacional por remisión do art. 149.1.18<sup>a</sup> CE.

En concreto, os arts. 65 e 66 da citada norma regulan un dos elementos fundamentais máis significativos en materia de urbanismo, derivados do modelo de autonomía local configurado pola mesma<sup>10</sup>: o réxime de impugnación de actos e de acordos das entidades locais por parte das administracións superiores.

Sobre estes preceptos, o TC na Sentencia 213/1988, do 11 de novembro, declarou:

*"Pois ben, os arts. 65 e 66 da lei regulan a impugnación de actos e de acordos das corporacións por parte da Administración do Estado e das comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias e establecen que a suspensión só é potestade dos tribunais. Queda así suprimida toda potestade de suspender das autoridades administrativas e governativas (salvo a que se lle confire ó delegado do Goberno no art. 67)<sup>11</sup>".*

O Alto Tribunal fundamenta estas afirmacións no principio de autonomía local reconecido na CE e consagrado na LBRL, ó considerar, en consecuencia, contrarios á mesma, aqueles preceptos de leis autonómicas que lle outorguen ó órgano auto-

<sup>7</sup> Cfr. SSTC 3/1981, do 2 de febreiro, f.x. 9 e 14/1981, do 29 de abril, f.x. 6.

<sup>8</sup> Unha análise da citada sentenza faina FANLO LORAS, A., en *Fundamentos Constitucionales de la Autonomía Local*, Ed. Centro de Estudios Constitucionales, Madrid, 1990, páx. 409 e segs.

<sup>9</sup> Vid. STC 14/1981, do 29 de abril, f.x. 6.

<sup>10</sup> Cfr. STC 36/1994, do 10 de febreiro, f.x. 3.

<sup>11</sup> Vid. f.x. 2. Cfr. STC 259/1988, do 22 de decembro, f.x. 2, STC 46/1992, do 2 de abril, f.x. 2, STC 36/1994, do 10 de febreiro, f.x. 3.

A excepción prevista no art. 67, refírese ós actos ou acordos adoptados pola entidade local que atenten gravemente contra o interese xeral de España; excepción que, en materia de urbanismo, ten unha escasa aplicación práctica.

nómico competente a potestade para suspender acordos coa LBRL encoméndalos especificamente ós municipios, por afectar a intereses de carácter local, como son os previstos no art. 25.2.d) da citada lei.

É certo, como recoñeceu o TC na súa primeira sentenza sobre o réxime local –STC 4/1981– e que reitera nas sentencias analizadas –213/1988, 259/1988 e 46/1992– que os controis administrativos de legalidade non afectan ó núcleo esencial da garantía institucional da autonomía das corporacións locais.

Agora ben, con tal afirmación non se pretende a determinación concreta do contido da devandita autonomía local, senón, unicamente, fixa-los límites mínimos nos que se debe move-la mesma e que, polo tanto, o lexislador non poderá traspasar, sen que isto impida que o lexislador, no exercicio dunha lexítima opción política, poida amplia-lo ámbito da autonomía local, e establecer con carácter xeral a desaparición destes controis. Isto é, precisamente, o que fixo a LBRL de 1985<sup>12</sup>.

Así o manifestou o TC, entre outras, na STC 170/1989 e recórdase na STC 46/1992, para posteriormente remitir ás SSTC 213/1988 e 259/1988:

“A autonomía local, tal e como se recoñece nos arts. 137 e 140 CE, goza dunha garantía institucional cun contido mínimo que o lexislador debe respectar; máis alá deste contido mínimo, a autonomía local é un concepto xurídico de contido legal, que permite, polo tanto, configuracións diversas, válidas en canto respecten esa garantía institucional. Ha de partirse, pois, co límite indicado, dunha configuración legal da autonomía local<sup>13</sup>”.

Como consecuencia desta regulación favorable á autonomía establecida polo lexislador estatal de réxime local en materia de suspensión de acordos, o TC na súa STC 213/1988 concluíu que se cualificarán, así mesmo, de *básicos*, nun sentido material, os arts. 65 e 66 da LBRL, pola seguinte razón:

“ (...) por canto tenden a asegurarlles un nivel mínimo de autonomía a tódalas corporacións locais en todo o territorio nacional, sexa cal for a Comunidade Autónoma en que estean localizadas, o que resulta plenamente congruente coa garantía institucional do art. 137 da Constitución, garantía que opera tanto fronte ó Estado como fronte ós poderes autonómicos<sup>14</sup>”.

Polo tanto, en virtude do principio de autonomía municipal, o TC sinala que a lexislación que dicten as CCAA no exercicio da súa competencia lexislativa en materia de urbanismo deberá, con carácter preceptivo, respectar tal exclusión<sup>15</sup>.

Ben é certo, tamén, que o TC na Sentencia 71/1982 e noutras posteriores sinalou como criterio xeral cando concorran dis-

<sup>12</sup> Cfr. SSTC 213/1988, f.x. 2, 259/1988, do 22 de decembro, f.x. 2, 46/1992, do 2 de abril, f.x. 2.

<sup>13</sup> Cfr. SSTC 46/1992, f.x. 2, 170/1989, f.x. 9.

<sup>14</sup> Vid. f.x. 2. Neste mesmo sentido pronúnciase o TC nun suposto análogo na STC 27/1987, f.x. 9.

<sup>15</sup> Cfr. SSTC 213/1988, do 11 de novembro, f.x. 3, 259/1988, do 22 de decembro, f.x. 2, 36/1994, do 10 de febreiro, f.x. 3.

tintos títulos competenciais, que prevalece o título máis específico sobre o máis xenérico.

É dicir, en virtude do principio de especialidade, prevalecería o título competencial relativo a urbanismo (art. 148.1.3ª CE) sobre o previsto no art. 149.1.18ª CE<sup>16</sup>. Agora ben, este tribunal, na STC 213/1988, precisa, así mesmo, como regra xeral que a este criterio non se lle pode atribuír un valor absoluto<sup>17</sup>.

Pola contra, radicalizando o dito criterio, vulneraríase o nivel mínimo de autonomía local establecido polo lexislador estatal, xa que as distintas lexislacións urbanísticas autonómicas poderían impoñer controis que na práctica chegasen a desfiguralo modelo de autonomía local que a LBRL, no exercicio das competencias que a CE lle atribúe ó Estado no art 149.1.18ª, pretende asegurar, baleirándoo, incluso, de contido.

Neste sentido, pronunciouse NIETO, ó sinalar que “a despeito das rotundas declaracións constitucionais e legais básicas do Estado, a autonomía local estase reducindo practicamente a cero, dende o momento no que as comunidades autónomas están baleirando os entes locais de case tódalas súas competencias, que asumen avidamente as propias comunidades<sup>18</sup>”.

Por todo iso, o TC declarou inconstitucionais determinados preceptos de leis autonómicas que non respectaban os citados arts. 65 e 66 da LBRL e vulneraban a autonomía local garantida na mesma e na propia CE; preceptos que recoñecían a potestade de suspensión autonómica de determinados acordos adoptados polas entidades locais en materia de urbanismo:

■ Art. 26.3 da Lei madrileña 4/1984, do 10 de febreiro, sobre medidas de disciplina urbanística (STC 46/1992).

■ Arts. 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10.2 e concordantes coa Lei murciana 3/1987, do 23 de abril, de protección e harmonización de usos do Mar Menor (STC 36/1994).

■ Arts. 9.1.e) parágrafo 2, 11, 12.3, 14.2 e 29.3 da Lei catalana 3/1984, do 9 de xaneiro, sobre medidas de adecuación do ordenamento urbanístico de Cataluña, así como os arts. 22 42.1 e 43.2 e vinculados ó Decreto 146/1984, do 10 de abril, dictado no desenvolvemento da citada lei (STC 213/1988 e 259/1988, respectivamente).

Á parte destas CCAA, as normas das cales pronunciou o TC –Madrid, Cataluña e Murcia–, regularon este tema, á vista da lexislación urbanística preconstitucional, as CCAA de Galicia, Asturias e Canarias<sup>19</sup>. Nas mesmas recóllense as potestades que o TRLS de 1976 lle atribuíu ó gobernador civil en materia de disciplina urbanística, se ben, obviamente, referidas agora ó órgano competente da respectiva comunidade.

<sup>16</sup> Cfr. TOMAS-RAMÓN FERNÁNDEZ: *Manual de Derecho Urbanístico* (11ª ed.), Ed. El Consultor, Madrid, 1995; páx. 258.

<sup>17</sup> Cfr. STC 213/1988, do 11 de novembro, f.x. 3.

<sup>18</sup> Vid. NIETO GARCÍA, A.: “Impugnación jurisdiccional de actos y acuerdos de las Entidades Locales”, *RAP* nº. 115, 1988, páx. 9.

<sup>19</sup> Cfr. Lei galega 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación do solo a Galicia, Lei asturiana 3/1987, do 8 de abril, reguladora da disciplina urbanística, Lei canaria 3/1985, do 29 de xullo, de medidas urxentes en materia de urbanismo e protección da natureza.

Existe unha excepción a esta doutrina legal admitida polo propio TC: non poderá aplicarse naqueles casos nos que as facultades de suspensión se exerzan respecto de actos de autorización non sometidos ó sistema de control dos arts. 65 e 66 da LBRL, preceptos cualificados polo TC de carácter básico.

É dicir, non será aplicable cando esta facultade de suspensión non entrañe un efectivo control administrativo de legalidade senón unha simple *medida cautelar* que persiga a defensa de competencias propias da Administración autonómica<sup>20</sup>, xa que, como se sabe, en materia de urbanismo, non se pode falar de competencias exclusivas municipais, dada a ineludible confluencia ou concorrencia existente de intereses locais e supralocais.

Este tipo de suspensión como medida preventiva, mentres se está tramitando un expediente de revisión de oficio destinado a anula-la licenza ou orde de execución, aparece regulado no art. 104 da LPC 30/1992, relativo a medidas cautelares en xeral.

En virtude do mesmo: "Iniciado o procedemento de revisión de oficio, o órgano competente para resolver poderá suspender-la execución do acto, cando esta puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación".

Polo tanto, cando a suspensión prevista legalmente entrañe ou constituía unha técnica de control de legalidade, na que non se preserve nin estableza un interese concorrente específico da CA tutelante, senón a simple defensa da legalidade, a norma que preveva tal facultade deberá estimarse inconstitucional.

En definitiva, dende a entrada en vigor da LBRL de 1985, deberán ser, exclusivamente, os tribunais os que resolvan acerca da suspensión daqueles actos ou acordos das entidades locais que poidan vulnera-la legalidade, incluso cando os mesmos sexan manifestamente constitutivos de infraccións urbanísticas graves.

As CCAA –e no seu caso, o Estado–, unicamente poderán *impugna-los* ditos acordos por motivos de infracción da legalidade (substantiva ou formal) ou de tramitación, ou por estimar que a súa adopción excede o ámbito dos intereses xerais das entidades locais, pero *non acordar de oficio a suspensión dos efectos de tales actos*, sen prexuízo de admitir neste último caso, a mencionada suspensión de carácter cautelar.

Ademais, asumindo outra das razóns que dá o TC para fundamenta-la exclusión de tal potestade autonómica, facendo un xuízo comparativo entre a suspensión ordenada pola autoridade autonómica competente e a suspensión decretada pola autoridade xudicial nun suposto de outorgamento de licenza ilegal<sup>21</sup> pola entidade local, na que o factor tempo xoga un papel primordial, cabe concluí-lo seguinte<sup>22</sup>:

<sup>20</sup> Cfr. STC 36/1994, do 10 de febreiro, f.x. 3.

<sup>21</sup> Vid. STC 46/1992, do 2 de abril, f.x. 3. Nela o TC coincide e dálle a razón ó avogado do Estado en que "destaca o feito, de común experiencia, de que os que se ven ameazados no gozo dunha licenza ilegal aceleran as obras e dobran o ritmo dos seus traballos, ó intentar converte-las infraccións en feitos consumados".

<sup>22</sup> Tendo presente que o control das CCAA sobre a actividade municipal se reduce na Lei 7/1985 á impugnación xudicial dos acordos e das resolucións (arts. 65 e 66) e que na materia de licencias, a dita facultade en contra a súa xénese no art. 186 do TRLS de 1976, hoxe derrogado polo TRLS de 1992, o cal non prevé tal posibilidade no seu art. 253, relativo á suspensión de licencias e á paralización das obras.

■ No suposto da suspensión de oficio, a intervención da CA verase retardada polo preceptivo requirimento anterior ó concello que outorgou a licencia, así como polo período de espera para que este último adopte as medidas pertinentes de disciplina urbanística.

■ No suposto da suspensión xudicial, en cambio, cando a CA, nos termos do art. 66 LBRL, somete ó control xudicial a actuación municipal por constituír unha infracción urbanística grave, non só está ofrecendo a canle procesual adecuada, con preferencia sobre o procedemento máis premioso disposto, con carácter ordinario, polo art. 65 da citada lei, senón que, como sinalou o TC na citada STC 46/1992:

“ (...) pode conseguir unha suspensión xudicial perentoria da licencia atacada, pois o tribunal debe acordala no primeiro trámite subseguinte á impugnación, sempre –claro está– que estime fundada a suspensión para preve-la integridade e a efectividade do interese comunitario afectado (f.x. 3)”.

Esta medida xudicial é adoptada de cheo, sen prexuízo do seu posible ulterior levantamento, total ou parcial, a instancia da entidade local afectada que outorgou a dita licencia. O cumprimento da mesma polo seu titular vén imposto directamente polo art. 118 CE<sup>23</sup> e encóntrase garantida no Código penal<sup>24</sup>.

No ámbito doutrinal, Gómez-Ferrer Morant<sup>25</sup>, partindo da primeira doutrina do TC sobre o principio de autonomía<sup>26</sup>, sinalou que a solución a este problema se podería encontrar inicialmente naquela. Sen embargo, trala promulgación da LBRL de 1985, a solución deberá encontrarse no parámetro que proporciona a mesma e que, este autor, resume en dúas ideas ou criterios xerais (que el cualifica de “solucións”):

1º. O aseguramento dunha *competencia mínima* ó municipio en materia de urbanismo que deben respectar, en todo caso, as leis sectoriais, “na proscripción do principio de tutela e na potenciación dos principios de coordinación e eficacia nas relacións interadministrativas (art. 55 e segs.)”.

É dicir, as CCAA, en virtude da súa potestade lexislativa en materia de urbanismo poderán distribuí-las competencias urbanísticas entre os municipios e a CA, co límite derivado do respecto ás competencias mínimas daqueles.

2º. A regulación contida na LBRL do réxime de impugnación de actos e acordos dunhas administracións por outras (art. 63 e segs.).

Así, as competencias urbanísticas atribuídas ós municipios polas leis autonómicas, no poderán ser obxecto dun control contrario ou incompatible co regulado na LBRL, que ten un carácter prevalente sobre as normas urbanísticas autonómicas<sup>27</sup>.

<sup>23</sup> A teor do art. 118 CE: “É obrigado cumprilas sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como presta-la colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resultado”.

<sup>24</sup> Cfr. STC 46/1992, do 2 de abril, f.x. 3.

<sup>25</sup> Vid. GÓMEZ-FERRER MORANT, R.: “Estudios sobre el Derecho de la Comunidad de Madrid”, *Legislación en materia de urbanismo: competencia de la Comunidad y no vedades más significativas*, Ed. Civitas, Madrid, 1987, páx. 471.

<sup>26</sup> Cfr. SSTC 4/1981, do 2 de febreiro, e 40/1981, do 28 de xullo.

<sup>27</sup> Cfr. GÓMEZ-FERRER MORANT, R., *op.cit.*, páx. 473; GARCÍA DE ENTERRÍA e T.R. FERNÁNDEZ, *Curso de Derecho Administrativo*, Ed. Civitas (4ª ed.), t.I., Madrid, 1983, páxs. 303 e segs.

Estas dúas pautas constitúen, ó meu xuízo, o *punctum dolens* a este problema; pautas ou criterios que agora comparto para reafirmar e fundamenta-la doutrina do TC sobre este tema e, conseguintemente para cuestiona-los pronunciamentos do TS e parte da doutrina no sentido contrario.

*b') A xurisprudencia do TS: a inexistencia dunha doutrina uniforme e constante*

Con anterioridade á CE, cando a función pública urbanística se repartía entre o Estado e as entidades locais (LS de 1956 e TRLS de 1976), o TS xa tivo ocasión de pronunciarse sobre este tema.

Este tribunal, nunha STS do 20/II/1976, declaraba como unha constante histórica do noso ordenamento xurídico administrativo, o *principio autonomista* de que os acordos municipais causan estado e só son impugnables ante a xurisdicción contencioso-administrativa, conforme ás normas establecidas para o efecto e con observancia das formalidades legais correspondentes<sup>28</sup>.

Así, no suposto de desviación procedementa por parte dos concellos no outorgamento de licencias urbanísticas en canto atribución primordial dos mesmos, antes e despois da LS de 1956 (así como a súa revogación ou anulación)<sup>29</sup>, as comisións provinciais de urbanismo que, baixo a vixencia da LS de 1956 e como órganos da Administración do Estado, tiñan atribuídas unha función de control e fiscalización (art. 201.2 LS de 1956) sobre os actos e acordos das corporacións locais, podían impugna-los mesmos a través de tres vías legais, entre as cales se prevía:

*"a suspensión governativa do Acordo de concesión da licenza, conforme á Lei de réxime local, Texto articulado do 24 de xuño de 1955 (arts. 362, 365, 366 e 268) e ó Estatuto dos gobernadores civís, do 10 de outubro de 1958 (art.13) e á Lei que regula a xurisdicción contencioso-administrativa"*<sup>30</sup>.

Agora ben, neste caso, de suspensión das propias licencias ou ordes de execución –non dos actos efectuados sen licenza ou orde de execución o sen axustarse ás condicións sinaladas nas mesmas, que constitúe un suposto distinto de suspensión–, unicamente procederá o seu exercicio, cando o contido dos ditos actos administrativos constituía, *manifestamente, unha infracción urbanística grave*, como sinala o art. 186 LS de 1976, pois pola contra, a licenza será válida<sup>31</sup>.

É dicir, de acordo con reiterada doutrina do TS<sup>32</sup>:

*"A infracción urbanística esixible para a legalidade da suspensión prevista no art. 186 da Lei do solo ha de supoñer unha*

<sup>28</sup> Cfr. STS de 20/II/1976 (Arzdi. 1414), f.x. 1.

<sup>29</sup> Antes da LS de 1956, prevíase tal potestade no Regulamento de servicios das corporacións locais de 1955 (arts. 13 e seg.); norma que aínda que xa se debía ter modificado, na actualidade, debe considerarse de preceptiva observancia polo plan.

<sup>30</sup> O TS na mesma sentenza citada (f.x. 1), establecía outras dúas vías de impugnación á parte do acordo de suspensión: a) Exercer de oficio ou a instancia de parte, calquera recurso ou acción que en cada caso procedesen fronte ó consello que a outorgou con respecto ó acordo da súa concesión e incluso declara-la súa nulidade de pleno dereito, se se estimase que constituíu unha manifesta infracción das leis de acordo cos requisitos previstos nos arts. 47 e 109 LPA de 1958;

b) Acudir, por si ou instigada a corporación municipal, á declaración de seren lesivos tales acordos para os efectos da súa ulterior impugnación ante a xurisdicción contencioso-administrativa e conforme á LRL e ó art. 110 LPA.

O que era improcedente era dirixirse exclusivamente ó concesionario da licenza e non contra o concello que a outorgou.

<sup>31</sup> Cfr. STS de 16/V/1984 (Arzdi. 3110), f.x. 3 e 4.

<sup>32</sup> Vid. STS 2/II/1985 (Arzdi. 399), f.x. 3 da sentenza apelada. Cfr. no mesmo sentido, as SSTs de 1/XII/1975 (Arzdi. 4470); 24/V/1978 (Arzdi. 2128); 18/II/1980 (Arzdi. 736); 15/VI/1982 (Arzdi. 4791); 22/VI/1982 (Arzdi. 4836); 15/VII/1982 (Arzdi. 5418); 25/III/1983 (Arzdi. 1577); 20/VI/1983 (Arzdi. 3612); 22/VI/1983 (Arzdi. 3626); 3/X/1985 (Arzdi. 6229).

vulneración indiscutible, patente, notoria ou manifesta, de maneira que o reproche de ilegalidade do acto licencia se derive da súa natural e directa oposición á norma, sen que para apreciala haxa necesidade de acudir a interpretacións analóxicas ou a intricados ou prolixos razoamentos xurídicos, nin sexa posible manter racionalmente, baseándose nunha interpretación alternativa, a legalidade da licencia suspendida”.

Polo tanto, o TS, aínda que considera os concellos como administradores dos bens e dos intereses dos pobos, ve neles “os órganos naturais e xenéricos da actividade e da xestión urbanística<sup>33</sup>, ós que case exclusivamente lles corresponden as atribucións planificadoras e decisorias desta materia (art. 202 LS do 1956)”, en especial, o outorgamento de licencias, admitía, conforme á normativa vixente, a potestade das CPU –órgano da Administración estatal– para acorda-la suspensión dos efectos dunha licencia urbanística municipal<sup>34</sup>.

Neste mesmo sentido, con algo máis de precisión –o que non quere dicir que coa mellor técnica– pronunciouse o TS, entre outros, na Sentencia do 20/XII/1984<sup>35</sup>, na que tras afirmar que a materia urbanística non é competencia exclusiva dos entes locais, por compartilo campo de atribución competencial con órganos estatais e autonómicos, sinalaba, ó meu parecer, con toda falta de cobertura, dúas razóns para considerar vixente o art. 186 LS de 1976:

1<sup>a</sup>. Porque no dereito español coexistiron con certa independencia os sistemas normativos locais e urbanísticos (Lei do solo), contando, este último, co seu propio réxime xurídico, podendo, en consecuencia, soste-la vixencia do art. 186.

2<sup>a</sup>. Porque aínda que as licencias municipais sexan unha competencia normal dos concellos, non obstante, en supostos especiais a atribución por vía indirecta vén encomendada a órganos doutras administracións. Iso unido a que a natureza subordinada (por razóns de legalidade) da licencia á planificación (plan, ordenanza, etc.), implica que o seu control de legalidade non exclúe a intervención de órganos urbanísticos de fiscalización encadrables na Administración central ou autonómica, polo que a técnica considerada no art. 186 pode ser útil e merecedora de supervivencia como réxime especial, diferente do xeral previsto na Lei 40/1981, do 28 de outubro, de Administración local<sup>36</sup>.

É conveniente lembrar que o art. 8 da Lei 40/1981<sup>37</sup>, veu sanciona-la importante limitación ó control da legalidade municipal –conferido pola Lei de réxime local de 1955– imposta pola mencionada STC de 29/IV/1981 e que confirmaría, posteriormente, a vixente lexislación básica de réxime local.

<sup>33</sup> Cfr. art. 101.2 LRL, do 24 de xuño de 1955.

<sup>34</sup> Cfr. SSTs do 14/X/1980 (Arzdi. 3906);

<sup>35</sup> Cfr. Arzdi. 6701, f.x. 2, que transcribe a STS 5/XI/1986 (Arzdi. 7809).

<sup>36</sup> No mesmo sentido, a STS de 16/V/1984 (Arzdi. 3110), f.x. 3.

<sup>37</sup> Vid. FANLO LORAS, A.: *Fundamentos Constitucionales de la Autonomía Local*, Ed. Centro de Estudios Constitucionales, Madrid, 1990, páxs. 414 e segs.



Agora ben, como se sabe, a pesar de que a raíz da CE de 1978, as CPU pasan a converterse nos órganos especificamente urbanísticos das CCAA e que estas asumiron, expresamente, a competencia en materia de urbanismo, non significa que as mesmas sigan mantendo a dita potestade de control e fiscalización, pois como xa ocorría en 1956, a falta dun detallado desenvolvemento regulamentario das escasas normas contidas na LS relativas ás CPU, obriga a atender-las disposicións vixentes e os principios e normas do ordenamento xurídico administrativo.

En definitiva, conforme á CE (art. 140), á LBRL de 1955 (arts. 65 e 66) e ó principio de autonomía local recollido en ámbalas normas, así como na Lei 40/1981, de réxime xurídico das corporacións locais (art. 8), *as CCAA non gozan da potestade de suspensión directa dos actos e acordos adoptados polas entidades locais no exercicio das súas competencias urbanísticas, senón que a dita potestade lles corresponde, exclusivamente, ós tribunais*<sup>38</sup>; *criterio seguido polo TC de forma uniforme dende a STC 213/1988.*

O TS, en cambio, non parece que considerase este extemo, e tras algunhas vacilacións, pronunciouse a favor da vixencia do art. 186 do TR de 1976 que, como quedara apuntado, lle recoñecía á Administración do Estado (ó gobernador civil) unha competencia subsidiaria para suspender –e incluso revogar ou anular– licencias cun contido que constitúe unha infracción urbanística grave<sup>39</sup> no sentido antes apuntado.

Partindo da xurisprudencia do TC<sup>40</sup>, o TS basébase no criterio dos *intereses respectivos* para defende-la compatibilidade do principio constitucional de autonomía local coa existencia dun control de legalidade sobre o exercicio das súas atribucións cando estas incidan en intereses xerais concorrentes cos propios daquelas.

As razóns principais apuntadas polo TS en defensa desta doutrina xeral, resúmense en:

1<sup>a</sup>. A autonomía local garántese para a xestión dos intereses respectivos, limitando, polo tanto, cos intereses xerais confiadados a outras administracións, incluso os xestionables por delegación<sup>41</sup>.

2<sup>a</sup>. A consideración de que os alcaldes (competentes para outorga-la licenza urbanística) como delegados do Goberno no concello, se encontran, funcionalmente, en relación xerarquizada cos respectivos gobernadores civís da provincia, relación aínda máis acentuada e específica na esfera urbanística, pola súa condición de presidentes das CPU<sup>42</sup>.

3<sup>a</sup>. Na actividade urbanística, en canto materia específica sobre a que recae este proceso especial, comparten a competencia órganos de distintas administracións<sup>43</sup>.

<sup>38</sup> Cfr. STS do 2/II/1976 (Arzdi. 1414), f.x. 1.

<sup>39</sup> Cfr. FANLO LORAS: "La disminución de las medidas de protección de la legalidad urbanística: ¿Está derogado el art. 186 de la Ley del Suelo?", *RAP*, n.º. 111, 1986.

<sup>40</sup> Cfr. STC 14/1981, do 29 de abril.

<sup>41</sup> Vid. STS de 15/VI/1983 (Arzdi. 3530), Cód. 4.

<sup>42</sup> Cfr. STS de 14/X/1980 (Arzdi. 3906), Cód. 4 da sentecia apelada, STS do 15/VI/1983 (Arzdi. 3530), Cód. 4.

<sup>43</sup> Vid. SSTS de 15/VI/1983 (Arzdi. 3530); 05/VI/1995 (Arzdi. 4937).

<sup>44</sup> Conforme ó art. 110 da LRL de 1955:

"1. Dentro dos trinta días da recepción das ordenanzas ou regulamentos, o gobernador civil deberá advertirle á corporación municipal as infraccións legais que conteñan. Esta advertencia producirá os mesmos efectos que a suspensión decretada de acordo co art. 366 desta lei polo presidente da Corporación, que lle dará conta daquela, no prazo de corenta e oito horas, ó Tribunal Provincial do contencioso-administrativo -na actualidade Sala do contencioso-administrativo do TSX da CA-, o cal, no prazo de quince días e óido o fiscal, revogará a suspensión ou declarará a nulidade das ordenanzas ou regulamentos; 2. Se o gobernador civil non fíxese ningunha advertencia de ilegalidade dentro do prazo de trinta días sinalado no parágrafo anterior, as ordenanzas e regulamentos terán carácter executivo".

En concreto, o art. 366 da dita lei, relativo á *potestade de suspensión dos acordos das entidades locais*, sinalaba: "No caso de suspensión de acordos das corporacións locais que constitúan infracción manifesta das leis, o presidente trasladaralle no prazo de corenta e oito horas ó Tribunal Provincial do contencioso-administrativo, o que no prazo de

quinze días e coa audiencia do fiscal, revogará a suspensión ou declarará a nulidade do acordo (...)"

<sup>45</sup> Cfr. Arzdi. 399.

<sup>46</sup> Cfr. Arzdi. 1609.

<sup>47</sup> En favor da vixencia do art. 186 LS, Cfr. FANLO LORAS: "La disminución de las medidas de protección de la legalidad urbanística: ¿Está derogado el art. 186 de la Ley del Suelo?", RAP, n.º. 111, 1986, páx. 223, crítica a primeira STS que estimou derogado o citado precepto e explica a súa vixencia polas graves insuficiencias de xestión da gran maioría dos concellos españois: "son moi escasos os concellos que posúen uns servicios técnicos adecuados que garantan a correcta aplicación da xestión urbanística". En sentido contrario, GONZÁLEZ PÉREZ, J., *Comentarios a la Ley del Suelo*, Ed. Civitas, (6ª ed.), Madrid, 1988, páx. 98 e segs.

<sup>48</sup> Conforme ó art. 8 da Lei 40/1981, do 28 de outubro, pola que se aproban determinadas medidas sobre réxime xurídico das corporacións locais: "Os actos e acordos das corporacións locais que constitúan infracción das leis e afecten directamente a materias da competencia do Estado, poderán ser impugnados por esta Administración ante a xurisdicción contencioso-administrativa. A impugnación producirá a suspensión do acto ou acordo pero o tribunal deberá ratificala ou redactala nun prazo non superior a trinta días. O procedemento será o establecido no artigo 118 da Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa (...)"

<sup>49</sup> Cfr. SSTs 03/VI/1982 (Arzdi. 4192), 7/VII/1982 (Arzdi. 5359), 11/X/1982 (Arzdi. 6359); 23/IV/1983 (Arzdi. 2238), 15/VI/1983 (Arzdi. 3530). E SSTC 4/1981, do 2 de febreiro e 14/1981, do 29 de abril.

<sup>50</sup> Vid. STS do 21/II/1986 (Arzdi. 1601), f.x. 2. Cfr. STS 17/X/1984 (Arzdi. 4999), f.x. 1.

Agora ben, como se deduce da xurisprudencia, o TS non foi constante na súa doutrina. Así, vacilacións ou discrepancias da súa doutrina xeral, encóntranse, entre outras, na Sentencia do 02/II/1985, que considerou a constitucionalidade do art. 186, por analoxía do art. 110 da LRL de 1955<sup>44</sup>, ó entender que a competencia atribuída no mesmo ó gobernador en relación coas ordenanzas e regulamentos municipais se concreta nun control de legalidade de alcance limitado, xa que a suspensión ten carácter provisional ata tanto decida a xurisdicción contencioso-administrativa; argumento aplicable, perfectamente, ó art. 186, no que a suspensión ten tamén tal carácter provisional ou cautelar a prol dunha ulterior revisión xudicial<sup>45</sup>.

Sen embargo, a confirmación de tal diverxencia xurisprudencial derívase, fundamentalmente, dunha Sentencia do 21/II/1986<sup>46</sup>, que postula, ó contrario, unha solución derogatoria do art. 186 LS de 1976 trala promulgación e vixencia da Lei 40/1981, do 28 de outubro, de réxime xurídico das corporacións locais, en concreto, en virtude do contido do seu art. 8<sup>47</sup>.

O TS recoñeceu, na mesma, que o control de legalidade municipal conferido pola Lei de réxime local de 1955 sufriu unha importante limitación a partir da STC 14/1981, sancionada como precepto legal no artigo 8 da Lei 40/1981, do 28 de outubro, de réxime xurídico das corporacións locais<sup>48</sup>, segundo a cal o dito control soamente se pode exercitar en materias que afecten á competencia do Estado ou ben, como sinalou o TS exceden das privativamente atribuídas ás corporacións locais para a xestión dos seus intereses, isto é, invadan competencias alleas<sup>49</sup>.

Polo tanto, resultaba obrigado determinar, en cada caso concreto, se a materia na que se exercitaba ese control afectaba ou non á referida competencia estatal, na que se incluía a materia de urbanismo, pois a propia lexislación do solo de 1976 así o proclamaba ó concederlle ó Estado, a través do seu articulado, numerosas facultades de intervención no planeamento urbanístico e nos actos da súa execución, así como a competencia xeral de subrogación do art. 5.4.q).

Con base e como acreditativo disto, o TS afirmaba que:

" (...) a legalidade da acción urbanizadora transcende da autonomía municipal por afectar á competencia do Estado, e tal doutrina é trasladable á esfera xurídica das comunidades autónomas que (...) asumiron as competencias nesta materia, pois así expresamente o dispón a disposición final quinta da Lei 40/1981 e, dentro desta competencia, forzoso é estimar comprendido o control de legalidade das licencias municipais de obras a que se refire o art. 186.2 da Lei do solo<sup>50</sup>".

Polo tanto, apartándose da doutrina xeral que este tribunal viña establecendo sobre este tema, e adoptando unha postura de corte autonomista máis acorde coa do TC, concluía:

“Que o mencionado artigo 8 da Lei 40/1981 substitúe o sistema de suspensión directa previsto no dito art. 186.2 polo de impugnación; de acordo con isto débese, por conseguinte, estimar este derogado en canto se refire á forma procesual que rexe o dito control de legalidade das licencias municipais (...) e o incumprimento deste novo sistema procesual debe ser cualificado de causa determinante de nulidade da suspensión directa adoptada na marxe do mesmo en canto que ó constituír unha máis rixida protección da autonomía municipal garantida polo art. 140 da Constitución, a súa inobservancia supón a utilización dun procedemento derogado que o lexislador estimou incompatible co respecto debido á concepción constitucional da dita autonomía<sup>51</sup>”.

Sen embargo, hai que recordar que non foi esta, a liña constante seguida polo noso TS baixo a vixencia da LS de 1976, senón aquela que, partindo da asunción das competencias estatais en materia de urbanismo polas CCAA en virtude dos seus respectivos EEAA, considera, como regra xeral, que *a Administración autonómica ten facultade para acorda-lo dito acto de suspensión sempre e cando resultasen afectadas materias de competencia das CCAA*.

Así o recoñeceu este tribunal en anteriores declaracións, ó entender que a lexitimación para decreta-la suspensión polo órgano autonómico competente dun acordo de concesión de licenza, só supón un cambio do ente público (o Estado pola CA) no exercicio desta prerrogativa suspensora, pero, nunca, unha ampliación dos supostos nos que cabe exercita-la mesma<sup>52</sup>.

Isto demóstrao o feito de que xa no mesmo ano no que o TS se apartaba da súa anterior doutrina<sup>53</sup>, este tribunal retomaríaa esta última na STS do 05/XI/1986<sup>54</sup>, tras decidir cäl das doutrinas apuntadas se debe considerar como vixente, tendo en conta o principio establecido pola STC 02/II/1981, en virtude do cal se recomenda e se esixe apurar tódalas posibilidades de interpretación, no sentido de declarar, soamente, a constitucionalidade sobrevida e conseguinte derogación daqueles preceptos preconstitucionais, incompatibilidade a deles co texto básico que resulta indubidable por ser imposible realizar unha interpretación constitucional.

Do que se deriva, segundo este tribunal, que se estará á doutrina sentada polo TS con anterioridade á STS do 21/II/1986, e por conseguinte, declara-la vixencia do art. 186<sup>55</sup> cando a actividade municipal afecte a materias da competencia do Estado

<sup>51</sup> Vid. f.x. 3.

<sup>52</sup> Cfr. STS do 16/V/1984 (Arzdi. 3110), f.x. 2.

<sup>53</sup> Cfr. SSTS 15/VI/1983 (Arzdi. 3530), 24/II/1984 (Arzdi. 1190), 17/X/1984 (Arzdi. 4999), 20/XII/1984 (Arzdi. 6701), 2/I/1985 (Arzdi. 399), 4/XI/1985 (Arzdi. 6497), 31/XII/1985 (Arzdi. 6555).

<sup>54</sup> Cfr. Arzdi. 7809. Vid. STS do 20/XII/1984 (Arzdi. 6701).

<sup>55</sup> Se así fose, o órgano autonómico competente para decretar tal suspensión, deberá respecta-la obriga imposta no número 3 do art. 186, en virtude do cal, no suposto de suspensión dos efectos dunha licenza ou orde de execución, cando o contido de tales actos administrativos constituía manifestamente unha infracción urbanística grave, procederá, no prazo de 3 meses, a enviarlle directamente tal acordo á sala do contencioso-administrativo competente, para os efectos do disposto nos números 2 e seguintes do art. 118 da LXCA. Cfr. neste sentido, a STS 03/X/1985 (Arzdi. 6229).

ou das CCAA ás que aquel lles transferiu as súas, como é o caso da materia urbanística<sup>56</sup>.

Por isto, estima que o citado art. 186.2 en canto norma con substantividade propia, *non pugna coa CE en canto poida supor obstáculo ou limitación á autonomía municipal* (arts. 137, 140 e 141 CE), dado que o principio de autonomía é compatible coa existencia dun control de legalidade sobre o exercicio das súas atribucións cando estas incidan en intereses xerais concorrentes cos propios daquelas ou simplemente supoñan extralimitacións de facultades propias invadindo campo alleo<sup>57</sup>.

É dicir, será posible tal control de legalidade, cando a potestade de fiscalización da legalidade teña por obxecto actos municipais que versen sobre materias nas que a competencia non é exclusiva municipal, senón compartida ou concorrente con outros órganos dependentes do Estado ou das CCAA ós que aquel lle transferiu as súas competencias, como ocorre coa materia de urbanismo.

Tras esta afirmación, o TS, nunha Sentencia do 27/V/1988<sup>58</sup>, concluíu, con bo criterio, que a propia natureza do urbanismo demanda o control da legalidade pola CA, "sen que sexa preciso a existencia dunha lei autonómica que así o dispoña da comunidade", pois o dito control fai posible a coordinación entre os distintos plans de urbanismo e a súa execución polas entidades locais en concorrencia con outros entes territoriais e de conformidade coas normas de planeamento de superior xerarquía. Pero o TS non é para nada rotundo nas súas afirmacións e conclusións, pois na mesma STS analizada do 05/XI/1986, tras declara-la subsistencia do art. 186 nos termos establecidos na doutrina anterior á STS do 21/II/1986, admite e recoñece a posibilidade de que:

"(...) o lexislador, ó promulgar unha nova Lei de réxime local, realice os axustes pertinentes para darlle eficacia absoluta ó principio de autonomía declarado polos artigos 137 e 140 da Constitución<sup>59</sup>".

No mesmo sentido, a STS do 28/XI/1986 sinala:

"(...) en espera de que se promulgue unha definitiva Lei de bases do réxime local (...) non se pode soste que se atente a esa constitucional autonomía municipal polo mantemento en vigor da fiscalización gubernativa da legalidade, non de maneira xeral e indiscriminada da actuación municipal en calquera caso, como ocorría no antigo sistema<sup>60</sup>, senón só naqueles casos nos que, como ocorre co controvertido art. 186 (...) <sup>61</sup>".

E é así como o fixo o lexislador de réxime local de 1985 a partir do marco descentralizado de competencias instaurado

<sup>56</sup> Cfr. STS 28/XI/1986 (Arzdi. 6593).

<sup>57</sup> Cfr. SSTS 15/VI/1983 (Arzdi. 3530), f.x. 4. No mesmo sentido, as SSTS do 2/IV/1981 (Arzdi. 1810), STS 24/II/1984 (Arzdi. 1190), STS 16/V/1984 (Arzdi. 3110), STS 17/X/1984 (Arzdi. 4999), STS do 20/XII/1984 (Arzdi. 6701), STS 2/I/1985 (Arzdi. 399), STS 3/X/1985 (Arzdi. 6229), STS 28/X/1985 (Arzdi. 5323), STS 5/XI/1986 (Arzdi. 7809), STS 28/XI/1986 (Arzdi. 6593), STS 24/IV/1987 (Arzdi. 4758), STS 27/V/1988 (Arzdi. 4512).

<sup>58</sup> Cfr. Arzdi. 4512, f.x. 3.

<sup>59</sup> Vid. STS 5/XI/1986 (Arzdi. 7809), f.x. 3.

<sup>60</sup> Cfr. arts. 362, 363, 364, 365, 366 e 368 da LRL de 1955 e 224 da LS de 1956, expresamente derogados pola Lei 40/1981 de réxime xurídico das corporacións locais e polo TRS de 1976, respectivamente.

<sup>61</sup> Cfr. Arzdi. 6593, f.x. 2.

pola CE e do recoñecemento da autonomía das distintas entidades para a xestión dos seus respectivos intereses.

Agora ben, incluso trala promulgación da Lei de bases de réxime local de 1985, o TS non confirmou a súa doutrina xeral, debendo estar non só á CE, senón, principalmente, ós arts. 65 e 66 da LBRL de 1985 para resolver sobre a lexitimidade e a constitucionalidade daquelas normas autonómicas que prevegan a facultade de suspensión dos actos ou acordos locais como técnica de control da legalidade urbanística, tal e como manifestou o TC de forma constante.

Así, esa falta de uniformidade nas súas manifestacións mantense trala LBRL de 1985, chegando aínda máis lonxe, pois a súa xurisprudencia posterior non só segue alternando de criterio, senón que para sentalos seus anteriores posicionamentos a favor de tal facultade, perfila aínda máis a súa configuración, ata chegar incluso a contradicirse. Así nunha STS do 24/IV/1987<sup>62</sup> afirmaba que:

“(…) o carácter especial e, en todo caso *cautelar* do expediente de suspensión regulado no art. 186 do vixente Texto refundido da Lei do solo, que faculta unicamente a Administración para a adopción de tal medida, sen que poida efectuar un ulterior control da legalidade da licenza, que lle queda deferido ós tribunais do contencioso-administrativo a través do procedemento especial prescrito no art. 118 da Lei xurisdiccional”.

Pola súa parte, nunha STS do 27/V/1988<sup>63</sup>, sinalábase que sendo da competencia da CA as facultades atribuídas ós órganos do Estado pola Lei do solo (LS de 1976), a problemática relacionada co seu exercicio mediante a suspensión dos acordos e actos das entidades locais debe ser resolta no sentido de que esa intervención é compatible co principio de autonomía das corporacións locais, se ben, condicionada á suspensión ó inicio do proceso especial de revisión xurisdiccional do art. 118 ó que se remite o art. 186.

En consecuencia, afirmábase que o dito precepto non se contradí coa CE, cando concorran os requisitos esixidos no mesmo, sen que a CA para exercitar tal facultade teña que acudir ó procedemento regulado no art. 8 da Lei do 28/X/1981–hoxe arts. 63, 64, 65 e 66 da LBRL de 1985–, pois a mesma non derogou, dado o carácter específico da LS, o réxime xurídico de suspensión e impugnación dos acordos en materia de urbanismo adoptados polas corporacións locais, que comprende a suspensión de actos e de acordos que infrinxan o ordenamento urbanístico<sup>64</sup>.

Así o confirmou, con rotundidade o TS nunha Sentencia do 06/II/1988<sup>65</sup>. Tras afirmar que a facultade prevista no art. 186

<sup>62</sup> Cfr. SSTS 24/IV/1987 (Arzdi. 4758), 15/VI/1983 (art. 3530).

<sup>63</sup> Cfr. Arzdi. 4512.

<sup>64</sup> En concreto, cando se trata da suspensión de licencias ou ordes de execución, é necesario que tal infracción sexa grave e manifesta (Arzdi. 186); Cfr. SSTS 20/VI/1983 (Arzdi. 3612); 15/VI/1983 (Arzdi. 3530); 16/V/1984 (Arzdi. 3110); 27/I/1985 (Arzdi. 399); 05/XI/1986 (Arzdi. 7809); 27/V/1988 (Arzdi. 4512).

<sup>65</sup> Cfr. Arzdi. 775, f.x. 1 e 2.

da LS de 1976 é totalmente aplicable ás licencias outorgadas polas CPU, e incluso ós supostos nos que a licenza se obtén por silencio positivo<sup>66</sup> tras denuncia da mora ás ditas comisións, por canto, traspasada a elas a competencia, o acto é atribuíble ás mesmas<sup>67</sup>, declaraba:

"A subsistencia da potestade suspensiva do expresado artigo 186 non obstante a promulgación da Lei reguladora das bases do réxime local do dous de abril de 1985 (...) se xa era afirmable durante a curta vixencia do Real decreto-lei 3/1981, do dezaseis de xaneiro, e durante a vixencia da Lei 40/1981, do vinteito de outubro, tamén ha de selo despois da entrada en vigor da Lei 7/1985, do 2 de abril, nos artigos 63 a 66 da mesma regulase un réxime impugnatorio en substancial coincidencia co da anterior lei".

Tratábase dun suposto de suspensión dunhas obras iniciadas ó amparo dunha licenza, e sinalaba este tribunal, dende un punto de vista procesual que:

"(...) o establecemento dun sistema de reacción fronte a obras en curso de execución provistas de licenza que implica unha suspensión preventiva delas (...), non supón unha arbitrariedade non impugnabile máis que nun proceso ordinario e a instancia do agraviado, senón que por remisión da propia lei (art. 186.3), *constitúe unha facultade que de inmediato se somete de oficio a un proceso xudicial de breve duración*, o disposto no artigo 118 da Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa<sup>68</sup>".

Pero as vacilacións e contradicións volven xurdir no seo deste mesmo tribunal, e o grave é que non só durante o mesmo ano, senón na mente do responsable de decidir sobre un mesmo suposto.

E o caso da STS do 21/XII/1988<sup>69</sup>, respecto da STS citada anteriormente do 06/II/1988, cando acepta e traslada a doutrina sentada polo TC na súa Sentencia 213/1988, conforme á cal as CCAA *carecen de competencia para suspender los acordos das corporacións locais en materia de urbanismo por suprimirse a súa anterior potestade (a prevista no art. 186 LS de 1976) trala promulgación da LBRL 7/1985, ó reservarse esta ós tribunais cando as mesmas os impugnen, conforme os arts. 65 e 66 da citada lei*.

Ó meu xuízo, esta é a solución máis correcta por se-la máis acorde co principio de autonomía local consagrado na CE; autonomía que, en virtude do ordenamento urbanístico vixente, é aplicable á competencia dos municipios no outorgamento de licencias urbanísticas (art. 343 TRLS de 1992<sup>70</sup>).

Ademais, o propio TS resaltou, en varias ocasións, que o municipio é:

<sup>66</sup> Así, nun suposto de solicitude de licenza urbanística no que o concello como órgano competente para outorgala non contesta, ben concedéndoa ou denegándoa, entenderase obtida por silencio administrativo positivo. Agora ben, se o dito acto administrativo é contrario ó planeamento urbanístico e ó concello, óptase por denega-la licenza adquirida por silencio, o mesmo deberá acudir ó procedemento de revisión de oficio previsto na Lei 30/1992.

<sup>67</sup> No mesmo sentido, as SSTS 15/III/1983 (Arzdi. 1437) e 13/III/1984 (Arzdi. 1328).

<sup>68</sup> Vid. STS do 6/II/1988 (Arzdi. 775), f.x. 2. No dito proceso no que interveñen as partes interesadas e o avogado do Estado decídese con plenas garantías, as mesmas que se se tratase dun proceso ordinario, acerca do levantamento da suspensión acordada ou da anulación da licenza.

<sup>69</sup> Cfr. Arzdi. 10215, f.x. 2. No mesmo sentido, a STS do 16/II/1992 (Arzdi. 532).

<sup>70</sup> Cfr. Arzdi. 178 LS de 1976.

■ A primeira entidade pública natural, entre tódalas existentes, incluso o Estado, a quen lle procedeu no curso da Historia, merecedora, por natureza, do respecto dunha vida propia, se ben dentro do imperio do ordenamento superior<sup>71</sup>.

■ A entidade onde se pode mellor exercer, pola inmediatez do elemento humano que a integra, a vida democrática<sup>72</sup>.

■ A entidade que mellor pode interpreta-la normativa aplicable ó caso concreto, de acordo coa realidade social do tempo na que a mesma debe ter efectividade, conforme ó art. 3.1 do Código civil<sup>73</sup>.

Non obstante estas razóns de carácter extraxurídico nas que, así mesmo, me apoio para comparti-la doutrina sentada polo TC e acollida, nalgunhas ocasións polo TS, existe un dato que é obvio: a materia de urbanismo non é competencia exclusiva dos entes locais, senón, como xa se viu, concorrente coas CCAA e, no seu caso co Estado.

Pero isto non lexitima a Administración autonómica para levar a cabo un control de legalidade mediante a suspensión previa e directa dos efectos dun acto ou acordo adoptado pola entidade local no exercicio das súas propias competencias, como é a competencia para outorgar licencias urbanísticas, pois no caso de estimar unha infracción da legalidade urbanística, a CA –se se quere, en calidade de Administración tutelante– poderá impugnar tales acordos ante a xurisdicción contencioso-administrativa, nos termos previstos nos arts. 65 e 66 da LBRL de 1985, a diferenza do que permite a LXCA de 1956.

Polo tanto, conforme ó ordenamento xurídico que se debe ter en conta nesta materia, isto é, a lexislación básica de réxime local dictada polo Estado en desenvolvemento da competencia que ó mesmo lle atribúe a CE no seu art. 148.1.18<sup>a</sup><sup>74</sup>, só a título excepcional, cabe tal potestade, cando os actos ou acordos das entidades locais “atenten gravemente contra o interese de España”, atribuíndoselle neste suposto de carácter extraordinario, a facultade de suspensión ó delegado do Goberno da comunidade (art. 67 LBRL<sup>75</sup>), ou ben cando constituía unha simple medida cautelar que non comporte un control de legalidade.

### c') *Apuntamentos doutriniais.*

A maior parte da doutrina española que se ocupou do tema, estima que falar dunha exclusión xeneralizada de calquera intervención supramunicipal neste sentido non é unha consecuencia directa do recoñecemento da autonomía local operado pola CE e pola LBRL de 1985, na medida no que isto, como sinalou Tomas-Ramón Fernández, é contrario, coa “obvia conco-

<sup>71</sup> Cfr. STS 25/1/1989 (Arzdi. 486), f.x. 5.

<sup>72</sup> Cfr. *Ibidem*.

<sup>73</sup> Cfr. STS 16/V/1984 (Arzdi. 3110), f.x. 5.

<sup>74</sup> Neste sentido, Cfr. STS 25/1/1989 (Arzdi. 486), f.x. 8.

<sup>75</sup> Así o afirmou o TS nunha STS 25/1/1989: “O problema, pois, desemboca na determinación de cal sexa o ordenamento que o municipio (...) teña que ter en conta e respectar. Ordenamento que non pode ser outro que o que se ocupa de regularlo réxime xurídico das corporacións locais, posto que a el lle pertence, e ademais como cuestión de orde pública, o sistema de recursos fronte ós actos das mesmas por parte da Administración do Estado, das comunidades autónomas, e, no seu caso, do respectivo delegado do Goberno –arts. 64 a 67 da Lei 7/1985, do 2 de abril–; sistema que non permite a suspensión previa por parte das ditas entidades públicas, a diferenza do permitido no art. 118 da Lei xurisdiccional, xa que só a título excepcional llo consente no citado art. 67 cando os actos ou acordos ‘atenten gravemente contra o interese xeral de España’, atribuíndolle a facultade suspensiva ó delegado do Goberno na comunidade” (Arzdi. 486, f.x. 6).

trancia de intereses de diferente nivel nas decisións relativas á ordenación territorial e urbana<sup>76</sup>.

Para fundamentar tal posicionamento, o citado autor apóiase no que el denomina a "singularidade do urbanístico" e na súa necesidade de garantir un adecuado equilibrio entre os distintos intereses públicos concorrentes, a definición dos cales non se pode deixar unicamente ó arbitrio dos concellos coa ulterior revisión en vía xurisdiccional dos acordos destes, sen que proceda unha intervención de orde superior sobre os mesmos.

Compartindo a postura do TS adoptada na Sentencia 13/VII/1990<sup>77</sup> (en materia de aprobación do planeamento urbanístico), o dito autor cre que, con ela, este tribunal, "afortunadamente", logrou encontrar tralas súas continuas vacilacións sobre este tema "un punto de equilibrio entre as esixencias que derivan do principio constitucional de autonomía municipal e os requirimentos, tamén inescusables, que resultan da necesaria integración nun marco supramunicipal da pluralidade de intereses e de perspectivas que é característica da ordenación territorial"<sup>78</sup>.

Neste mesmo sentido, pronúnciase Parejo Alfonso, ó cualificar de falsa e disfuncional a idea dunha "incompatibilidade constitucional de principio entre a dita autonomía local e a aplicación de técnicas de control gubernativo"<sup>79</sup>:

■ Disfuncional, por canto a grande maioría dos municipios españois non son máis que pequenos núcleos de poboación.

■ Falsa, tendo en conta a complexa estrutura dos intereses públicos en presenza "o entrecruzamento dos cales - sinala o citado autor- impide considera-la actitude da Administración local como pertencente exclusivamente ó círculo dos seus propios intereses e, polo tanto, da súa soa responsabilidade, actuable, no seu caso, xurídica e politicamente polos cidadáns<sup>80</sup>".

Esta postura deféndeaa, así mesmo Fanlo Loras, quen dende unha perspectiva estritamente competencial, afirma que "os principios que xustifican a existencia desta actividade de tutela da legalidade urbanística local teñen o seu fundamento na consideración do urbanismo como unha función pública que afecta ós intereses xerais da comunidade. Unha correcta concepción desta esixe unha ordenación global do territorio" e engade que "dende o punto de vista da distribución de competencias nesta materia, iso se traduce nun sistema de competencias concorrentes entre os municipios e o Estado, substituído polas comunidades autónomas<sup>81</sup>".

<sup>76</sup> Vid. TOMAS-RAMÓN FERNÁNDEZ, *Manual de Derecho Urbanístico*, Ed. El Consultor, (11<sup>a</sup> ed.), Madrid, 1995; páxs. 40-41; GARCÍA DE ENTERRÍA e PAREJO ALFONSO, *Lecciones de Derecho Urbanístico*, Ed. Civitas, (2<sup>a</sup> ed.), Madrid, 1981, páxs. 122 e segs.

No mesmo sentido pronunciábanse as CCAA nas SSTC analizadas en defensa da admisión da dita potestade de suspensión.

<sup>77</sup> Cfr., Arzdi. 6034.

<sup>78</sup> Vid. TOMAS-RAMÓN FERNÁNDEZ, *Manual de Derecho Urbanístico*, Ed. El Consultor, (11<sup>a</sup> ed.), Madrid, 1995, páx. 41.

<sup>79</sup> Vid. PAREJO ALFONSO, L., "La autonomía local en la Constitución", *Tratado de Derecho Municipal*, Ed. Civitas, (vol. I), Madrid, 1988, páx. 79.

<sup>80</sup> Cfr. PAREJO ALFONSO, L., *op. cit.*, páx. 94.

<sup>81</sup> Vid. FANLO LORAS, "La disminución de las medidas de protección de la legalidad urbanística: ¿Está derogado el art. 186 de la Ley del Suelo?", *RAP*, n.º. 111, 1986, páx. 221.



Agora ben, dende un punto de vista crítico, cabe reformularse esta postura baseándose nas seguintes razóns:

1º. En primeiro lugar porque se trata de actos ou de acordos, a competencia dos cales lle corresponde á entidade local, nos que, se ben, poden concorrer intereses supralocais: nacionais, rexionais ou provinciais –concorrenza perfectamente compatible co principio de autonomía municipal consagrado no art. 140 CE<sup>82</sup>–, iso non lexitima a autoridade autonómica para exercer tal potestade de suspensión como manifestación dun control administrativo de legalidade, pois en tal caso, o TC admitiu a posibilidade de que a CA acorde a dita suspensión como medida cautelar dirixida á defensa dos seus propios intereses<sup>83</sup>.

2º. En segundo lugar, porque a lexislación básica estatal permítelles e recoñécelles, expresamente, ás CCAA, cando estimen contrarios á legalidade os acordos dictados polas entidades locais, a posibilidade de impugna-los mesmos ante uns órganos neutrais como son os tribunais para que estes, de forma imparcial, resolvan sobre a súa legalidade ou ilegalidade.

3º. Con base na falta de medios materiais e económicos que padecen a maioría dos municipios españois que, en ocasións, podería xustificar intervencións fiscalizadoras de instancias superiores, sería conveniente unha clasificación destas entidades locais, non só como estableceu a lexislación, en función do seu número de habitantes (menos de 25.000 habitantes e máis de 25.000 habitantes, utilizándose nos primeiros, mecanismos de reacción máis atenuados), senón dende un punto de vista material e económico a prol de admitir determinadas formas de tutela por parte das CCAA<sup>84</sup>.

4º. Por último, porque a maioría dos autores que abordaron este tema expoñen dende unha perspectiva distinta ó ámbito da disciplina urbanística, pensando, sobre todo, no control autonómico sobre o planeamento urbanístico que tanto o TC como o TS admitiron cunha serie de limitacións, distinguindo os aspectos regulados dos discrecionais do plan, para pronunciarse sobre a posibilidade dun control de legalidade ou de oportunidade sobre os mesmos, tendo en conta a titularidade compartida polos municipios e as CCAA no planeamento urbanístico<sup>85</sup>.

Pola contra, recoñecerlles, con carácter xeral, ás CCAA, unha potestade de control sobre este tipo de actos adoptados polas entidades locais pertencentes ó seu propio ámbito territorial, non só vulneraría a garantía institucional da autonomía local, senón que entrañaría xuízos arbitrarios en función de criterios, non tanto xurídicos como, fundamentalmente, de carácter político, materializados en actuacións interesadas sobre a or-

<sup>82</sup> Cfr. STS do 21/VII/1986 (Arzdi. 231), f.x. 1.

<sup>83</sup> Cfr. STC 36/1994, do 10 de febreiro, f.x. 3.

<sup>84</sup> De feito, o TC declarou conforme á CE, o control de oportunidade autonómico en materia económico-financeira na STC 5/1981, do 2 de febreiro.

<sup>85</sup> A diferenza do que acontece en materia de licencias urbanísticas, en canto competencia específica das entidades locais, en materia de planeamento, a potestade de titularidade compartida entre aqueles e as CCAA derivase da diversidade de intereses presentes no campo do urbanismo, o que fai, que a intervención da CA neste aspecto do urbanismo sexa perfectamente compatible co principio constitucional de autonomía local. De especial interese neste sentido é a STS do 13/VII/1990 (Arzdi. 6034).

denación urbanística dos municipios españois, as decisións dos cales se ven, frecuentemente, atadas pola autoridade autonómica competente.

En conclusión, o principio de autonomía das corporacións locais, como admitiu o TC, é compatible coa existencia dun control de legalidade sobre o exercicio das súas competencias, realizado nos casos e nas formas predeterminadas polo lexislador, xa sexa estatal ou autonómico, tendo en conta a superioridade do Estado e das CCAA sobre as entidades locais.

Pero isto, *sempre e cando non se trate dun control de carácter xenérico e indeterminado que sitúe os entes locais nunha posición de subordinación ou de dependencia xerárquica respecto da Administración superior*, senón de controis de carácter concreto, referidos, normalmente, a supostos nos que o exercicio das competencias da entidade local incidan en intereses xerais concorrentes cos daquelas<sup>86</sup>.

### **3. A potestade revisoria de acordos municipais en materia de urbanismo**

Constitúe un suposto de extralimitación na potestade refundidora do executivo de 1992, a regulación da facultade do exercicio da potestade revisora dos acordos municipais en materia de licencias urbanísticas por subrogación do Estado ou das CCAA ante a pasividade das corporacións locais, unha vez requiridas, para que inicien un procedemento de revisión de tales acordos.

Esta extralimitación dérivase de que tales artigos traen causa dos arts. 5.4, 187.2 e 188.3 do TRLS de 1976, derogados pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ó excluír do sistema de impugnación dos actos e acordos das entidades locais pola Administración do Estado ou a CA correspondente, todo mecanismo de revisión administrativa de tales actos por unha Administración distinta da que os dictou.

É dicir, neste suposto rexe novamente a regulación da LBRL de 1985 no sentido de que o Estado e a comunidade autónoma, unicamente, poderán impugnar directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, os actos e acordos das corporacións locais que infrinxan o ordenamento xurídico nos termos dos arts. 65, 66 e 67 da LBRL.

Agora ben, a súa inclusión no texto legal vixente, ex. arts. 252 e 254, obriga a considerar este aspecto, en canto preceptos aplicables, polos problemas que suscita na práctica.

<sup>86</sup> Cfr. SSTC 4/1981, do 2 de febreiro, f.x. 2; 27/1987, do 27 de febreiro, f.x. 3.

Así, de acordo co art. 252 (precepto de carácter supletorio): "Nas actuacións sen licencia ou orde de execución, as medidas reguladas nesta sección serán acordadas polo órgano autonómico competente, se unha vez requirido o concello para estes efectos, non as adoptase no prazo dun mes, comezado a contar dende a recepción do requirimento".

Pola súa parte, o art. 254.1, de aplicación plena, dispón:

"1. As licencias ou ordes de execución, o contido das cales constitúa manifestamente algunha das infraccións urbanísticas graves definidas nesta lei deberán ser revisadas dentro dos catro anos dende a data da súa expedición pola corporación municipal que as outorgou a través dalgún dos procedementos do art. 110 da Lei de procedemento administrativo".

Dunha interpretación sistemática de ámbalas disposicións, cabe concluír que o texto legal lles atribúe ás CCAA a facultade de *subrogarse* no exercicio da potestade revisoria dunha licencia urbanística ou orde de execución ilegal, cando requirido o concello que adoptou o dito acordo para que leve a cabo a revisión do mesmo, non o faga no prazo dun mes dende tal requirimento. Neste caso o órgano autonómico competente deberá revisa-lo dito acordo dentro dos catro anos seguintes á data do seu outorgamento pola corporación municipal.

A subrogación pola CA na competencia municipal analizada alcanza tanto a incoación, como a tramitación e resolución do procedemento de revisión.

Agora ben, para entende-la dita extralimitación operada polo lexislador estatal nesta materia, o xuízo de constitucionalidade da cal constitúe unha tarefa pendente do TC, debe partirse na súa análise dos preceptos dos que traen causa os arts. 252 e 254 do TR de 1992, que son os arts. 187.2 e 188.3 do Texto refundido da Lei do solo e ordenación urbana de 1976.

Conforme ó art. 5.4 do TR de 1976<sup>87</sup>, en tales artigos préviase a facultade de subrogación da Comisión Provincial de Urbanismo e, no seu defecto, do titular do Ministerio da Vivenda, no exercicio da competencia revisora da corporación local, das licencias e ordes de execución, o contido das cales constitúe manifestamente algunha infracción urbanística grave, cando a corporación municipal non exercitase tal potestade no prazo dun mes dende a comunicación (requirimento) do gobernador civil para estes efectos (art. 187.2 e 188.3 TR de 1976).

Permitíase, polo tanto, a subrogación da Administración do Estado no exercicio de competencias da Administración local cando esta non as exercitase axeitadamente ou cando resultasen afectados intereses superiores.

<sup>87</sup> En virtude do cal, "os órganos urbanísticos fomentarán a acción das corporacións locais, cooperarán no exercicio da competencia que lles confire a Lei de réxime local e *subrogaranse nela cando non a exercesen adecuadamente ou o seu cometido exceda das súas posibilidades*"

Coa promulgación da Constitución de 1978 e, fundamentalmente a raíz da LBRL de 1985, a situación anterior cambia de forma radical.

O recoñecemento constitucional e a garantía institucional da autonomía local prevista nestas normas, exclúe todo tipo de actos ou medidas adoptadas polo Estado ou as CCAA que comporten a suspensión ou a privación dos efectos de acordos locais, autorizándolles, como xa se viu, unicamente, a estas administracións superiores a posibilidade de impugnalos mesmos ante a xurisdicción contencioso-administrativa, con ou sen previo requirimento da corporación local, segundo os casos.

A LBRL de 1985 veu, polo tanto, a suprimirlas medidas de intervención, tutela e control que previa a anterior Lei de réxime local de 1955, así como o TRLS de 1976 e, conseguintemente, quedaron derogados, con anterioridade á reforma urbanística de 1990, os preceptos que regulaban esta materia na LS de 1976, arts. 5.4, 187.2 e 188.3.

Por outra parte, se o principio de autonomía local prevalece, como se indicou, sobre a potestade normativa das CCAA en materia de urbanismo en prol de atribuírlle a potestade de suspensión dos acordos municipais á autoridade autonómica competente, con máis razón debe aplicarse tal principio cando se trata de anular e de deixar sen efecto os mesmos.

Aplicando a doutrina do TC relativa á suspensión dos efectos das licencias ou ordes de execución e a súa incompatibilidade co principio de autonomía local (arts. 137 e 140 CE), analizada no apartado anterior e contida, especialmente, nas SSTC 213/1988 e 259/1988, ás que agora me remito para determina-la constitucionalidade ou inconstitucionalidade desta potestade de revisión por subrogación das CCAA, a afirmación anterior fundaméntase nas razóns seguintes:

■ A diferenza do carácter temporal da suspensión, a revisión de oficio dos acordos municipais produce efectos definitivos.

■ Para acorda-la suspensión de tales acordos é sempre necesario a súa impugnación ante a xurisdicción contencioso-administrativa, mentres que na revisión de oficio, todo o procedemento se desenvolve no seo da Administración.

Convén lembrar que a revisión de oficio que conduce á anulación de actos administrativos declarativos de dereitos só se xustifica cando estes son ilegais.

O órgano competente é, ben a propia entidade local, de oficio, que dictou o acordo cuestionado, ou ben os propios tribunais competentes a instancia de calquera interesado, incluída a CA correspondente (art. 103 LRJPA)<sup>88</sup>, mais xamais se pode

<sup>88</sup> O procedemento de revisión de actos anulables en vía administrativa regúlase no art. 103 da LPC, que distingue dous procedementos distintos de acordo coa anulación de actos declarativos de dereitos:

1º. A anulación, de oficio, pola propia Administración, tralo dictame do Consello de Estado ou órgano consultivo da CA se existise, dos ditos actos cando infrinxan gravemente normas de rango de lei ou regulamentario (é dicir, a lexislación urbanística ou o planeamento urbanístico), ou ben que o procedemento de revisión se inicie antes de transcorridos catro anos dende que foron dictados (art. 103.1).

2º. A anulación polos tribunais contencioso-administrativos, trala declaración de lesividade para o interese público adoptada polo órgano de cada Administración (autonómica ou local) competente na materia e a ulterior impugnación ante esta xurisdicción (art. 103.2 e 4).

admiti-la competencia da CA, no exercicio de facultades subrogadas, para decidir sobre a nulidade de actos ou de acordos municipais.

O TC veu confirma-la inconstitucionalidade dos arts. 252 e 254 do TRLS de 1992, ó declarar inconstitucional –“nulo”– o art. 2.1, parágrafo 2º, da Lei canaria 3/1985, do 29 de xullo, de medidas urxentes en materia de urbanismo e protección da natureza, que establecía unha previsión análoga á contida no art. 187.2 do TR de 1976.

Conforme ó art. 2.1, par. 2º da citada lei canaria:

“Acordada a suspensión polo órgano competente, a mesma poderá ser rematada de oficio ou a instancia de parte, se unha vez comprobados os actos referidos no parágrafo anterior<sup>89</sup>, deles non se deducise un dano para a área obxecto do expediente. Noutro caso poderá concederse a anulación da licencia polo procedemento establecido para a revisión de oficio dos actos administrativos”.

En concreto, o TC na STC 148/1991, do 4 de xullo, apoiándose noutras sentencias anteriores deste mesmo tribunal, declaraba contrario á CE o precepto anterior, expoñendo unha serie de motivos que o xustifican:

a) A potestade que lle outorga este precepto á Administración autonómica non pode exercerse sobre actos emitidos por entidades locais, tanto por razóns lóxicas, como por imperativo constitucional.

■ Por razóns lóxicas, “porque a revisión, como todo acto de xénero revogatorio só pode recaer sobre os actos que foron dictados pola mesma Administración que emite o acto de contrario imperio, ou ó que exerce lícitamente a mesma competencia no exercicio do cal se dictou”.

■ Por imperativo constitucional, porque “a revisión estatal de actos locais definitivos en vía administrativa pereceu coa Constitución, que aboliu a subordinación case xerárquica á que estaban sometidas as corporacións locais”.

b) A posición constitucional dos entes locais, fundada, conforme ós arts. 137 e 140 CE., no carácter representativo dos seus órganos de goberno, así como na xestión autónoma dos seus propios intereses, implica a súa separación e substantivación respecto das administracións do Estado e da súa respectiva CA.

c) O axuízamento da ilegalidade das licencias municipais correspóndelles ós tribunais e no caso concreto de impugnacións interpostas por unha CA, deberá canalizarse polas vías previstas nos arts. 65 e 66 da LBRL.

d) Trátase de actos locais que causan estado, por supoñe-

<sup>89</sup> O parágrafo primeiro do art. 2.1 da citada Lei canaria 3/1985, refírese á suspensión cautelar, decretada de oficio ou a instancia de parte, dos actos de uso do solo e da edificación exercitados por particulares e empresas públicas ou privadas, incluso cando os ditos actos estean amparados por licencia ou autorización previa.

ren o exercicio de competencias propias que a lexislación urbanística vixente configura como exclusivamente locais. Distinto sería que o municipio estivese exercendo competencias delegadas, ou de xestión ou de execución compartidas con facultades estatais ou autonómicas de decisión definitiva ou resolutoria, como é o caso da potestade de planeamento urbanístico.

En conclusión, o executivo de 1992 non se debeu basear na LS de 1976 para realiza-la súa regulación, en concreto, nos citados arts. 5.4, 187.2 e 188.3 da dita lei pois, nese momento, os mesmos encontrábanse derogados pola LBRL de 1985; derogación que, posteriormente, confirmou o TC, na que declaraba inconstitucionais aquelas disposicións autonómicas que lle atribuían a potestade de revisión de oficio de acordos locais á CA.

#### **4. A incidencia da LRRU 8/1990 e do TRLS de 1992 no réxime local**

Trala reforma da lexislación urbanística operada pola Lei 8/1990, do 25 de xullo, Texto refundido de 30 de xuño de 1992, desaparece do seu contido normativo, de acordo coa LBRL de 1985 e asumindo a doutrina sentada polo TC –e compartida, ás veces, polo TS–, toda referencia ás facultades de suspensión e revisión dos actos e acordos locais polas autoridades autonómicas, coa excepción prevista no seu art. 252 relativa á posibilidade de subrogación da CA en caso de falta de reacción municipal fronte ás actuacións sen licencia ou orde de execución.

Por outra parte, a lexislación urbanística autonómica que consideraba esta facultade –Lei madrileña de disciplina urbanística, do 10 de febreiro de 1984; Lei galega de adaptación do solo a Galicia, do 22 de agosto de 1985; Lei murciana, sobre distribución de competencias en materia de urbanismo entre os órganos da CA, do 23 de maio de 1986 e Lei asturiana, reguladora da disciplina urbanística do 8 de abril de 1987–, quedou desprazada agora, non só pola LBRL de 1985 que, como declarou o TC en repetidas ocasións, eliminou os controis gubernativos de legalidade sobre a actividade dos entes locais, senón tamén polos arts. 254.1 e 255.2 do Texto refundido vixente, por ter carácter de aplicación plena, en virtude da súa disposición final única, número 2.

Así, a teor do art. 254.1 TRLS de 1992: “As licencias ou ordes de execución, o contido das cales constituía manifestamente algunha das infraccións urbanísticas graves definidas nesta lei

deberán ser revisadas dentro dos catro anos dende a data da súa expedición pola corporación municipal que as outorgou a través dalgún dos procedementos do art. 110 da Lei de procedemento administrativo”.

A remisión feita ó art. 110, precepto derogado pola LPC 30/1992, debe entenderse feita ós arts. 102, 104 e 106 desta última<sup>90</sup>.

Pola súa parte, o art. 255.2 TRLS de 1992, dispón:

“As licencias ou ordes de execución que se outorgaren con infracción da zonificación ou uso urbanístico das zonas verdes ou espazos libres previstos nos plans serán nulas de pleno dereito.

Mentres as obras estivesen en curso de execución procederase á *suspensión dos efectos* da licencia e á adopción das demais medidas previstas no artigo 253. Se as obras estivesen rematadas procederase á súa anulación, de oficio polos trámites previstos no artigo 109 da Lei de procedemento administrativo” (hoxe arts. 102 a 106 LRXPA).

Polo tanto, conforme á lexislación urbanística vixente, unicamente cabe tal potestade de control gubernativo por parte da CA no suposto considerado no art. 252 do TRLS de 1992; precepto de aplicación supletoria en defecto de regulación autonómica, en virtude do cal:

“Nas actuacións sen licencia ou orde de execución, as medidas reguladas nesta sección (tendentes á protección da legalidade urbanística) acordaraas o órgano autonómico competente, se requirido o Concello para estes efectos, non as adoptase no prazo dun mes, comezado a contar dende a recepción do requirimento”.

Entre tales medidas encóntrase a suspensión inmediata das obras de edificación que se estivesen executando sen licencia ou sen axustarse ás suás determinacións (art.248, precepto de carácter básico), en tal caso, ante a inactividade do órgano municipal competente (concello) que outorgase a licencia, durante o prazo dun mes, a contar dende o seu requirimento, o órgano autonómico competente procederá a acordala suspensión das mesmas co obxecto de restaurala legalidade urbanística vulnerada.

Esta intervención da autoridade de tutela a través da subrogación no exercicio de competencias locais<sup>91</sup>, podería xustificarse pola concorrencia de intereses públicos de diversa índole, de forma que a actitude negligente ou omisiva da entidade en principio competente, ou simplemente a incapacidade de xestión ou a insuficiencia de medios da mesma, non impida lograr un correcto desenvolvemento dos distintos intereses sectoriais afectados.

Por esta razón, entendo que a subrogación se debe encadrar non tanto como unha técnica ou mecanismo de control –prohi-

<sup>90</sup> Cfr. Disposición derogatoria 4 da Lei 30/1992 e art. 53 LBRL de 1985.

<sup>91</sup> O Texto refundido da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana do 9 de abril de 1976, xa prevía a subrogación dos organismos urbanísticos estatais (con funcións, esencialmente, de tutela e control sobre as competencias locais) nas competencias que a dita lei lles atribuíra ás corporacións locais (art. 5.4).

Esta configuración legal respondía a un principio básico que resumiu o TS nunha Sentencia do 03/III/1978 (Arzdi. 860, Considerando 1): “A actuación dos organismos urbanísticos estatais será primordialmente para o fomento da acción das corporacións locais, coas cales cooperarán no exercicio das competencias que lles confire a lei, e *subrogaranse* só nelas cando non as exercitaren axeitadamente e o seu cometido exceda das súas posibilidades: é dicir, a lei atópase articulada sobre a base de recoñecemento da *autonomía municipal*, a cal se desenvolve sobre un sistema de tutela estatal que só chega á subrogación ou avocación de funcións cando iso se insta desde as propias administracións locais en razón a que os cometidos por desenvolver excedan das súas posibilidades ou cando a causa do abandono das súas funcións non exercitaren estas adecuadamente”.

Cfr. GONZÁLEZ PÉREZ, J.: *Comentarios a la Ley del Suelo*, Ed. Civitas, (6ª ed.) Madrid, 1993, páxs.98 e ségs., sinala: “...a pesar das fórmulas solemnes co que se consagra a autonomía municipal, o certo é que o Estado e as comunidades autónomas, no

bidas, con carácter xeral, pola LBRL- senón como unha garantía do correcto exercicio das funcións públicas, entre a que se inclúe a función pública urbanística, establecida en favor dos cidadáns, sempre e cando non sexa contraria ó principio constitucional de autonomía local<sup>92</sup>.

Agora ben, o art. 252 só prevé tal facultade no suposto de obras en curso de execución realizadas sen licencia ou orde de execución ou sen axustarse ás determinacións da mesma (art.248), pero non cando, se se realizan obras ó amparo dunha licencia ou orde de execución, o contido dos ditos actos administrativos constituía manifestamente unha infracción urbanística grave; suposto que regulaba o anterior art. 186 do TRLS de 1976.

Se o suposto que considera expresamente o TRLS de 1992 ten a súa lóxica xustificación na necesidade de adecuación de toda obra ó planeamento urbanístico en vigor, cabería pois, por analogía, entender aplicable tal potestade de subrogación da CA nos supostos de obras iniciadas ó amparo dunha licencia ou orde de execución, cando o contido dos ditos actos administrativos constituía manifestamente unha infracción urbanística grave, previsto no art. 253. 1 e 2 TRLS, en virtude do cal:

“1. O alcalde disporá a suspensión dos efectos dunha licencia ou orde de execución e conseguintemente a paralización inmediata das obras iniciadas ó seu amparo, cando o contido dos ditos actos administrativos constituía manifestamente unha infracción urbanística grave.

2. O alcalde procederá no prazo de tres días, a darlle traslado directo do dito acordo á Sala do contencioso-administrativo competente, para os efectos previstos no artigo 118 da Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa”.

Así, cabería preguntarse se pode aplicarse por analogía a subrogación autonómica neste suposto no que se lle atribúe á corporación local a potestade de suspensión dos efectos de actos e acordos dictados por ela mesma, sen que, en principio, a Administración autonómica teña ningún tipo de intervención ou control sobre os mesmos.

O TS, con grande acerto, deu a resposta nunha recente Sentencia do 16/II/1993<sup>93</sup>, partindo da doutrina establecida polo TC, na que declaraba que:

“As CCAA carecen de competencia para suspender los acuerdos das corporacións locais en materia de urbanismo por se suprimiren a súa anterior potestade trala promulgación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, conforme ós seus arts. 65 e 66. Agora ben esta doutrina non é aplicable ós supostos (...) nos que a expresada facultade de suspensión se exerce, non por unha comunidade autónoma, senón polo propio alcalde do concello concedente da licencia, ó amparo do núm. 1 do citado art. 186<sup>94</sup>”.

exercicio das potestades en materia urbanística, poden subrogarse na competencia municipal nos supostos previstos nas leis”; TEJEDOR BIELSA, J.C., “La subrogación como técnica de protección de la legalidad urbanística en la legislación autonómica” *REALA*, n.º. 259, 1993, páxs. 547 e segs.

<sup>92</sup> Entre a doutrina científica máis destacada que aborda seriamente o tema, *vid.* PAREJO ALFONSO, L., “Relaciones interadministrativas y de conflicto en la Ley Básica de Régimen Local”, *REALA*, n.º. 223, 1988, e “La Autonomía local en la Constitución”, *Tratado de Derecho Municipal*, Ed. Civitas, vol. I, Madrid, 1989, páxs.94 e 95, requirindo para tal subrogación a concurrencia de determinados requisitos de tipo material e procedementa; BERMEJO VERA, “El control de las decisiones locales”, *Tratado de Derecho Municipal*, vol.I, páxs. 537-579; NIETO, A., “Impugnación jurisdiccional de actos y acuerdos de las Entidades locales”, *RAP*, n.º. 115, 1988, páxs. 7 e segs.; SÁNCHEZ MORÓN, *La autonomía local*, Madrid, 1990, pág. 221; TORRES MAS, J., “La actividad de control sobre las Entidades locales”, *Informe sobre el Gobierno local*, Ed. MAP, Madrid, 1992, páxs. 97 e segs.

<sup>93</sup> Cfr. Arzdi. 532, f.x. 4.

<sup>94</sup> Cfr. no mesmo sentido, as SSTs do 22/I/1988 (Arzdi. 335); 06/II/1988 (Arzdi. 775), 07/XI/1991 (Arzdi. 8797).



É dicir, a facultade que o art. 186.1 do TR de 1976 lle outorgaba ó alcalde e que agora outorga o vixente art. 253.1, para dispoñe-la suspensión dos efectos dunha licenza cando o contido da mesma constitúa manifestamente unha infracción urbanística grave, debe estimarse vixente, sen que a iso obste o disposto nos arts. 65 e 66 da LBRL, así como a súa disposición derogatoria e), nin a xurisprudencia do TC neste sentido.

E isto, porque se ben o TC estableceu que a alínea 2ª do art. 186 non pode prevalecer fronte ó principio de autonomía local consagrado na CE (arts. 137 e 140), na medida en que a súa aplicación poida supoñer unha intromisión indebida dun órgano estatal ou autonómico na esfera de competencias estritamente locais, non cabe dici-lo mesmo respecto da alínea 1ª do citado artigo, o cal, como sinalou o TS:

“(…) vén reforza-la (...) autonomía da corporación que acorda a suspensión dunha licenza outorgada, en virtude de subrogación, por un órgano da Administración autonómica<sup>95</sup>”.

Polo tanto, conforme a esta máis recente xurisprudencia, a clave está en distingui-lo acto administrativo de outorgamento de licencias do acordo de suspensión dos efectos da mesma:

a) O *acto administrativo de outorgamento dunha licenza urbanística* é, nun principio, unha competencia natural e específica da corporación local, sobre a que cabe a subrogación do órgano autonómico competente (a CPU ou órgano especificamente previsto polos distintos lexisladores autonómicos para tales efectos) ante a pasividade municipal<sup>96</sup>.

Así, cando unha licenza de obras a outorga a CPU, o concello competente inicialmente para outorgala queda vinculado plenamente polo acto declarativo de dereitos que constitúe a licenza, de forma que para os efectos do réxime de recursos ou control, as decisións que adopten os ditos órganos autonómicos mediante xustificada subrogación no exercicio da competencia municipal, se considerarán actos da corporación titular<sup>97</sup>, sen desviar, por conseguinte o centro de imputación de responsabilidade.

A virtualidade e eficacia da fórmula subrogatoria consiste en que a través da mesma se consegue unha substitución puntual no exercicio dunha determinada competencia municipal suxeita a un límite temporal concreto, sen que iso signifique priva-lo concello dunha competencia natural (como é o caso do outorgamento de licencias), senón que co dito mecanismo se prevé “apura-las posibilidades de que non haxa necesidade de recorrer ó emprego da técnica do silencio administrativo positivo<sup>98</sup>”.

b) O *acordo de suspensión dos efectos dunha licenza* é compe-

<sup>95</sup> Cfr. SSTS 21/II/1986 (Arzdi. 1609), 16/II/1932 (Arzdi. 532).

<sup>96</sup> Cfr. art. 15 e segs. TRLS (en especial, en solos non urbanizables ou urbanizables non programados) e art. 9.1.7º RSCL de 1955.

<sup>97</sup> Cfr. STS 29/V/1992 (Arzdi. 4302).

<sup>98</sup> Cfr. SSTS 29/IX/1986 (Arzdi. 6008), 05/XII/1989 (Arzdi. 9101), 24/II/1992 (Arzdi. 3386).

tencia, en todo caso, da entidade local, en virtude do principio de autonomía municipal consagrado na CE en canto "principio rector da organización territorial do Estado"<sup>99</sup>.

E como tal competencia específica ou exclusiva do ente local, non existe inconveniente ningún –como sinalou unha STS 25/VI/1984–, en reconece-los órganos da Administración municipal unha vez substituída a posibilidade de reaccionar contra o acto de outorgamento de licencia do substituto ou subrogado na mesma forma en que deben facelo fronte ós seus propios actos<sup>100</sup>.

Así, segundo o art. 52 do Regulamento de disciplina urbanística, en ningún caso, a Administración poderá deixar de adoptar-las medidas tendentes a repoñe-los bens afectados ó estado anterior á produción da situación ilegal. E unha desas formas de control e de restablecemento da legalidade urbanística, é a actuación polo alcalde da potestade suspensiva que lle reconece o art. 253.1 TRLS (art. 186 TR de 1976), a cal non vulnera a autonomía municipal que, en todo caso, debe quedar garantida.

Así mesmo, para o desenvolvemento da dita potestade suspensiva, é necesario que conorra un presuposto de feito, consistente en que o "contido" da licencia constituía manifestamente unha infracción urbanística grave. Como declarou o TS:

"De tódolos elementos do acto administrativo (neste caso da licencia urbanística) é o 'contido' o que debe proporcionar-la causa da decisión suspensiva"<sup>101</sup>.

O lexislador estatal de 1992, neste aspecto, como en moitos outros, extralimitouse na súa función refundidora, ó cualificar-lo art. 253 do TRLS de 1992 con carácter supletorio, isto é, aplicable en defecto de regulación autonómica. É dicir, está, implicitamente, admitindo a facultade de suspensión pola CA, cando esta así o prevea na súa normativa específica.

Agora ben, respecto da dubidosa constitucionalidade do TR de 1992, e tendo presente a doutrina do TC antes exposta, reputarase, así mesmo, inconstitucional a dita remisión á normativa autonómica a prol de atribuírle á autoridade autonómica competente a facultade de suspensión dos efectos dos acordos ou actos das entidades locais, como declarou o TC.

O órgano autonómico unicamente poderá impugna-los ditos actos ou acordos locais ante a xurisdicción C-A, e serán os órganos xurisdiccionais os que resolvan sobre a suspensión ó fío do recurso que para os efectos se interpoña.

Por outra parte, o art. 253.2 TR de 1992 (art. 186.3 TR 1976) prevé o traslado do acordo de suspensión adoptado polo alcalde

<sup>99</sup> Cfr. SSTS 20/X/1980 (Arzdi. 3924), 29/V/1992 (Arzdi. 4302).

<sup>100</sup> Cfr. SSTS 25/VI/1984 (Arzdi. 4640), 29/V/1992 (Arzdi. 4302).

<sup>101</sup> Vid. STS do 29/V/1992 (Arzdi. 4302). Cfr. SSTS 14/II/1987 (Arzdi. 9482), 29/II/1988 (Arzdi. 1500), 13/XI/1990 (Arzdi. 883), entre outras.

no prazo de tres días á Sala do C-A, o cal, segundo o art. 118.5 LXCA integra unha pretensión de anulación da licencia (ou ben de levantamento da suspensión).

En expresión do TS, tal previsión "dálle vida a un proceso co que se aspira a eliminar do mundo xurídico un acto declarativo de dereitos<sup>102</sup>", e quebrar, polo tanto, a regra xeral da irrevogabilidade dos ditos actos.

A comunicación da suspensión ó órgano xurisdiccional, polo tanto, constitúe unha *conditio sine quae non* do proceso especial que orixina o acordo de suspensión regulado no art. 118 da Lei xurisdiccional por remisión do art. 253 do TR de 1992, derivada das súas peculiaridades e, en particular, das súas consecuencias interruptoras da eficacia da autorización concedida e paralizadoras das obras iniciadas<sup>103</sup>.

Sobre o prazo legal de tres días de que dispón o alcalde para trasladarlle *directamente* á dita sala, da resolución ou acordo de suspensión dos efectos dunha licencia e inmediata paralización das obras iniciadas ó seu amparo, cando tal licencia constitúe manifestamente unha infracción urbanística grave, o TS foi uniforme dende 1983 ata hoxe<sup>104</sup>.

Recentemente, nunha Sentencia do 25/IX/1995<sup>105</sup>, este tribunal, analizando o art. 186 do TR de 1976, e que pode aplicarse ó vixente art. 253.2 TRLS de 1992, recordaba que:

"(...) é un prazo fatal e improrrogable, de imperativa vixencia, prazo de caducidade, a inobservancia do cal priva de efectos a suspensión de que se trate, ó excluí-lo pronunciamiento sobre a existencia da infracción; xa que esta posta en coñecemento, o traslado, opera coma unha condición, ou carga en sentido técnico, que ese artigo 186 lle impón ó alcalde que actúa en defensa da legalidade urbanística".

No caso de que o tribunal confirme a decisión de suspensión ou paralización das obras acordada polo alcalde e anule a licencia<sup>106</sup>, procederase a incoar dous expedientes administrativos distintos: o de destrución do construído ou demolición e retirada das obras efectuadas, e/ou o de disciplina urbanística<sup>107</sup> contra as persoas responsables da infracción da legalidade urbanística (facultativo que informou favorablemente o proxecto; membros da corporación que votasen a favor e o colexio de arquitectos que outorgase o visado urbanístico<sup>108</sup>) que responderán con carácter independente das multas que se lles impoñan ós distintos suxeitos dunha mesma infracción (art. 267 TRLS)<sup>109</sup>.

Este procedemento especial previsto no art. 118 LXCA que debe seguirse, entre outros, no caso previsto no art. 253 do TRLS

<sup>102</sup> Cfr. STS 29/V/1992 (Arzdi. 4302).

A natureza xurídica da licenza municipal foi precisada polo TS como acto de control preventivo, non constitutivo, senón simplemente declarativo dun dereito preexistente do administrado que lle atribúe o ordenamento urbanístico, pero que non lle transfere facultades, senón que cambia límites, polo que no seu outorgamento ou denegación, así como na suspensión dos seus efectos, debe actuarse dentro da máis estrita legalidade; Cfr. SSTS 21/II/1981 (Arzdi. 1147), 13/XII/1983 (Arzdi. 6336), 11/II/1992 (Arzdi. 2304).

<sup>103</sup> O dito acto de comunicación debe practicarse, de acordo con ámbolos dous preceptos, no prazo de tres días, o cómputo do cal, por constituír unha actuación administrativa, se inicia o día da remisión -e non o da recepción do traslado-, con dedución dos días inhábiles. A súa inobservancia priva de efectos a suspensión, o excluí-lo pronunciamiento sobre a súa causa, que non é outra que a realidade da infracción; Cfr. SSTS 26/IV/1982 (Arzdi. 2466), 18/V/1982 (Arzdi. 3910), 07/VII/1982 (Arzdi. 5359), 225/X/1982 (Arzdi. 6429), 15/VI/1983 (Arzdi. 3530)

<sup>104</sup> Cfr. SSTS 14/II/1983 (Arzdi. 824), 07/IV/1983 (Arzdi. 2070); 23/I/1984 (Arzdi. 485), 16/XII/1988 (Arzdi. 9975), 29/V/1992 (Arzdi. 4302), 02/VI/1992 (Arzdi. 4814), 14/X/1992 (Arzdi. 7592), 28/I/1993 (Arzdi. 248), 09/XI/1994 (Arzdi. 8506), 25/IX/1995 (Arzdi. 6680), entre outras.

<sup>105</sup> Cfr. Arzdi. 6680.

<sup>106</sup> Cfr. art. 104 LRXPA.

<sup>107</sup> Respecto do segundo dos expedientes citados, o obxecto do cal radica en esclarecer os feitos denunciados e acorda-lo precedente en dereito, ante a falta de apertura do mesmo polo concello por pedimento do interesado, é dicir, ante a absoluta pasividade municipal nos mo-

mentos nos que a corporación ostenta o maior protagonismo na vía administrativa, aquel poderá denuncia-la mora, e transcorridos 3 meses dende a denuncia, poderá considerar desestimada a súa petición.

Esta denegación presunta non exime a Administración do deber de dictar unha resolución expresa debidamente fundada, conforme á obrigação do deber de resolver que categoricamente lle vén imposto no noso ordenamento xurídico, ex. art. 38.2 LXCA); Cfr. STS 04/II/1992 (Arzdi. 2245).

<sup>108</sup> Cfr. STS 18/III/1992 (Arzdi. 3378).

<sup>109</sup> Conforme ó art. 130.3 da Lei 30/1992, en virtude do cal tal responsabilidade ten carácter solidario, cabería cuestionarse se tal precepto deroga o art. 267 TR. Entenderase aplicable este último polo carácter máis especial da disciplina urbanística, sen prexuízo de que, dada a súa configuración como precepto de aplicación supletoria, as CCAA poidan establecer outra cousa na súa normativa específica. Agora ben, iso é independente da eventual responsabilidade subsidiaria dos que deberán previla infracción (art. 130.3, par. 2, Lei 30/1992).

<sup>110</sup> Cfr. Auto do 26/X/1992 (Arzdi. 8368).

<sup>111</sup> Unha vez anulada a licenza (ou orde de execución) esterase ó disposto nos arts. 40, 253.3 e 254.2 do TR.

<sup>112</sup> Cfr. Arzdi. 3284, f.x. 9.

<sup>113</sup> Novamente, xoga aquí un papel primordial o factor temporal, neste caso, de acordo coa restauración da legalidade urbanística vulnerada que, en canto finalidade esencial da disciplina urbanística, o seu control lle corresponde ó concello a través da técnica de Policía urbanística. Se este órgano emprega para tal fin un mecanismo distinto deste, incorrerá en desviación de poder, prohibida no ámbito urbanístico polo art. 242.3 TRLS de 1992.

de 1992 pode dividirse en catro fases claramente diferenciadas, descritas con todo detalle nos apartados 2, 3, 4 e 5 do citado precepto<sup>110</sup>:

1<sup>a</sup>) Recibido o traslado do acordo de suspensión na Sala do C-A, esta requirirá o órgano que dictou o acto para que remita o expediente administrativo e alegue o que estime procedente en defensa do acto de suspensión.

2<sup>a</sup>) Recibido o expediente e publicado convenientemente o anuncio da suspensión, a Sala do C-A trasladaralle o mesmo ó avogado do Estado, para que no prazo de 20 días emita un informe acerca do mantemento ou da anulación do dito acordo.

3<sup>a</sup>) Posteriormente, pónselles de manifesto o expediente administrativo a cantos se presentasen, para que nun prazo común a todos de 20 días aleguen o que estimen procedente.

4<sup>a</sup>) Por último, con ou sen alegacións, o tribunal dicta sentenza no prazo de dez días.

En canto á anulación dos ditos actos, esta pode ter lugar polas vías xerais admitidas en dereito público. Neste caso, fai falta detectar e declarar previamente o vicio de legalidade pola canle do art. 118 LXCA, por remisión do art. 253.2 TRLS de 1992<sup>111</sup>.

- ┆ Audiencia do contratista.
- ┆ Informe da oficina de supervisión.
- ┆ Informe do servicio xurídico.
- ┆ Fiscalización previa do expediente.
- ┆ Acordo de modificación.
- ┆ Formalización en documento administrativo.

Podía ademais existir suspensión temporal, parcial ou total da obra. Agora ben, esta posibilidade do art. 61 do Prego de cláusulas xerais para a contratación de obras do Estado non se adoitaba cumprir todo o que debería; a obra seguía mentres se tramitaba a modificación, podían xurdir restricións orzamentarias, faltaba crédito para a aprobación do maior gasto, o expediente detíñase ata o exercicio seguinte, a obra concluíase e ás veces o

modificado estaba sen formalizar; en consecuencia, atraso nos pagamentos, na recepción e na liquidación.

■ Por último, a sensación de lentitude, inútil papelame e burocracia, veu motivada polos propios erros da Administración na aplicación da norma. A tipoloxía en canto a erros humanos é amplísima, pero con carácter xeral, poderíase citar pola súa importancia a repetición mecánica dos pregos de cláusulas administrativas particulares, moitas veces sen depurar e que a través do seu conxunto de cláusulas presentan esixencias perfectamente legais, pero anacrónicas ou que amplían innecesariamente requisitos. A título de exemplo:

■ Era frecuente que se esixise que as garantías provisionais se xustificasen mediante resguardo do ingreso na Caixa Xeral de Depósitos. O Regulamento de contratos do Estado prescribía para valores ou metálico (arts. 340 e 344 RCE) pero non para o aval, que é a forma máis frecuente de fianza (art. 345 RCE).

■ Tampouco é habitual, utilizar nos pregos de cláusulas administrativas particulares a posibilidade de dispensa-la fianza provisional, unha vez obtida determinada clasificación. (art. 341 RCE, R.D. 1883/1979)

■ Nalgúns pregos esíxese declaración expresa de cumprimento das obrigas laborais polos licitadores, certificado de cualificación empresarial para expedir pola Comunidade Autónoma, declaración expresa de non estar afectado pola normativa de incompatibilidades, etc.

## *2.2. Falta de transparencia nos procedementos de adxudicación*

Para os últimos anos, unha análise das cifras dispoñibles pon de manifesto un incremento notable dos sistemas de adxudicación que incluían factores de discrecionalidade (concurso e contratación directa), fronte ós plenamente obxectivos da poxa e ata 1986 do concurso - poxa.

Os cadros que a continuación se expoñen están elaborados a partir dos datos proporcionados polas memorias da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa que se obteñen do Rexistro de Contratos dependente desta. Debe precisarse para efectos de avalía-la información, que este rexistro non reflicte os contratos inferiores a 5.000.000 PTA, onde predominou como mecanismo de adxudicación, a contratación directa. Os estados exprésanse en porcentaxes, evitando así a comparación entre cifras pouco homoxéneas tanto pola inflación como polo crecemento constante do gasto público.

Por último, a elección dos anos analizados responde a fitos de certa importancia:

- 1983: É o primeiro ano xestionado pola nova Administración.
- 1986: Entra en vigor o Real decreto legislativo 931/1986 que modificou a Lei de contratos do Estado para adecualo ó ordenamento xurídico comunitario.
- 1990: A Lei 4/1990 de orzamentos xerais do Estado para 1990 introduce notables modificacións na Lei de contratos do Estado.
- 1992: Último exercicio do que se dispón información publicada pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

**Evolución dos sistemas de adjudicación en porcentaxes sobre contía**

<b>Cadro 1 Contratos de obras</b>				
	1983	1986	1990	1992
	%	%	%	%
Poxa	6,7	26,3	19,5	7,8
Concurso - Poxa	55,1	15,5	-	-
Concurso	17,3	37	53,5	59,4
Contratación directa	20,9	21,2	27	32,8
<b>Total</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>

<b>Cadro 2 Contratos de subministracións</b>				
	1983	1986	1990	1992
	%	%	%	%
Concurso	49,5	31,6	20	30
Contratación directa	50,5	68,4	80	70
<b>Total</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>

<b>Cadro 3 Outros contratos (Servicios)</b>				
	1983	1986	1990	1992
	%	%	%	%
Concurso	20	32,3	49	54
Contratación directa	80	67,7	51	46
<b>Total</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>

Cadro 4  
Análise do volume de contratación de cada tipo de contrato sobre o total

	1983 %	1986 %	1990 %	1992 %
Obras s/ total contratación	67,2	63,8	69,5	47,0
Subministracións s/ total contratación	26,0	28,1	22,7	35,6
Servicios s/ total contratación	6,8	8,1	7,7	17,4
Total	100%	100%	100%	100%

Os datos recollidos poñen de manifesto:

1°. Que para o contrato de obras, o máis importante cuantitativamente, mentres en 1983, os procedementos de adjudicación obxectiva, poxa e concurso-poxa, supoñían o 61,8%, estes en 1992, xa tan só poxa, alcanzaba o 7,8%. A caída é gradual e paulativa e correspóndese cun aumento da porcentaxe de obras licitadas mediante concurso. A contratación directa aumenta en menor medida.

2°. En subministracións, onde a poxa é absolutamente marginal e excepcional, os datos desprezáronse e advírtese ata 1990 unha caída constante e notable do concurso en beneficio da contratación directa. Dunha situación de práctica equivalencia en 1983 (49,5-50,5) pásase a un (20-80) en 1990. En 1992 a situación varía lixeiramente a tendencia (30-70).

3°. A evolución, nos contratos de servicios, é inversa á anterior. Diminúe a porcentaxe de contratación directa que pasa dun 80% en 1983 a un 46% en 1992 e aumenta o concurso. Para valorar esta evolución, debe considerarse que o límite para a contratación directa se mantivo en 10 millóns de pesetas desde 1983 a 1992.

4°. Por último, en canto ó peso relativo de cada tipo de contrato sobre o total, o período 1983-1990 é relativamente homoxéneo. En 1992 esta tendencia varía, non tanto polo aumento en termos nominais da contratación de subministracións e servicios, como pola caída na licitación de obra pública.

A evolución descrita non se pode separar dos cambios lexislativos na materia, que fomentaron sen dúbida esta tendencia. Así:

■ A contratación directa varía durante este período en varias etapas o seu límite cuantitativo desde 5 millóns de pesetas a 50 millóns (art. 14 Lei 4/1990). Esta cifra elévase a 75 millóns de pesetas trala autorización do Consello de Ministros e publi-

cidade en boletíns oficiais (art. 13 Lei 4/1990). Isto para o contrato de obras, comportamento similar produciuse para os outros tipos de contratos.

■ A tendencia paulatina cara á utilización do concurso adquiriu a súa consagración normativa coa modificación do art. 28 da Lei de contratos do Estado por Lei 4/1990 de orzamentos xerais do Estado, variando a redacción do R.D. legislativo 931/1986. Vexamos:

*Redacción antiga:* "Os órganos de contratación utilizarán normalmente a poxa como forma de adxudicación. O concurso e a contratación directa só procederá nos casos determinados na presente lei".

*Redacción modificada:* "Os órganos de contratación utilizarán normalmente a poxa ou o concurso como formas de adxudicación. A contratación directa só procederá nos casos determinados na presente lei".

A modificación anterior tan sutil como importante, aprobouse no marco da discusión orzamentaria, e pasou absolutamente desapercibida. A utilización do concurso xa non esixía xustificación, como ata entón.

Como consideracións que complementan o exposto debe sinalarse:

a) Que transparencia na licitación non implicaba necesariamente transparencia na adxudicación. O concurso no anterior modelo de contratos do Estado garantía a publicidade e concorrencia na licitación, pero a adxudicación correspondíalle en exclusiva ó órgano de contratación, iso si, debía consideralos criterios recollidos no Prego de cláusulas administrativas particulares (art. 36 LCE e 115 RCE). O papel da Mesa de contratación limitábase "á apertura das proposicións presentadas polos licitadores, elevándollas coa acta e as observacións que estimasen pertinentes, á autoridade que tivese que efectuar a adxudicación do contrato" (art. 36 LCE e 116 do RCE).

b) Existen outras circunstancias, á parte da contía, que poden xustificar a contratación directa (art. 37 LCE e 117 do RCE para obras), se ben esta é a máis importante, tanto cualitativa como cuantitativamente.

Resulta evidente que a tendencia exposta, xustificada pola procura dunha maior axilidade administrativa, conduciu a sistemas cun maior peso da discrecionalidade nas decisións. A discrecionalidade aumenta o risco das conductas fraudulentas se non se establecen mecanismos alternativos de control.



### 2.3. Prerrogativas da Administración

Estas aparecían reguladas fundamentalmente no art. 18 da Lei de contratos do Estado e sobre todo no capítulo IV do título I do libro primeiro do Regulamento xeral de contratación, arts. 50 a 53. Os acordos da Administración, a través do órgano contratante en canto ás súas facultades de interpretación, modificación e resolución dos contratos son inmediatamente executivos. A isto hai que engadi-las capacidades de dirección e inspección na súa execución, "*podéndolle despacha-las instruccións oportunas ó empresario para o fiel cumprimento do convido e incluso verbo da suspensión provisional ou definitiva da prestación*" (art. 52 RCE).

Intimamente unida ás anteriores aparecía a capacidade para esixir-la execución da fianza pola Caixa Xeral de Depósitos e sobre todo aqueles aspectos de legalidade financeira, que sen ser tecnicamente prerrogativas da Administración, condicionan o cumprimento da súa obriga máis importante, o pagamento do prezo pactado. Resulta entón aplicable a Lei xeral orzamentaria ou no seu caso, a lei financeira da correspondente Comunidade Autónoma ou a Lei de facendas locais.

Nesta liña, convén comentar que as administracións públicas teñen sona de pagar mal ou para ser máis preciso, con atraso. Os contratistas teñen a súa parte de razón, pero non sempre. Centrándonos exclusivamente na Administración do Estado e sen vocación de exhaustividade, cabe afirmar que se adoitan incluír no mesmo bloque de causas:

a. A falta de pagamento dunha obra, subministración ou servizo, que os contratistas efectuaron na marxe da normativa contractual e financeira aplicable. É esta unha prestación dificilmente esixible ó Estado a non ser por vía xudicial ou administrativa (título X da Lei 30/1992. A Administración como responsable dos danos causados polas autoridades ou o persoal ó seu servizo). De mediar conformidade por parte do órgano contratante, sempre se pode reelabora-lo expediente e acudir á técnica impropriamente denominada de "validación" (art. 32 R.D. 2188/ 1995), mediante decisión do Consello de Ministros.

b. Os atrasos na revisión dos prezos, ó dilatarse a publicación dos índices aplicables ás fórmulas tipo do Real decreto 3.650/1970.

c. A tardanza no pagamento porque o contratista non cumpriu satisfactoriamente a prestación pactada (art. 43 LGP, 47 e 91 de a LCE).

d. Os atrasos efectivamente causados pola Administración como consecuencia dunha deficiente tramitación ou en me-

nor medida por problemas de Tesourería. Sería neste epígrafe onde se podería falar realmente de dereito a esixi-lo xuro de mora, e resultaría entón aplicable segundo os casos, o art. 47 da Lei de contratos do Estado para as certificacións de obra, o art. 91 da mesma lei para as subministracións, o art. 172 do Regulamento de contratos do Estado para as liquidacións provisionais de obras e o art. 176 do dito texto legal para a liquidación final ou definitiva. En todos estes supostos danse con carácter común dous requisitos:

1. Necesidade de intimarlle por escrito á Administración que aboe o xuro de mora.
2. Prazo mínimo de tres meses, para o cumprimento da obriga de pagamento principal, que se pode elevar a 6 meses para a liquidación definitiva e a 9 meses para a provisional.

Fronte á imaxe descrita, a nivel xeral adoita descoñecerse, que a Administración veu anticipando, co aval pertinente, partes importantes do prezo dos contratos mediante os denominados anticipos por instalacións e provisión de materiais ou equipos de maquinaria pesada (art. 143 RCE, cláusulas 54 e ss. do Prego xeral de obras do Estado).

Analizada a problemática exposta, que condiciona a valoración global que a opinión pública parece ter sobre a normativa contractual do Estado, corresponde agora estudar en qué medida a nova Lei 13/1995, de contratos das administracións públicas incide sobre os diversos aspectos comentados.

### **3. Situación trala Lei 13/1995 de contratos das administracións públicas**

Como se sinalou na introducción, este epígrafe non pretende desenvolver unha análise detallada e sistemática da nova norma, senón tan só resaltar aquelas novidades que inciden na problemática exposta e que teñen unha importancia relevante na aplicación cotiá da mesma.

#### *3.1. Simplificación dos procedementos*

Como se indica na súa exposición de motivos, é este un dos obxectivos fundamentais que pretende conseguir a nova lei. Sobre el caben formula-los seguintes comentarios:

*Primeiro:* No esencial, o modelo de xestión dos denominados contratos típicos (obras, subministracións e xestión de servizos públicos) non varía, como non podía ser doutra maneira, manténdose os fitos fundamentais do procedemento. As mo-

dificacións principais veñen dadas pola necesaria adaptación ás directivas comunitarias 92/50/CEE para contratos de servizos, 93/36/CEE para subministracións e 93/37/CEE para obras. Os cambios aféctanlles ós procedementos e formas de adxudicación, nun triple sentido:

a. Cambios semánticos non transcendentos. Como exemplos rechamantes: hai unha certa equivalencia entre os termos procedemento negociado e a vella contratación directa, a consideración como contrato de obras da concesión de Obras Públicas, que en canto á explotación da mesma remite ó art. 162, xestión de servizos públicos.

b. Cambios en canto ós prazos de publicidade no *Diario Oficial das Comunidades Europeas*, que aumentan considerablemente. Procedementos abertos: de 36 días (obras) e 42 días (subministracións) a 52 días. Procedementos restrinxidos: de 21 días (obras) e 30 días (subministracións) a 77 días. Ambos en tramitación ordinaria.

c. Desaparición da fórmula da admisión previa na poxa e no concurso, que na práctica deixaran como unha figura escasamente utilizada o procedemento restrinxido. Na redacción xa antiga (art. 34), introducida por o R.D.L. 931/1986, a documentación para a admisión previa presentábase en sobre independente pero asemade co resto da documentación, incluída a proposición económica. A sistemática do procedemento restrinxido, pola contra, distingue claramente dúas etapas, en primeiro lugar a de selección dos participantes con base a criterios obxectivos determinados no prego e só con posterioridade, enviaráselles invitación ós admitidos para que presenten a súa proposición.

Do apuntado anteriormente, dedúcese con claridade, que as modificacións impostas pola normativa comunitaria non contribúen a axiliza-lo procedemento, pola contra, alongan o prazo de resolución.

*Segundo:* Abórdase unha nova concepción dos contratos menores. O art. 57 da nova lei establece: *Nos contratos menores, que se definirán exclusivamente pola súa contía, de conformidade cos artigos 121, 177 e 202, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo da existencia de proxecto cando normas específicas así o requiran*".

Isto supón que o vello límite das 500.000 pesetas salta polos aires establecéndose en 5 millóns de pesetas para os contratos de obras e 2 millóns de pesetas para as subministracións

e os contratos de consultoría, asistencia e servizos. Non se admite esta categoría para os contratos de traballos específicos concretos e non habituais (art. 202, Lei 13/1995).

Non obstante, esta formulación aparentemente sinxela, presenta bastantes problemas na súa aplicación práctica, a título simplemente indicativo, podemos sinalar:

- Delimitación do termo "*expediente*" (en canto á documentación e requisitos esixibles), para efectos do art. 57 citado.
- Posible esixencia de Mesa de contratación no procedemento de adxudicación, o que se parece deducir da lectura dos arts. 82 e 93.2 da Lei 13/1995.
- Friccións ou superposicións entre a categoría dos contratos menores e o procedemento negociado sen publicidade por razón da contía nos diversos tipos de contratos [art. 141 f), 183 i) e 211 h)]

Sobre estes temas pronunciáronse xa, tanto a Dirección Xeral do Servizo Xurídico do Estado (Dictame do 19 de xullo de 1995), como a Intervención Xeral da Administración do Estado (Informe do 22 de setembro de 1995). A resolución dos aspectos formulados parece inclinar-se:

- Por interpreta-la palabra "*expediente*" nun sentido amplo, "como conxunto de actuacións que poden chegar, incluso, ata a adxudicación".
- Pola non esixencia de Mesa de contratación para este tipo de contratos.
- Por considera-los contratos menores como unha especialidade simplificada do procedemento negociado sen publicidade.

Non obstante, sobre estas materias aínda non se pronunciou a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa que, considerando o art. 10 da nova lei, é sen lugar a dúbidas o órgano que ha de fixar doutrina. Sen embargo, malia as disquisicións xurídicas expostas, a nova regulación dos contratos menores pode facilita-la xestión dos contratos de pequena contía, axilizando a súa tramitación, ó requiri-lo mínimo de documentación esixible.

*Terceiro:* Unha das grandes novidades da lei, por outro lado inaprazable, tanto por necesidade como por imperativo comunitario, é a incorporación ó contido da mesma da problemática dos contratos de servizos, ata agora contida no Decreto 1005/1974 sobre contratos de asistencia con empresas consultoras e de servizos, así como no R.D. 1465/1985 sobre traballos específicos non habituais. A Lei 13/1995, regula esta materia no título IV, do

libro II, no que se establecen tres tipos de contratos, por razón do seu obxecto:

1. De consultoría e de asistencia.
2. De servizos.
3. Para a realización de traballos específicos e concretos non habituais.

O tratamento normativo desta materia presenta algúns aspectos pouco afortunados:

■ A definición, por delimitación do ámbito obxectivo, dos contratos anteditos achégalle moi pouco á racionalidade do sistema. Así, o art. 197, repite termos similares, incluso idénticos para cada tipo deles. A delimitación do **contrato de servizos** por exclusión, como aqueles “*que non se encontren comprendidos nos contratos de consultoría e de asistencia, traballos específicos e concretos non habituais ou nalgún dos regulados noutros títulos deste libro*”, ou de traballos específicos, como os “*non incluídos nos apartados anteriores*” (consultoría e servizos), é desde o punto de vista de técnica lexislativa censurable.

■ O contrato de traballos específicos e concretos non habituais xa non se define polo seu ámbito subxectivo, non se reserva expresamente a persoa física como na lexislación precedente.

Considerando o argumentado no parágrafo anterior, resulta practicamente imposible sinalalo seu contido.

■ Igualmente, debe destacarse verbo do contrato de elaboración de proxecto de obras a confusión entre os conceptos de indemnizacións e penalizacións.

Neste sentido existe unha crítica doutrinal consistente, destacando o traballo de Silvano Calle Calvo dedicado a esta temática baixo a rúbrica de “*Una compilación deplorable*”.

Non obstante, desde a perspectiva do presente estudio, a elevación do tempo normal de duración do contrato a catro anos, prorrogable ata seis, con excepción dos traballos específicos e concretos non habituais, que se reducen a dous; a introducción dunha posible contratación centralizada; a elevación ata 2 millóns de pesetas do límite dos contratos menores, xa comentada, poderán contribuír a unha maior axilidade na tramitación dos expedientes administrativos.

*Cuarto:* O art. 146 da Lei 13/1995 aborda a modificación do contrato de obras, sen grandes variacións sobre o modelo recollido polo art. 150 e ss do Regulamento xeral de contratación. Créase a figura da Comisión de arbitraje para os prezos contradictorios, que haberá de ser obxecto de regulación regula-

mentaria. O procedemento, aparentemente máis sinxelo, non supón unha redución substancial agás en canto á súa tramitación con carácter de urxencia. En canto ó parágrafo 4 do novo artigo 146, a súa redacción é tan confusa, que en función da interpretación que acabe asumindo a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, pode variar a concepción desta figura<sup>3</sup>.

Cabe subliñar tamén, que no vello modelo os aspectos relativos ás modificacións contractuais xiraban ó redor da regulación do contrato de obras. A nova lei no art. 102 mediante a súa inclusión no libro I, dálle autonomía a esta figura, con independencia das especialidades para cada tipo de contrato.

*Quinto:* Fóra dos aspectos de maior relevancia tratados nos epígrafes anteriores, as modificacións recollidas pola Lei de contratos das administracións públicas, introducen aspectos contradictorios que nuns casos parecen axilizar a tramitación e acurtar prazos, mentres que outras medidas non parecen contribuír a isto. Para efectos simplemente enunciativos podemos mencionar:

**A. Como medidas axilizadoras:**

■ A desaparición da figura da recepción provisional, existindo agora tan só *"un acto formal e positivo de recepción ou conformidade para levar a cabo dentro do mes seguinte de producirse a entrega ou a realización do obxecto do contrato"* (art. 111, Lei 13/1995). Este artigo ha de poñerse en concordancia co 48.4, para efectos de devolución da garantía, de non mediar recepción formal.

■ Simplificación dos proxectos de obras inferiores a 20 millóns de pesetas (art. 124 LCAP). Pendente de desenvolvemento regulamentario.

■ Elevación de 10 a 50 millóns a cifra para incorporar preceptivamente o informe de supervisión de proxectos (art. 128 LCAP).

**B. Medidas que contribúen a dilatar prazos ou introducen confusión:**

■ Na marxe dos incrementos nos prazos de publicación no *Diario Oficial da Comunidade Europea (DOCE)* xa comentado, o prazo mínimo de publicación no *BOE* aumenta para os procedementos abertos de 20 a 26 días e para os restrinxidos a un mínimo de 40 entre as dúas fases.

■ Non se comprende a ruptura (en materia de prazos), do criterio xeral do noso dereito administrativo, no sentido en que se computan os días naturais en lugar dos días hábiles (art. 48 LRJPC e 77 LCAP). Se ben pode xustificarse por im-

<sup>3</sup> A recente Lei 11/1996 variou substancialmente a redacción do artigo 146.4 ó establecer un procedemento que delimita claramente os límites desta especial modificación.

perativo da lexislación comunitaria, isto só debería incidir en canto á publicidade das licitacións.

■ Merece igualmente censura que a lei substitúa os limiares de aplicación das directivas comunitarias expresadas en ECUS polo seu contravalor exacto en pesetas, que haberá de variar periodicamente. (Disposición adicional primeira, Lei 13/1995).

■ Por último as cautelas seguidas nos procedementos de adxudicación contribuirán a incrementa-los prazos de resolución dos expedientes, aspecto este que se desenvolverá no seguinte epígrafe.

### 3.2. *Modificacións nos mecanismos de adxudicación*

Resulta de todos coñecido que nos últimos anos, na vida política e administrativa deste país agromaron diversos escándalos relacionados coa adxudicación de contratos públicos, o que sen dúbida condicionou aspectos da súa regulación na nova lei. Na primeira parte deste traballo púxose de manifesto con cifras e mediante o seguimento das modificacións lexislativas, un proceso que auspiciado polo loable obxectivo de conseguir unha maior axilidade nas decisións, conduciu a mecanismos de adxudicación cun importante contido discrecional. A nova lei rompe esta tendencia a través de diversas medidas, que a continuación se comentarán brevemente:

A. Se ben a poxa e mailo concurso, a través dos procedementos aberto ou restrinxido, continúan como formas normais de adxudicación (art. 76 LCAP), o sistema vai variar substancialmente polo papel que se lle fai xogar á Mesa de contratación. Tal como se comentou, no vello modelo, o papel da Mesa era esencialmente a cualificación da documentación presentada, dando fe en acto público das ofertas presentadas, sendo a máis baixa obxecto de adxudicación provisional na poxa ou limitándose a elervalle as ofertas admitidas ó Órgano de contratación. O art. 82 da nova lei introduce dúas novidades fundamentais:

1<sup>a</sup>. A súa participación en tódolos procedementos e formas de adxudicación, incluíndo o procedemento negociado. Só se exclúe o caso do art. 12.4, onde actúan as xuntas de contratación, órgano colexiado con participación necesaria da asesoría xurídica e a intervención. Igualmente se presenta a dúbida, xa mencionada, sobre a súa aplicabilidade ós contratos menores.

2<sup>a</sup>. A Mesa de contratación formúlalle unha proposta ó órgano de contratación acompañada de cantos informes técnicos considere precisos, se aquel se separa na súa decisión da proposta, haberá de motiva-la súa decisión.

Resulta evidente que este mecanismo, ó facer participar de modo relevante a un órgano colexiado, onde ademais figuran polo menos dous compoñentes con autonomía funcional, incluso orgánica do órgano de contratación, o compoñente discrecional diminúe sensiblemente.

B. Outra novidade, sen dúbida relevante, consiste na drástica redución das contías máximas para utiliza-lo procedemento negociado sen publicidade. Comparando estas coas vixentes para a contratación directa resulta a seguinte comparación:

- Contrato de obras: baixa de 50 millóns a 5 millóns.
- Contrato de subministracións: baixa de 10 millóns a 2 millóns. Para os denominados contratos de fabricación o límite redúcese de 25 a 3 millóns.
- Contrato de asistencia técnica: baixa de 15 a 2 millóns.
- Contrato de traballos específicos: redúcese de 5 a 1 millón.

Como se pode comprobar, a coincidencia destas cifras coas que definen os novos contratos menores, van modifica-lo funcionamento do mecanismo de contratación directa coñecido ata agora, ó despraza-los contratos xestionados así por razón da contía, maioritarios, cara a:

- a. Os contratos menores.
- b. Formas de adxudicación sometidas a publicidade, é dicir, o concurso e maila poxa.

O procedemento negociado sen publicidade vai quedar reservado na práctica para os casos singulares recollidos nas normas: imperiosa urxencia, obras complementarias, contratos declarados secretos ou reservados, etc.

C. Como contrapartida ós aspectos comentados, unha maior seguridade nas decisións de adxudicación, pode resultar contraproducente co obxectivo de simplificación administrativa proposto. Así:

1. A publicidade vai alongar necesariamente o procedemento de adxudicación.
2. A participación determinante da Mesa, aínda que os prazos de decisión se manteñan, pode, facer máis complexo o proceso.
3. A concepción exclusiva do procedemento restrinxido, fronte á antes utilizada da admisión previa, problemática xa comentada, alonga necesariamente os prazos.
4. A redacción do art. 12.2 da nova Lei de contratos das administracións públicas, que varía o criterio do art. 8.2 da antiga lei, ó diferencia-las fases de aprobación e autorización, cando esta lle corresponde ó Consello de Ministros, resulta



contraproducente. Á parte de restarlle seguridade ó sistema, non comentamos aquí a problemática da súa fiscalización, a medida vai orixinar un incremento nos prazos de resolución. Antes, a autorización do Consello de Ministros implicaba a aprobación do gasto, o que agora non sucede, ó existir un requisito máis de certa complexidade, para engadir na tramitación do expediente.

### 3.3. *Modificacións que afectan ás prerrogativas e en xeral á situación de preeminencia da Administración*

O tratamento das prerrogativas da Administración en sentido estricto non ofrece cambios substanciais na nova regulación, se ben algúns aspectos antes desenvolvidos a nivel regulamentario son agora recollidos pola lei. Isto resulta especialmente manifesto en canto á resolución e para os seus efectos ou a invalidez. Sen ánimo de exhaustividade cabe comentar os seguintes aspectos:

*Primeiro:* O art. 60 da Lei de contratos de administracións públicas introduce a novidade do informe preceptivo do Consello de Estado (para os supostos de interpretación, nulidade e resolución), nos casos de oposición por parte do contratista, fóra de calquera límite cuantitativo, 100 millóns sinalaba o art. 18 da antiga Lei de contratos do Estado. Esta nova regulación límitase a recolle-lo exposto polo art. 22.11 da Lei 3/1980 orgánica do Consello de Estado. O precepto parece robustece-la posición do contratista e así é, este en ocasións e para pequenos contratos, sobre todo nos casos de resolución, pode utilizar esta garantía como un mecanismo dilatador dos procesos, incluso ante incumprimentos manifestos.

Pola contra, a situación faise máis flexible para as modificacións, xa que o Consello de Estado só emitirá informe cando estas superen o 20% do prezo orixinal do contrato (como ata agora) e ademais este ha de rebordalos mil millóns de pesetas.

*Segundo:* En materia de garantías, o art. 44 da Lei de contratos das administracións públicas, estende a responsabilidade das mesmas "*ás obrigas derivadas do contrato*", novidade en relación ó art. 115 do Texto articulado da Lei de contratos do Estado, que pode modificar sensiblemente o seu alcance, sobre todo en concordancia co art. 46.2 da nova Lei 13/1995.

*Terceiro:* Novidade tamén destacable é a regulación do art. 96.4 da nova lei, que fronte ó art. 138 do Regulamento xeral de contratación establece que cando as penalizacións superen o 20 por 100 do importe do contrato, a Administración pode resolver ou continua-la súa execución. O artigo do regulamento citado establecía a obrigatoriedade de proceder á súa resolución.

*Cuarto:* Sen lugar a dúbidas, este epígrafe non se pode pechar sen comentar unha das novidades principais da nova Lei de contratos das administracións públicas, o que afecta ó aboamento de xuros de mora. O artigo 100.4 establece: “A Administración terá obriga de aboa-lo prezo dentro dos dous meses seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sen prexuízo do prazo especial establecido no artigo 148 e se se demorase deberá aboarlle ó contratista, a partir do cumprimento do dito prazo de dous meses, o interese legal do diñeiro incrementado nun 1,5 puntos, das cantidades que se deben”.

Unha primeira aproximación entre esta norma e a situación ata agora vixente, sen esquece-la disposición transitoria oitava que restrinxe a novidade exposta ós contratos adxudicados trala nova lei, pon de manifesto:

1. Unha redución do período legal de pagamento de tres meses a dous, para o caso xeral e de nove a seis meses na liquidación final (art. 148.2 LCAP).
2. Non se presenta como obrigatoria a intimación por escrito.
3. A penalización pola mora non é o interese legal do diñeiro, como ata agora, senón este incrementado en 1,5 puntos.
4. Os parágrafos 5 e 6 do citado artigo 100 establecen como causa específica de suspensión ou resolución do contrato, a demora no pagamento por parte da Administración.

A nova situación, tal como se expuxo, pode supoñer un encarecemento considerable da contratación do Estado e fundamentalmente doutras administracións públicas con menor autonomía financeira. Non obstante esta formulación, aparentemente radical, podería atenuarse por vía regulamentaria. De calquera xeito, a plasmación práctica do novo precepto esixe este desenvolvemento, e que aclare:

■ Se a non mención do requisito da intimación por escrito supón necesariamente unha actuación de oficio por parte da Administración, debe considerarse que o art. 45 da vixente Lei xeral orzamentaria, se a esixe, sendo esta a norma xeral na materia.

■ Quén debe liquidalo interese, a Tesourería ou a unidade contratante. No marco do Estado, o Departamento Ministerial ou a Dirección Xeral do Tesouro.


■ Intimamente relacionado co anterior, formúlase o problema da imputación orzamentaria, se se opta por unha solución que supoña maior custo do investimento, podería acontecer que o interese non se puidese aboar por ausencia de crédito, polo que se acrecentaría o problema.

## Conclusiones

Ata aquí, un catálogo de posibles acertos e problemas que orixinará na súa aplicación a nova Lei de contratos das administracións públicas. O achegamento realizado permite concluir que na reforma non existe unha liña de actuación clara; obsérvase unha certa ambivalencia, con preceptos que presentan unha liña contradictoria. Así, e a modo de síntese, pódese afirmar que:

- Algunhas medidas teñen un carácter marcadamente simplificador e de axilización na tramitación administrativa. Destaca especialmente o tratamento dos contratos menores e a ampliación na duración dos contratos de servicios.

- Contrariamente, os preceptos das directivas comunitarias e unha certa tendencia de reacción fronte á excesiva discrecionalidade na contratación a que conduciron as modificacións normativas dos últimos anos determinaron un aumento en canto á publicidade dos procesos contractuais e un alongamento dos seus prazos. O papel para xogar polas mesas de contratación e a exclusiva concepción do procedemento restrinxido aumentarán os períodos de decisión; como contrapartida, reforzaranse os principios de publicidade e de concorrencia, así como a transparencia nas adxudicacións.

- Manténse en xeral o sistema de prerrogativas da Administración, pero a posición dos adxudicatarios consolídase ante os incumprimentos por demora no pagamento da Administración contratante. 

## O persoal de Administración e servicios das universidades galegas e o ámbito de aplicación da Lei da función pública galega

Xefe do Servizo Xurídico da  
Universidade de Santiago

Carlos A. Gómez Otero

### 1. Introducción

Coa tramitación parlamentaria do Proxecto de lei de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, de función pública de Galicia, volve de novo á palestra un vello tema de grande importancia para as universidades de Galicia e máis concretamente para o seu Persoal de Administración e Servicios (PAS). É este un problema que preocupa especialmente ós operadores xurídicos nesta materia, ó non estar clara a posible aplicabilidade ou non ó persoal non docente das universidades galegas, da Lei da función pública galega.

O obxecto deste artigo ten como única finalidade achegarlles ós redactores desta modificación a conveniencia de incluí-lo PAS das universidades dentro do ámbito de aplicación da Lei 4/1988, ou ben de maneira directa ou, no seu caso, con carácter supletorio.

## 2. O proxecto de Lei de Reforma da Lei 4/1988

O proxecto de lei que se está a tramitar no Parlamento galego non recolle no seu artigo primeiro a inclusión do PAS dentro do seu ámbito de aplicación, aínda que este se amplía a outros colectivos que anteriormente estaban excluídos ou ós que se aplicaba con carácter supletorio.

Ó artigo primeiro do proxecto presentoulle unha emenda o Bloque Nacionalista Galego, que foi rexeitada no informe da ponencia. As razóns do seu rexeitamento considero que son máis de carácter político que xurídico.

Vexámo-las razóns para o seu rexeitamento. En primeiro lugar, alega o ponente do PP que o dito persoal ten regulación propia na LRU e por vía supletoria na lexislación básica do Estado e nas normas lexislativas de desenvolvemento das comunidades autónomas. Esta argumentación só é relativamente certa: a LRU só contén tres artigos dedicados a este persoal que se limitan a definir quen forma parte deste colectivo, órganos competentes, estruturación de escalas propias e participación e representación en órganos de goberno.

Como se pode apreciar, tal regulación non pode constituír un verdadeiro estatuto da función pública do PAS. Por outra parte, a lexislación básica tampouco resolve tódolos problemas. A cuestión que se formula é qué lexislación se aplica supletoriamente: a do Estado ou a das comunidades autónomas. Preguntas como “¿cal é o prazo de prescrición dunha falta grave?” na que se debe de ter en conta a norma máis favorable, ou “¿que regulamento de provisión se aplica para desempatar nun concurso?”, son expostas habitualmente, e poden existir solucións diferentes segundo a universidade galega que teña que resolverlo conflito, e mesmo solucións diferentes nos tribunais de xustiza dependendo da materia e da sala que xulgue.<sup>1</sup>

Cómpre, en consecuencia, que as leis definan qué normativa se lle aplica ó PAS das universidades galegas. A falta de pronunciamiento expreso, en boa técnica xurídica, sería aplicable a lexislación do Estado (tanto a Lei 30/1984 como os seus regulamentos de desenvolvemento) por canto, a diferenza da lexislación da nosa Comunidade Autónoma, existen cláusulas de supletoriedade en tódalas normas de función pública estatal que obrigarían a aplicar esta normativa.

Se se aplican as cláusulas de supletoriedade, tería que aplicarse a normativa estatal, o que é contrario á realidade e á propia lóxica. Así, as administracións públicas incluídas na propia Comunidade Autónoma, e incluso vinculadas á Comunidade Autónoma galega (segundo o art. 2 da LRXAP-PAC), teríaselles

<sup>1</sup> Un auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia chegou incluso a rexeitarlle á Universidade de Santiago o feito de non recoller como normativa aplicable nunha incoación dun expediente disciplinario, o Regulamento disciplinario da Comunidade Autónoma galega, a pesar de que é meridianamente claro que ó persoal docente, por tratarse de corpos interuniversitarios, se lle aplica a lexislación estatal.

que aplica-la lexislación dos funcionarios civís do Estado, o que pode parecer un contrasentido.

En consecuencia, o argumento contido polo ponente do PP para rexeita-la emenda carece dunha base sólida por canto existen moitas lagoas que non poden ser suplidas pola LRU nin pola lexislación básica do Estado, nin parece que se sexa previsible que a Comunidade Autónoma galega vaia regular, mediante norma específica, o PAS das universidades galegas.

Máis absurda é a argumentación do Partido Socialista para rexeita-la emenda. O seu argumento céntrase en que a extensión do ámbito de aplicación só ten incidencia na mobilidade funcional xa que, con carácter xeral gozan das garantías establecidas para a función pública do persoal ó servizo dos centros docentes<sup>2</sup>. A introducción do PAS de universidades galegas no ámbito de aplicación da Lei 4/1988 se en algo non tería por que incidir é na mobilidade dos funcionarios, xa recollida na Lei da función pública galega –art. 27.4–, na propia LRU e nos estatutos universitarios que permiten ocupar postos por persoal de calquera Administración indistintamente<sup>3</sup>.

Menos comprensible é a argumentación de que o PAS goza das garantías do persoal ó servizo de centros docentes: ¿quere isto dicir que terían os mesmos dereitos có persoal docente? A regulación do persoal docente universitario é radicalmente diferente ó PAS, posto que aquel ten unha normativa específica en desenvolvemento do propio art. 1.2 da Lei 30/1984 (que permite adecualo ás peculiaridades do persoal docente e investigador). Non existe equiparación posible entre a regulación do persoal docente e non docente. É máis, o noso Tribunal Constitucional na STC 26/1987 establece a aplicación da lexislación específica e, no seu defecto, a estatal por ser persoal “interuniversitario” e “comunicable”.

Non existen, como se pode apreciar, argumentos xurídicos de peso para rexeita-la inclusión do PAS no ámbito de aplicación da lexislación da función pública galega, o que seguramente e por desgracia deixará insoluble o problema de qué lexislación complementaria se lle aplicará a este persoal.

### **3. Situación actual e necesidade de pronunciamento**

A situación actual, desde o punto de vista fáctico, é que as universidades tenden a aplicar non a lexislación estatal (agás a básica, claro está) senón a da Comunidade Autónoma galega<sup>4</sup>. Así,

<sup>2</sup> Así consta no debate da ponencia publicado no *Boletín del Parlamento de Galicia*, do 11 de febreiro de 1995 (n.º 203).

<sup>3</sup> É unha cuestión política e non xurídica que nas relacións de postos de traballo e nas convocatorias de concursos ou de traslados se estableza un ámbito amplo ou reducido de participación. Tanto a Lei 30/1984 como a Lei 4/1988, recollen o principio de mobilidade interadministrativa.

<sup>4</sup> Na Universidade de Santiago existe, incluso, unha instrución para que se aplique a lexislación autonómica.

o persoal non docente ten equiparadas as súas retribucións ó persoal da C. Autónoma, goza de nove días de asuntos propios, as convocatorias de acceso esixen o coñecemento da lexislación autonómica de funcionarios, os tramos de niveis máximos e mínimos son os da Comunidade Autónoma, nas convocatorias de concursos establécese como aplicable o Regulamento de Provisión Autonómico, etc.

Considero que existe, así, unha vontade firme das universidades de que se lles aplique a lexislación da función pública galega e neste sentido están xa asumíndoa malia non estar incluídas expresamente no seu ámbito de aplicación.

A tendencia actual nas universidades galegas é a aplicación da lexislación autonómica, nunha interpretación extensiva do artigo 3.1 da Lei 4/1988<sup>5</sup>. Como dixen antes, isto responde a un criterio lóxico de uniformidade de aplicación da norma nun mesmo ámbito. Non ten sentido que unha administración dependente e vinculada á Xunta de Galicia estea aplicando a lexislación da Administración do Estado.

Esta aplicación real contrasta sen embargo coa norma que os exclúe e os obrigará a aplica-la cláusula de supletoriedade da lexislación do Estado.

Faise patente a necesidade de adecua-la norma á realidade das universidades galegas.

#### **4. Razóns para a inclusión do PAS no ámbito de aplicación da Lei 4/1988**

Ademais das razóns de adecuación da lei á realidade, debe considerarse este problema desde outro punto de vista: as universidades son administracións da Comunidade Autónoma galega e polo tanto deberían ter unha regulación uniforme en materia de función pública, sen prexuízo das especificidades que cada Administración posúe.

##### *a) O persoal ó servizo das universidades*

O persoal ó servizo das universidades está composto fundamentalmente por persoal docente e non docente, denominándose este último Persoal de Administración e Servizos (PAS).

O título VI da LRU esta integramente dedicado a este colectivo. No seu artigo 49 establécese que

“O persoal de Administración e servizos das universidades estará composto por funcionarios da propia universidade e por persoal contratado. Así mesmo, os funcionarios doutras universidades, do Estado ou da Comunidade Autónoma poderán

<sup>5</sup> “Esta lei é de aplicación a todo o persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos autónomos”.

prestar servicios en calquera universidade na situación de supernumerario ou na que legalmente se estableza como equivalente.(...)

O persoal de Administración e servicios das universidades rexerese pola presente lei e as súas disposicións de desenvolvemento, pola lexislación de funcionarios que lle sexa de aplicación, e, no seu caso, polas disposicións desta que elaboren as comunidades autónomas e polos estatutos da universidade”.

No mesmo sentido, o art. 141 dos Estatutos da Universidade de Santiago, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 204/1985, do 19 de setembro:

“O persoal de Administración e servicios estará composto polos funcionarios dos corpos da Administración do Estado e das escalas de organismos autónomos que presten servicio na universidade, así como os funcionarios das súas propias escalas e persoal laboral.”

Dos anteriores textos normativos podemos concluír que os funcionarios do Estado ou da Comunidade Autónoma poden prestar servicios como persoal de Administración e servicios da universidade, constatándose un principio de intercomunicabilidade e mobilidade entre os funcionarios do Estado e da Comunidade Autónoma na que se inserta a universidade.

#### *b) A universidade como Administración da Comunidade Autónoma*

■ *A Universidade de Santiago, como única universidade, foi obxecto de traspaso.*

O Real decreto 1754/1987, do 18 de setembro sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servicios e institucións e medios persoais<sup>6</sup>, materiais e orzamentarios en materia de universidades, establece no seu art. 2:

“En consecuencia quédanlle traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia os servicios e institucións, dereitos ou obrigas, así como o persoal e créditos orzamentarios que figuran nas relacións 1 e 4 anexas...”

No anexo deste real decreto, no seu punto B.-“ Funcións que asume a Comunidade Autónoma e identificación de servicios e institucións que se traspasan”, indica:

“Traspásaselle á Comunidade Autónoma de Galicia, a Universidade de Santiago”.

En consecuencia, a Universidade de Santiago como Administración universitaria foi obxecto de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia, asumindo esta as competencias que ata a data tiña o Estado.

<sup>6</sup> O traspaso de medios persoais só é para os efectos orzamentarios por canto se trata de escalas propias.



Entre estas competencias está a de regula-lo persoal e servios, se así o desexa, tal e como quedou reflectido no art. 49 LRU antes transcrito.

Se a universidade non formase parte da Administración da Comunidade Autónoma, sería imposible que esta puidese regular mediante textos normativos ou regulamentarios o seu persoal non docente.

■ *A Administración universitaria como Administración vinculada.*

De conformidade co art. 27 CE, a universidade goza de autonomía para a xestión dos seus propios intereses -servicio público da educación superior-. Esta autonomía abrangue a súa propia organización e sistema de prestación do servio que ten encomendado, pero nos demais aspectos é dependente da Comunidade Autónoma.

A Administración universitaria é unha Administración vinculada da Administración da Comunidade Autónoma nos termos do artigo 2 da Lei de rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común:

"1.- Enténdese para os efectos desta lei por administracións públicas:

- a) A Administración xeral do Estado.
- b) As administracións das comunidades autónomas.
- c) As entidades que integran a Administración local.

2.- As entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes de calquera das administracións públicas terán así mesmo a consideración de Administración pública".

Existen así, a teor deste artigo, tres administracións públicas (Estado, comunidades autónomas e local) e outras con consideración de AAPP pero que forman parte da Administración do Estado, ou da Administración da Comunidade Autónoma ou da Administración local.

A Universidade de Santiago é así unha Administración dentro da Administración da Comunidade Autónoma, vinculada a esta.

■ *A consideración da universidade como Administración da Comunidade Autónoma na lexislación da propia Comunidade Autónoma.*

A propia Comunidade Autónoma galega vén considerando que as universidades forman parte da súa Administración e neste sentido as regula (Lei de ordenación do sistema universitario de Galicia) pero ademais regula o persoal de Administración e servios das universidades como persoal propio da Administración da comunidade autónoma.

Como exemplo do que acabamos de expoñer abonda re-produci-la Lei de orzamentos para 1994 (Lei 1/1994, do 30 de marzo, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1994) onde *dentro dos gastos de persoal da Administración da Comunidade Autónoma se inclúe o PAS das universidades:*

TÍTULO II

DOS GASTOS DE PERSOAL

Capítulo I

**Retribucións do persoal**

**Artigo 9.** Bases da actividade económica en materia de gastos de persoal.

*Un.* Durante o ano 1994 as retribucións íntegras do *persoal ó servicio da Comunidade Autónoma* non experimentarán variación con respecto ás establecidas no exercicio de 1993 para cada posto de traballo. (...)

*Catro.* O presente artigo aplicaráselle ó *persoal ó servicio* de:

f) *As universidades de Galicia.*"

É obvio, á vista do establecido no artigo anterior que o persoal de Administración e servicios das universidades galegas aparece configurado na Lei de orzamentos galega dentro do concepto xenérico de "persoal ó servicio da Comunidade Autónoma".

Pola súa banda, esta mesma lei, no seu artigo 19, establece para o PAS laboral que "será preciso informe favorable conxunto da Consellería de Economía e Facenda e da Presidencia e Administración Pública para proceder a determinar ou modificar-las condicións retributivas do persoal non funcionario e laboral ó servicio de: e) *as universidades de Galicia.*"

Nos mesmos termos, o artigo 7 da Lei 6/1994, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1995, recolle dentro do título II, "Dos gastos de persoal":

...7.1. As retribucións íntegras do persoal ó servicio da Comunidade Autónoma, experimentarán en 1995 un incremento do 3,5 % respecto das establecidas no exercicio de 1994 para cada posto de traballo.

...7.4. O presente artigo aplicaráselle ó *persoal ó servicio* de:

a) Os órganos estatutarios de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 12.2 do Estatuto de autonomía de Galicia para o Parlamento.

b) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e os seus organismos autónomos.

f) *As universidades de Galicia.*"

As leis de orzamentos da Comunidade galega comprenden dentro do concepto de "persoal ó servicio da Comunidade Autónoma" tanto a Administración xeral -Xunta de Galicia- como

as outras administracións que conforman a Administración institucional galega (CRTVG, Instituto Galego de Promoción Económica, universidades galegas, sociedades públicas e outros entes públicos).

Se o persoal das universidades non estivese dentro do ámbito de aplicación da Administración da comunidade autónoma, tal precepto sería impensable.

Ademais do anterior, existen outras normas que recollen esta postura. Así, existe na Dirección Xeral da Función Pública da Xunta, unha mesa sectorial das universidades para pactar as condicións de traballo no ámbito da función pública galega; os resultados das eleccións sindicais na Universidade de Santiago computan para efectos de determinar qué sindicatos son os máis representativos no ámbito da Administración da Comunidade Autónoma, etc.

Que os medios persoais están integrados como parte da Administración galega demóstrase na propia consideración por parte da Xunta de Galicia e do Parlamento autonómico. Nas leis de orzamentos, nas pagas compensatorias ós funcionarios, na competencia para a resolución dos expedientes de compatibilidade/incompatibilidade do persoal universitario, nas eleccións sindicais, nas convocatorias de cursos da EGAP, etc., considérase o persoal universitario non docente como parte da Administración da Comunidade Autónoma.

*c) A Escola Galega de Administración Pública e o persoal funcionario das universidades galegas.*

A Lei 4/1987, do 27 de maio, crea a Escola Galega de Administración Pública. No seu artigo 3 establece, entre os seus fins, os de organización de probas selectivas, cursos de formación, probas ou cursos de promoción interna, etc., tanto da Administración da Comunidade Autónoma como doutras administracións públicas, tralo establecemento de convenio, coa excepción do persoal docente e investigador. As tres universidades de Galicia teñen subscritos os seus respectivos convenios coa EGAP.

Por outra parte, as universidades públicas de Galicia forman parte da dirección da EGAP e neste sentido o seu artigo 6 establece como órgano de goberno, o Consello Rector constituído por:

*"d) Tres representantes das universidades galegas, designados pola Xunta de Goberno."*

Ademais figuran como vocais representantes da Xunta de Galicia, representantes da Administración local de Galicia, expertos de recoñecido prestixio, o director da EGAP e cinco repre-

sentantes dos funcionarios designados polas organizacións sindicais máis representativas (que, como xa se dixo, para a determinación das organizacións sindicais máis representativas se teñen en conta os resultados sindicais das universidades públicas). Nótese así que *só están representadas, polo tanto, as administracións local, da Xunta e das universidades*, estando as dúas primeiras dentro do ámbito de aplicación da Lei 4/1988.

É obvio que se a Administración universitaria non formase parte da Administración da Comunidade Autónoma, non estaría representada no seu órgano de goberno supremo da EGAP.

Pero por se o anteriormente exposto non fose suficiente, o Decreto 306/1990, do 24 de maio, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento da EGAP, establece no seu organigrama dos servicios diferenciados: un de formación, selección, perfeccionamento e especialización da Administración autonómica e outro destinado á Administración local e a outras administracións.

Neste sentido, o artigo 17 establece:

"A Escola Galega de Administración Pública intégrase e estrutúrase basicamente nos seguintes servicios: b) Selección, formación, perfeccionamento, e especialización do persoal ó servizo da Administración local e doutras administracións públicas"

O feito de que exista un servizo específico no organigrama da EGAP, é un recoñecemento de que a Escola non é un servizo da Xunta e da súa Administración senón que ten como función a formación do persoal funcionario das administracións da Comunidade Autónoma e, dentro destas, encóntranse as universidades e o persoal non docente das mesmas.

As universidades galegas forman parte da Administración da Comunidade Autónoma galega, polo que se debe consideralos seus funcionarios como funcionarios da Comunidade Autónoma.

Proba indubidable de que a formación de funcionarios das universidades e incluso os cursos selectivos de acceso por promoción interna realízanse a través da EGAP, é a recente organización por este organismo do "Curso selectivo para o acceso por promoción interna á escala de administrativos da Universidade de Vigo", convocado por Resolución rectoral do 4 de marzo de 1994 (DOG, do 28 de marzo).

Queda patente que quen organiza e selecciona o profesorado non é a Universidade de Vigo, senón a EGAP. É, polo tanto, este organismo autónomo unha *institución de formación e participación no acceso dos funcionarios das universidades galegas*.

Como nova mostra do exposto, hai que indicar que actualmente están convocados ou pendentes de convocar varios cursos de informática, contratación administrativa, procedemento, persoal, etc. destinados ó PAS da Universidade de Santiago. Todos estes cursos de formación os organiza a EGAP.

A EGAP funciona, na práctica, como órgano de formación do persoal funcionario non docente das universidades galegas.

Profundizando no anterior, o Decreto 294/1992, do 10 de setembro, polo que se regulaban os cursos para o acceso ó diploma de directivo, modificouse no sentido de que, a partir do Decreto da Xunta de Galicia 1/1995, do 12 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 294/1995 (*DOG*, do 13 de xaneiro) se lles permitirá o acceso –aínda que reducido a un tercio do total das prazas– ós funcionarios de calquera outra das restantes administracións públicas existentes en Galicia, entre elas, a Administración universitaria.

É, pois, outra mostra da tendencia cara á uniformidade na regulación da función pública na Comunidade galega.

## **5. A regulación do PAS nas comunidades autónomas con competencias transferidas en materia de función pública e de educación superior**

Como xa se recolle no debate do informe da ponencia sobre a modificación da Lei 4/1988, a emenda de inclusión do PAS no ámbito de aplicación da Lei da función pública galega ten a súa xustificación en que noutras comunidades autónomas con competencias en educación superior, se inclúe o PAS dentro da aplicación da Lei da función pública autonómica, tales como a lei catalana ou a lei valenciana.

Así, a recente Sentencia do TSX de Valencia, do 30 de maio de 1994, sobre aplicación do artigo 20.1.f) da Lei 30/1984 a un concurso de méritos do PAS da Universidade Jaume I, vén senta-la aplicación da lei da comunidade no non regulado nos estatutos universitarios:

Segundo.- O marco normativo de referencia para o adecuado enfoque da cuestión debatida pecaría de insuficiente se tan só se aludise o referido artigo 20.1.f) da Lei 30/1984, que por carecer de carácter básico non lle sería de imperativa aplicabilidade ó ámbito de tódalas administracións públicas. Por isto, o texto primordialmente aplicable ó caso que analizamos, sería o artigo 20.6 do Texto refundido da Lei da función pública valenciana, a falta de desenvolvemento, na data a que se refiren os actos recorridos, das previsións estatutarias (...)."

Nas comunidades autónomas con competencia en materia de educación superior, o persoal de Administración das universidades forma parte da Administración autonómica e lle son aplicables as súas normas.

## **6. O principio de uniformidade e coordinación**

Á vista do anteriormente exposto, esencialmente a consideración das universidades como administracións da Comunidade Autónoma galega, debería desprenderse a necesidade dun tratamento unitario e uniforme da función pública en Galicia sen que sexa defendible a existencia de "lagoas" ou ámbitos excluídos de aplicación a determinados colectivos sen unha causa obxectiva ou razoable, xa que a autonomía universitaria non pode servir de excusa para esta exclusión por canto esta autonomía non pode chegar a regular un verdadeiro "estatuto funcional do PAS", debendo necesariamente acudir á lexislación estatal ou autonómica nesta materia.

Non tería sentido así que dentro dunha administración pública vinculada á Xunta, se estea aplicando, polas regras da supletoriedade, unha lexislación destinada ós funcionarios civís do Estado. Aplica-la lexislación estatal, no que non é básico, supoñería un contrasentido, xa que cando se regula o persoal civil do Estado central se esta partindo de premisas distintas e de realidades sociais completamente diferentes.

A regulación da función pública no ámbito da Comunidade Autónoma debe partir dunha realidade social que non pode se-la mesma en Madrid que en Galicia, de aí que non poidan existir lagoas na aplicación da lexislación da función pública galega en administracións da mesma comunidade.

A ampliación do ámbito de aplicación da Lei 4/1988, tería así unha cuádruple consecuencia positiva:

- A clarificación do réxime xurídico aplicable ó Pas das universidades, eliminando a inseguridade que provoca que pola vía de feito se aplique unha regulación, cando en correcta técnica xurídica, se lle debe aplicar outra.
- O exercicio real e efectivo das competencias que a Comunidade Autónoma posúe con respecto ó PAS das universidades.
- Evita-la contradicción existente que consiste en que en determinadas normas se o considere como persoal da comunidade autónoma (retribucións nas leis de orzamentos) e noutras non (Lei da función pública galega).

■ Consegui-la uniformidade e tratamento igualitario, coas peculiaridades que cada Administración posúe, da función pública no ámbito da Comunidade Autónoma galega.

Desexable sería que para esa futura regulación se usasen técnicas de cooperación e coordinación entre os poderes públicos da Administración da Xunta de Galicia e das universidades galegas, porque así o demanda o necesario tratamento común dos administrados, cunha mínima diferenciación, en función das poucas peculiaridades de autoorganización que demanda a autonomía universitaria.

Debe aproveitarse o actual momento histórico de reforma da lexislación da función pública galega, para corrixi-lo defecto da anterior regulación e incluí-lo PAS dentro do ámbito de aplicación da Lei 8/1988, ben directamente ou supletoriamente, coa finalidade de evitar que dentro de administracións propiamente galegas se teña que aplicar unha lexislación totalmente allea ó seu contorno social, como é a de funcionarios civís do Estado, creando inxustificadas ámbitos de exclusión do réxime funcional da Comunidade Autónoma.

## 7. Conclusións


a. O persoal de Administración e servicios das universidades, ó seren administracións vinculadas á Comunidade Autónoma galega, debería te-la mesma regulación en materia de función pública cás outras administracións galegas, baseándose nun principio de uniformidade e de exercicio efectivo da competencia autonómica.

b. A realidade social é que as universidades galegas tenden cara á aplicación da lexislación da función pública galega a pesar de que, en boa técnica xurídica e por aplicación das cláusulas de supletoriedade, debería aplicarse a da Administración do Estado.

c. Faise necesario, en consecuencia, e aproveitando que se está modificando a Lei 4/1988, incluír no ámbito de aplicación desta norma, ben directa ou supletoriamente o persoal de Administración e servicios das universidades públicas de Galicia para os efectos de aclarar definitivamente o réxime xurídico aplicable a este persoal, recollendo unha realidade actualmente existente.

d. Deben terse en conta criterios técnicos e non políticos na redacción da modificación da Lei da función pública galega,

## **N**OTAS E COMENTARIOS

de tal maneira que se recollan aquelas emendas que melloren o seu texto, independentemente do grupo político que as propoña, para que se xere un beneficio xeral para as administracións insertas na Comunidade galega. 





## O crédito local: regulación xurídica, carga financeira, procedementos e modalidades

Interventor adxunto da  
Depuración Provincial  
da Coruña

**Enrique Calvete Pérez**

### **1. Introducción**

O tema do endebedamento das corporacións locais cobra nos nosos días unha importancia capital. Isto prodúcese por un dobre motivo:

1) Trátase dun fenómeno do que non se pode prescindir. As dificultades crónicas que padecen as facendas locais para facerlles fronte ós gastos necesarios para a realización de investimentos en infraestructuras, equipamentos e servicios en xeral de primeira necesidade ou de grande demanda social. Malia o establecido polo artigo 142 da Constitución verbo da suficiencia financeira das facendas locais e do avance relativo que respecto disto supuxo a Lei 39/88, o feito certo é que grande parte das corporacións locais precisan inevitablemente do endebedamento, sen o que non sería posible a realización de investi-

mentos nos municipios. A presión cidadá, por razóns de proximidade administrativa, en demanda dun maior gasto local provoca unha necesidade de investimento que os concellos non poden emprender cos seus recursos ordinarios, dada a contía xeralmente escasa do aforro público local.

2) A problemática xerada polo progresivo endebedamento e a situación orzamentaria e financeira que provoca a medio e longo prazo, fan inviable o establecerlle a apelación ó crédito como un recurso de carácter permanente. A carga financeira excesiva convértese nun lastre que impide á súa vez aplicarlles recursos a novas necesidades ou servizos públicos. Por todo isto, resulta de enorme interese o estudio de tódolos aspectos tanto xurídicos como económicos que rodean as operacións de endebedamento, co fin de procura-la maneira de, se é posible, reduci-lo mesmo ou, polo menos, que este se dea nas mellores condicións de mercado posibles e se oriente cara a investimentos, as rendibilidades social e económica dos cales fagan xustificable a realización das correspondentes operacións.

## 2. Regulación xurídica do crédito local

A normativa de aplicación encádrase basicamente ó redor dos artigos 49 e 56 da Lei 39/88, reguladora das facendas locais (en adiante LFL), que presenta, ó meu xuízo, o grave defecto da falta de desenvolvemento regulamentario dalgúns aspectos importantísimos que se indicarán máis adiante. Esta circunstancia vai mitigarse como consecuencia da reforma implantada na Lei 13/96, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de tipo social e que contén unha serie de modificacións dos artigos 50 a 55 da LFL, entre outros aplicables ó mundo local, que pretenden introducir un maior desenvolvemento dos preceptos reguladores do endebedamento das entidades locais, cunha serie de restriccións racionalizadoras que, no seu conxunto, parecen positivas pois veñen encher importantes lagoas existentes na dita normativa de aplicación necesitadas, iso si, de desenvolvemento regulamentario, aínda que mereza unha importante crítica a confusa redacción e precipitación abordada nalgunhas das modificacións, así como o feito criticable en si mesmo, de que se tratase esta importante reforma nunha maraña de reformas lexislativas de multiplicidade de normas xurídicas sobre as máis variadas materias nunha especie de "lei comodín" con minúscula, que constitúe unha técnica lexislativa máis que dubidosa amplamente criticada pola doutrina. Pero vaíamos por partes.

O capítulo VII da Lei 39/88 relativo a operacións de crédito, comeza cunha autorización ampla e xenérica a prol das entidades locais para concerta-las ditas operacións de crédito, en tódalas súas modalidades e con toda clase de entidades de crédito. Loxicamente, esta autorización incríbese nos termos previstos na propia lei.

O artigo 50 da LFL, establece a posibilidade de acudir ó crédito público ou privado, a medio e longo prazo, en calquera das súas formas:

- a) Emisión pública de débeda.
- b) Contratación de empréstitos ou créditos.
- c) Conversión e substitución total ou parcial de operacións preexistentes. Asemade, tanto por lei como por lóxica financeira, tódalas operacións de crédito das que estamos a falar deben ter como destino obrigatorio o financiamento de investimentos, sexan estes reais, transferencias de capital ou financeiros.

Non obstante, existen dous supostos excepcionais, dificilmente xustificables desde o punto de vista da racionalidade económica e financeira e só aplicables a corporacións locais que se encontren en situacións verdadeiramente graves desde esta perspectiva, en que é posible apela-lo crédito para operacións correntes ou "o consumo":

1. O suposto previsto no artigo 158.5 da LFL, no que cando non sexa posible o financiamento dun crédito extraordinario ou suplemento de crédito polas vías ordinarias previstas noutras alíneas do dito artigo, se poderán financiar gastos correntes con operacións de empréstito, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que a operación non supere o 5% dos recursos por operacións correntes do orzamento da entidade.
- b) Que a carga financeira total da entidade, incluída a derivada das operacións proxectadas, non supere o 25% dos expresados recursos.
- c) Que as operacións queden canceladas antes de que se proceda á renovación da corporación que as concerta.

2. O suposto previsto no artigo 174.2, no que se establece que cando nunha corporación existe un remanente de tesourería negativo, e non é posible adopta-la primeira medida prevista respecto disto na norma, tal é a redución de gastos no importe do saldo negativo do dito remanente de tesourería, se poderá acudir a unha operación de crédito coas características e condicionantes da xa analizada no apartado anterior. Se isto non

for posible, o orzamento do exercicio seguinte deberá aprobarse con superávit na contía mínima do citado déficit.

Salvo estes dous supostos excepcionais, non se admite a posibilidade de operacións de crédito "ó consumo", financiadoras de gastos correntes que, por outra parte, son suicidas desde o punto de vista financeiro.

### *Recursos ofrecidos en garantía*

En toda relación contractual prestamista-prestameiro, resulta importante determinar qué garantías ofrece o prestameiro de cumprimento das obrigas derivadas da operación. Se ben o artigo 50.4 da LFL admite tamén a constitución de garantía real sobre bens patrimoniais (loxicamente non é posible en relación con bens de dominio público), e así mesmo mediante a prestación de avais.

Non obstante, a práctica habitual nas corporacións locais, é a de afectar en garantía do cumprimento das obrigas derivadas dos empréstitos, determinados recursos de realización periódica e contía abonda para cubri-las ditas obrigas.

A participación nos ingresos do Estado e determinados recursos tributarios locais, son os que habitualmente se adoitan ofrecer. Non obstante, dada a situación de dificultades e incluso de escasa solvencia estrutural dalgunhas corporacións locais, as entidades financeiras están a estudar cada día máis exhaustivamente a situación económico-financiera da entidade e, particularmente, a viabilidade dos recursos ofrecidos en garantía, aspectos que inciden non só na concesión ou non do crédito, senón nas condicións do mesmo, máis desvantaxosas desde logo, canto peor sexa a situación dos indicadores principais (carga financeira, remanente de tesourería, aforro neto, etc.), por ofrecerlle un maior risco á entidade financeira correspondente.

### *Operacións de tesourería*

Para atender dificultades transitorias de tesourería poderán as entidades locais concertar con entidades financeiras, operacións destas características, por prazo non superior a un ano, sempre que no seu conxunto non superen o 30% dos seus ingresos por operacións correntes do último exercicio liquidado. A competencia para a concertación destas operacións correspóndelle ó Pleno, salvo que non superen o 5% dos ingresos liquidados antes mencionados; neste caso o alcalde ou presidente sería o órgano competente para resolver, sempre que se lle dea conta ó Pleno na primeira sesión que se realice.

A Lei de medidas fiscais, administrativas e de tipo social –Lei

13/96, en adiante LFAS- incorpora como novidades unhas modificacións dos artigos 52 e 53 da LFL que afectan ás operacións de Tesourería ó limitalas cuantitativamente, así como competencialmente pasan a precisar e reduci-la esfera de competencias do alcalde ou presidente:

1º) Redúcese o importe conxunto das mesmas, do 35% dos recursos liquidados por operacións correntes do último exercicio, tal como figuraba en orixe na LFL, ó 30% como xa quedou dito anteriormente. Este será o índice que pode alcanzar esta forma de endebedamento.

2º) Limitáase a competencia da alcaldía no sentido de establecer un mínimo do 15% dos ingresos por operacións correntes, para o conxunto de operacións autorizadas polo presidente da Corporación, e corresponderalle en todo caso a competencia de superarse o dito límite ó Pleno da Corporación.

Con isto evítase a posible fraude na lei, na que potencialmente se podería incorrer ó concertar sucesivamente operacións inferiores ó 15%.

Resulta importante indicar, que estas operacións non sempre se concertan para a finalidade para a que están previstas na norma, é dicir, "as dificultades transitorias de tesourería", senón para te-lo camiño de problemas estruturais e financeiros máis complexos (situación de déficit permanente, insolvencia fronte a acredores...etc.), o que lonxe de solucionar os problemas de orixe, o único que consegue é agravalos ó demora-las necesarias solucións estruturais que só se poden abordar a través dun plan global de saneamento en función das circunstancias concretas do concello en cuestión. Pero entendo inadecuada e extraordinariamente perigosa a utilización de operacións de tesourería como "fuxida cara a adiante" dunha situación financeira e orzamentaria de déficit crónico e permanente.

#### *Concertación de operacións de crédito*

O artigo 53 da LHL, establece que "a concertación de toda clase de operacións de crédito deberá acordala o Pleno da Corporación tralo informe da Intervención, no que se analizará, especialmente, a capacidade da entidade local para facerlles fronte, no tempo, ás obrigas que daquelas se deriven para a mesma". Volveremos máis adiante sobre a explicación do qué ten que se-lo contido do informe da Intervención. Centrémonos agora en temas competenciais: o Pleno é o órgano competente para calquera acordo de concertación de débeda. Respecto disto, cóm-

pre lembrar que, de acordo co previsto no artigo 47.3.g) da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local, se precisa maioría absoluta do número legal de membros da Corporación para adoptar acordos relativos á aprobación de operacións financeiras ou de crédito cando o seu importe reborda o 5% dos recursos ordinarios do orzamento.

Outro tema para determinar é se a decisión do Pleno da Corporación é soberana ou está condicionada á autorización doutra Administración pública por cuestións de tutela ou de preservar intereses xerais de ámbito superior ó municipal. Verbo disto, o artigo 54 de a LFL, distingue dous supostos claramente diferenciados:

1) Casos en que a apelación ó crédito por parte das entidades locais incide ou pode incidir na política económica xeral, ou nos mercados financeiros, como é o suposto de operacións de crédito para formalizar co exterior, e as que se instrumenten mediante emisións de Débeda pública por parte da entidade local. Nestes supostos, pola transcendencia derivada dos casos expostos, é preceptiva en todo caso a autorización dos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda.

2) Concertación de créditos e concesión de avais que non se encadren nos supostos do apartado anterior. Neste caso, as razóns esgrimidas para someter a autorización estas operacións non pasan de ser unha simple tutela financeira das corporacións locais, se consideramos individualmente a análise de cada operación de crédito. Todo isto sen prexuízo de que globalmente e por motivos de política económica xeral, as leis respectivas de orzamentos xerais do Estado lles limiten o acceso ó crédito, tal e como prevé a alínea 6ª do artigo 54 da LFL, ás corporacións locais.

Esta tutela financeira pódeseelles atribuír, como no caso de Galicia, ás comunidades autónomas. Con carácter xeral, procede a esixencia de autorización do órgano competente-Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira da Consellería de Economía e Facenda-, ó formular unha serie de criterios para que tal autorización sexa outorgada: situación económica da entidade local, prazo de amortización da operación, futura rendibilidade económica do investimento para realizar e condicións de todo tipo do crédito para concertar.

A LFAS engade ademais dos condicionantes anteriores, unha importante concreción dos parámetros que cómpre considerar para determina-la situación económica do ente local: o

aforro bruto e neto, así como o remanente de tesourería, criterios que aínda que son esenciais para a análise pretendida, non se precisaban como tales ata o momento na normativa de aplicación. De todas formas, as entidades locais non precisarán autorización para concertar operacións de crédito, nos seguintes supostos:

a) Cando a contía da operación proxectada non reborde o 5% dos recursos liquidados da entidade por operacións correntes, deducidos da última liquidación orzamentaria practicada. Os ditos recursos correspóndenlles ós capítulos 1 a 5 do Orzamento municipal de ingresos.

b) Cando o crédito se destine a financiar obras e servicios incluídos en plans provinciais e programas de cooperación económica local debidamente aprobados.

En todo caso, precisarase que a carga financeira anual derivada da suma das operacións vixentes concertadas pola entidade local e da proxectada non exceda do 25% dos recursos liquidados por operacións correntes xa citados. Tódalas cuestións derivadas deste importante concepto de carga financeira analizámolos no seguinte apartado.

Non obstante, a través da LFAS establécese a imposibilidade de concertar empréstitos a medio e longo prazo se se dá a circunstancia de que o aforro neto da entidade local calculado tal e como prevé a dita lei nas novas alíneas que lle engade o artigo 50 da LFL, sexa negativo en contía superior ó 2% dos ingresos correntes liquidados do último exercicio ou das partidas de ingresos por natureza vinculados á explotación, excluídas, neste último suposto, as dotacións para a amortización de activos, e non se pode neste caso concertar novas operacións de crédito a medio e longo prazo, salvo que:

a) Ó se-lo aforro neto negativo, inferior ó 7% dos referidos parámetros, o Pleno da Corporación aprobe un plan de saneamento financeiro a un prazo non superior a 3 anos, destinado a nivela-la situación financeira da entidade, a través do cal se adopten as medidas de xestión, tributarias, financeiras e orzamentarias que permitan como mínimo axusta-lo aforro neto na marxe do 2% antes sinalado.

b) Aínda que se supere o límite máximo do 7% na citada relación aforro neto/recursos ordinarios, e como requisito previo á autorización de calquera operación de crédito por parte das respectivas entidades, deberá elaborarse, un plan de saneamento financeiro a un prazo non superior a 6 anos que se someterá á aprobación do Pleno, co fin de que lle sexa ele-



vado ó órgano competente para autoriza-la operación para que se determinen por este, con carácter previo ás autorizacións correspondentes, os límites de endebedamento admisibles no marco das medidas que no mesmo se adopten.

En consecuencia, o órgano competente para outorga-la correspondente autorización deberá, no seu caso, entrar na análise do aforro neto e dos plans de saneamento financeiro que poidan ser necesarios no suposto de que se formulen as situacións anteditas.

### **3. Carga financeira: o seu cálculo, problemática que presenta e outros parámetros de medida do endebedamento das entidades locais**

Un tema importante pola transcendencia que tanto desde o punto de vista normativo e procedemental, como económico-financieiro ten, é o cálculo da carga financeira, aspecto moi controvertido nos últimos tempos.

En principio o artigo 54.4 da LFL parece claro respecto disto:

“Para os efectos deste artigo, entenderase por carga financeira a suma das cantidades destinadas en cada exercicio ó pagamento das anualidades de amortización, dos xuros e das comisións correspondentes ás operacións de crédito formalizadas ou avaladas, con excepción das operacións de tesourería”.

En resumo:

$$CF = A + i + Co$$

CF = Carga financeira.

A = Cantidad destinada orzamentariamente á amortización dos empréstitos vivos. i = Cantidad destinada orzamentariamente ós xuros da débeda viva.

Co = Cantidad destinada orzamentariamente a facer fronte a comisións e gastos asimilados relacionados cos empréstitos vivos.

Así mesmo tamén é importante a magnitude sinalada no artigo 54.3 da LFL, que pon en relación a magnitude CF cos recursos liquidados por operacións correntes derivados da última liquidación orzamentaria practicada. Esta *ratio* que podíamos denominar “nivel de endebedamento”, é o que erroneamente se denomina ás veces como carga financeira, e é o parámetro que se utiliza como representativo do grao de endebedamento dunha corporación local, mesmo para os efectos de considerala necesidade de autorización ou non da Comunidade Autónoma para concertar empréstitos.

A dita magnitude sería entón:

$$Ne = CF / RL$$

Ne= Nivel de endebedamento.

CF= Carga financeira.

RL= Recursos liquidados por operacións correntes da última liquidación orzamentaria. É dicir, recursos liquidados dos capítulos 1 a 5 inclusive do orzamento de ingresos. De tódalas maneiras entendo que, para os exclusivos efectos deste cálculo, se debían exceptuar aqueles recursos liquidados que aínda que lles correspondan ós capítulos indicados, sexan ocasionais e só se vaian producir no exercicio ó que se refire a liquidación (subvencións correntes non periódicas, contribucións especiais, etc.).

Vista a formulación anterior, parece que tanto o cálculo da carga financeira como o do nivel de endebedamento son a primeira vista sinxelos, e que constitúen magnitudes relativamente estáticas, polo menos dentro do exercicio.

E efectivamente así acontece cando a entidade local concerta tódolos seus empréstitos a tipo de xuro fixo, con cadros de amortización predeterminados, e sen que exista ningún outro elemento de incerteza. Neste suposto a carga financeira só se modificará ó incorporar novos empréstitos, e o nivel de endebedamento alterarase pola mesma causa e, ademais, anualmente con ocasión da liquidación de cada orzamento, ó variar os recursos liquidados por operacións correntes.

Non obstante, existen casos especiais en que o concepto de carga financeira pasa a ser dinámico e de máis difícil determinación ou, cando menos, predeterminación. Eses supostos xa os insinúa a propia LFL no seu artigo 54.5, cando establece que a imputación á carga financeira de operacións en divisas, a tipo de interese variable ou amplos períodos de carencia, se establecerá de acordo cos criterios que se fixen regulamentariamente.

Ende mal, non se cumpriu esta previsión da lei, e non se desenvolveu ata o momento tal norma regulamentaria. Polo tanto haberá que instrumentar tales supostos por un criterio de lóxica económico-financiera, tratando de determinar sistemas que nos acheguen ó principio de "imaxe fiel" neste caso da débeda da entidade local.

Para isto, analizaremos os distintos supostos considerados na lei, e formularemos a solución que, ó noso xuízo, procede en cada caso:

a) Empréstitos concertados en divisas. Dada a escasa relevancia deste suposto nos concellos galegos non merece un tra-

tamento exhaustivo. Non obstante, o criterio de cómputo adecuado entendo que podería ser semellante ó que imos indicar no apartado c) para os empréstitos a tipo variable, aínda que con algunhas matizacións.

b) Períodos de carencia. Resulta frecuente que os concellos concerten os seus empréstitos con períodos de carencia, na maior parte dos casos limitados ó período de disposición de fondos da conta de empréstito en que se concerta a operación. Calquera formulación que supoña adia-lo período de carencia máis alá do predeterminado para dispoñer dos fondos en que se concreta o investimento supón, ó meu xuízo, un encarecemento do conxunto da operación ó pagar un exceso de xuros en relación co que se pagaría de comezar a amortizar. Para este suposto, entendo que o cálculo correcto da carga financeira non pode deixar de imputa-lo dito empréstito aínda que non teña repercusión orzamentaria no exercicio corrente. Pero, de feito, a realidade indícanos que se trata dunha carga financeira potencial dun empréstito vivo que o concello asumiu. Por isto, entendo que se lle debe adicionar á carga financeira a primeira anualidade teórica de amortización completa do empréstito que se encontra en período de carencia.

c) Empréstitos a tipo variable. Resulta cada vez máis frecuente nos concellos a concertación de operacións a tipo variable. Sen entrar a analiza-las vantaxes e inconvenientes deste tipo de operacións, que será obxecto doutro apartado, si que debemos indicar que para efectos da carga financeira ten unha transcendencia grande posto que converte esta magnitude e o denominado “nivel de endebedamento”, en conceptos dinámicos suxeitos a variación practicamente diaria en función da evolución do tipo de referencia, normalmente o MIBOR a 3 meses, polo que, poderíamos falar neste caso de tres cargas financeiras:

■ Carga financeira prevista no exercicio: a derivada dos datos dos capítulos 3 e 9 do orzamento de gastos do exercicio. É a que se calcula no expediente de tramitación e aprobación do orzamento do exercicio, cando se produce a autorización inicial por parte do Pleno da Corporación sobre a previsión de operacións de endebedamento do exercicio corrente.

■ Carga financeira real para os efectos de establecer se procede a solicitude de autorización prevista no artigo 54.3 da LFL: a anterior, adicionando a carga financeira derivada da operación ou operacións proxectadas. É a que se calcula no expediente de tramitación de cada nova operación de empréstito. Neste suposto habería que incluí-la anualidade teórica de amortización tanto das operacións proxectadas como das que estean en pe-

río de carencia. Para o tipo aplicable ó cálculo podemos empregar varias opcións cando este sexa variable nalgún ou en tódolos empréstitos (tipo no día da data, tipo do último trimestre, tipo medio do último exercicio,... etc.). Posiblemente estes aspectos sexan resoltos no desenvolvemento regulamentario próximo da LFL en materia de endebedamento das corporacións locais.

■ Carga financeira realmente soportada no exercicio: a derivada dos datos da liquidación do orzamento do exercicio tanto en gastos, como en ingresos para os efectos de calcula-lo nivel de endebedamento. Para estes efectos, a LFAS pretende introducir certa solución á indefinición regulamentaria, aínda que parcialmente articulada e carente das concrecións necesarias que se lle seguen remitindo ó futuro desenvolvemento regulamentario. Non obstante, cómpre valora-lo establecemento dunha dotación material de "provisións con cargo ó remanente de tesourería", expresión que malia a súa falta de definición conceptual parece interpretarse como un "bloqueo" dunha parte do remanente de tesourería liberado para financiar futuros gastos, co propósito de preve-la evolución das cargas financeiras no futuro, ó remata-los períodos de carencia, ou a evolución da carga cando esta por depender dos tipos de cambio (moeda estranxeira) ou tipos de xuro de referencia (empréstitos variables) sexa de difícil determinación en exercicios futuros.

#### *Outros parámetros para determina-la capacidade de endebedamento dunha entidade local*

Se ben a normativa de aplicación establecía ata agora a carga financeira e a súa relación cos recursos ordinarios liquidados como a magnitude fundamental para determina-la capacidade financeira da entidade local, consideramos que sen nega-la importancia da dita magnitude existen outros parámetros tanto ou máis importantes e que, sen embargo, non merecían ningunha consideración, salvo as tímidas alusións dalgún artigo da LFL.

Cómpre loa-lo feito de que por fin a LFAS considere unha importantísima modificación do artigo 50 da LFL, e introduza unhas alíneas 5<sup>a</sup>, 6<sup>a</sup>, 7<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> para engadir-lles ás vixentes, onde se pon de manifesto a importancia das ditas magnitudes á hora de determina-la capacidade de endebedamento dun ente local, e a necesidade de obrigar á adopción de plans de saneamento en circunstancias de aforro neto negativo superior ó 2 por cento dos recursos liquidados por operacións correntes, así como limitar e incluso imposibilita-la apelación ó crédito da-

quelas entidades locais que non cumpran os parámetros previstos na dita norma.

En consecuencia, tan importante como a carga financeira e o nivel de endebedamento son o aforro neto e a análise de repercusión orzamentaria dos investimentos que se pretenden financiar coa apelación ó crédito:

a) O aforro neto. O artigo 139 da LFAS, ó engadirlle entre outros unha alínea 5ª ó artigo 50 da LFL, está definindo os conceptos de aforro bruto e neto, así como as consecuencias destes parámetros para os efectos da posibilidade de endebedamento dunha entidade local.

Determinábase o "aforro bruto", pola diferenza entre os dereitos liquidados e as obrigas recoñecidas do último exercicio pola agrupación de operacións correntes, e exclúese dos primeiros a contía dos dereitos liquidados por contribucións especiais e os gastos imputados ó capítulo III. Así mesmo, exclúese calquera outro ingreso ou gasto que non teña a condición de corrente - suponse que do que se trata é de elimina-los gastos "non correntes" ou "non periódicos".

Así mesmo, o "aforro neto" obterase do anterior ó minora-la chamada "anualidade teórica de amortización", incluídos os xuros e as cotas de amortización de capital de cada un dos empréstitos pendentes de reembolso, así como a da operación proxectada que se pretenda concertar, calculados en termos constantes, calquera que sexa a modalidade e condicións de cada operación.

Malia as dúbidas que se formulan ó redor da "anualidade teórica de amortización" e da súa aplicación, que terá que ser clarificada de forma precisa no desenvolvemento regulamentario, hai que ter en conta a importancia da magnitude moi representativa da capacidade do endebedamento e que se deberá ter especialmente en conta no informe do interventor municipal previsto no artigo 53.1 da LFL. A evolución desta magnitude ó longo das sucesivas liquidacións orzamentarias tamén dará idea da súa dinámica, e forma unha visión a longo prazo da posibilidade de acceder pola entidade local a uns niveis de endebedamento.

b) A segunda circunstancia por considerar, que así mesmo incide tanto no aforro bruto como neto potencial dos exercicios orzamentarios vindeiros, é a análise da repercusión orzamentaria do investimento para financiar mediante endebedamento. En moitas ocasións, por simples necesidades de realización de investimentos a curto prazo acódese a financiar, mediante empréstito, investimentos que van prexudicar notablemente o aforro futuro, posto que:

■ Non lles xeran recursos correntes ás arcas municipais, nin directa nin indirectamente.

■ Xeran importantes gastos correntes que incrementan os correspondentes capítulos anuais.

Todo isto á parte do incremento de carga financeira que supoñen. Por isto, debíase de propoñe-lo hábito de realizar ante cada proxecto de investimento un estudio da súa repercusión orzamentaria futura, a través das adecuadas previsións de estudio custo/rendemento das mesmas. Non é que esteamos formulando unha visión exclusivamente economicista do investimento público. Dentro do rendemento tamén se deberá avalia-la repercusión social do dito investimento e o número de cidadáns que se verán beneficiados. Pero todo este conxunto de factores tanto de rendemento económico e incidencia orzamentaria, como de repercusión social, deberían ser analizados en todo caso, e moito máis cando se está propoñendo o acudir a recursos alleos que teñen un importante custo de financiamento, e que teñen así mesmo moitos usos alternativos.

c) Finalmente aínda que en íntima conexión cos apartados anteriores, habería que considera-las obrigas pendentes de pagamento produto da xestión ordinaria do concello, e poñer en relación os ditos pagamentos pendentes, tanto de exercicio corrente como de exercicios xa pechados, coas posibilidades de xeración de recursos para facerlles fronte ós mesmos. A situación dalgúns concellos en relación a provedores e contratistas resulta verdadeiramente difícil polas dificultades estruturais que se derivan dunha deficiente previsión orzamentaria. Todo isto aconsella acudir a novas operacións de endebedamento, sen reducir substancialmente as ditas débedas de "xestión ordinaria", partindo dun cálculo do orzamento máis rigoroso, autenticamente limitativo en gastos, en función dos recursos reais, evitando unha excesiva "xenerosidade" na previsión dos ingresos.

#### **4. Aspectos procedementais das operacións de empréstito**

En primeiro lugar, debe destacarse que un empréstito debe ser obxecto de cálculo do orzamento inicial no orzamento de ingresos da entidade, e determinar no anexo de investimentos que se achega co orzamento, cáles son os investimentos que se financian mediante o dito empréstito.

Por outra parte, no suposto de que non se prevexa no orzamento inicial, só se lle poderá incorporar ó orzamento definitivo a través dun crédito extraordinario ou suplemento de cré-

dito, como financiamento dos novos gastos incluídos no mesmo. Verbo do tratamento orzamentario e contable das operacións de empréstito, debemos significar dúas novidades importantes incorporadas á LFAS, a través da redacción da nova alínea 8ª do artigo 50 da LFL:

1) Non poderán adquirir firmeza os compromisos de gasto vinculados á obtención de ingresos por vía de concertación de operacións de crédito, ata tanto non se dispoña da autorización prevista no artigo 54.2, no suposto de que esta sexa necesaria.

2) Deberán cumprirse as previsións orzamentarias do capítulo 9 do orzamento de ingresos, na medida en que financian gastos afectados, salvo que tralo acordo do Pleno da Corporación, se substitúa o financiamento dos respectivos créditos orzamentarios por outras fontes, a través da tramitación dos expedientes de modificacións de crédito.

Outro aspecto destacable é o seu carácter contractual. As operacións de crédito formalizaranse a través dun contrato de empréstito, a natureza do cal vén sendo obxecto de discusión, que vén solucionar-la LFAS, aínda que con algunha inconcreción. O primeiro problema que se presenta respecto disto é o de catalogalo contrato de empréstito como administrativo ou mercantil, de acordo cos criterios da Lei 13/95, do 18 de maio de contratos das administracións públicas. A dita catalogación ten consecuencias prácticas moi transcendentales en canto á normativa de aplicación de cada unha das fases contractuais e, particularmente, en canto ós requisitos de publicidade esixibles, incluso a nivel comunitario.

O artigo 9.1 da Lei 13/95 dispón que os contratos non administrativos das administracións públicas se rexen, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas administrativas específicas, pola propia Lei 13/95 e mailas súas disposicións de desenvolvemento. Non así en canto ós seus efectos e extinción que lle será aplicable o dereito privado.

Con independencia da necesaria profundidade doutrinal que require o tema formulado, e coas dúbidas propias da interpretación da nova normativa contractual a un suposto tan peculiar, o considera-lo contrato de empréstito como administrativo supón en canto ós seus efectos e extinción, o somete-lo dito contrato a unhas regras absolutamente incompatibles coa práctica financeira e que obstaculizaría ou impediría a apelación ó crédito das entidades locais e demais administracións.

Se incluímo-lo contrato de empréstito dentro dos denominados servizos financeiros do artigo 207.6 da Lei 13/95, formulándoo en consecuencia como contrato administrativo típico

de asistencia, teríamos, entre outras consecuencias absurdas, que a duración do mesmo non podería exceder dos límites previstos no artigo 199 da citada Lei 13/95 que prevé a duración máxima dos contratos de asistencia en 4 anos, salvo prórroga máxima de 2 anos, carente de sentido nun contrato de tales características, o que resulta absolutamente inadecuado para o obxecto do contrato: o financiamento a longo prazo dos investimentos públicos. Así mesmo, debemos considerar discutible que os contratos de empréstito cumpran a cualidade prevista na alínea b) do artigo 5 da Lei 13/95 para ser administrativos. Non parece claro que resulten vinculados ó xiro ou tráfico específico da Administración contratante, nin que satisfagan de forma inmediata unha necesidade pública. Xustamente ó contrario é o medio –non o fin– a través do cal se financia o que si resulta unha finalidade pública específica, o investimento concreto.

Non obstante, a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no seu Dictame 34/96 do 30 de maio, mantíña unha tese contraria, en resposta a unha consulta da Deputación Provincial de Granada. En esencia, considera que o contrato de empréstito é administrativo, incluíndo dentro dos servicios financeiros considerados no xa citado número 6 do artigo 207 da Lei 13/95, e obviando o inconveniente do prazo máximo de catro anos previsto para os contratos de asistencia no artigo 199.1 do mesmo texto legal, co argumento de que “queda xustificada polas prescricións da Lei 39/88, do 28 de decembro, non pola súa consideración de lei patrimonial, senón pola súa consideración de lei especial fronte á regulación do artigo 199.1 da Lei de contratos das administracións públicas e por non opoñerse á mesma, senón establecer unha regulación paralela dun extremo concreto- a posible duración dos contratos de empréstito bancario- que permite concluír que, neste extremo concreto, a citada Lei 39/88, do 28 de decembro, debe considerarse vixente de conformidade coa disposición derogatoria única da Lei de contratos das administracións públicas”. Nada lle hai que opoñer á clarísima vixencia da Lei 39/88. Non obstante o argumento pode resultar inapropiado por canto non entra na análise do carácter administrativo ou mercantil do contrato de empréstito, centrando a polémica nunha cuestión de prazos potenciais que non parece resolve-la LFL, por canto esta recolle o concepto de endebedamento a “medio e longo prazo”, polo que non serve de xustificación argumental para a pretendida prolongación da habilitación legal en materia de prazos do citado artigo 199.1 da Lei de contratos das administracións públicas.



Finalmente, a LFAS quere poñerlle fin á dita polémica, e introducirle unha modificación ó artigo 52 da LFL, non sen certa confusión, ó considerar como excluída do ámbito de aplicación da Lei 13/95, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas, toda operación de empréstitos con entidades financeiras de calquera natureza, coa súa actividade sometida a normas de dereito privado, sempre que as ditas operacións estean vinculadas á xestión do orzamento na forma prevista na sección 1ª do capítulo primeiro do título VI da LFL. Neste suposto, será aplicable o previsto na letra k) do artigo 3 da citada Lei 13/95, do 18 de maio.

Pola contra, no caso de que non existisen previsións orzamentarias respecto disto, sería aplicable o artigo 9 da Lei 13/95, tendo a consideración, polo tanto, de contrato mercantil non administrativo, pero sometido ás normas da dita lei, no relativo ós actos de preparación e adjudicación –os chamados actos separables– non así en canto ós seus efectos e extinción. Neste suposto pódese obvia-la posible aplicación do citado artigo 9, e en consecuencia someterase ó criterio xeral de aplicación da 3k) anterior cando se produza a oportuna adaptación do orzamento ou das súas bases de execución, como condición previa á viabilidade dos compromisos adquiridos para subscribi-la correspondente operación de crédito.

Na miña opinión, carece de sentido condiciona-la aplicación dunha vía ou doutra contractual, en función das circunstancias orzamentarias e non da natureza xurídica do contrato de empréstito. Ademais, e excluindo o caso específico das operacións de tesourería, a normativa non prevé ningún suposto de operación de endebedamento alleo ó orzamento, o que lle dá menos sentido ó diferente tratamento xurídico.

Malia a catalogación do contrato de empréstito típico como de “excluído” do ámbito da lei 13/95, cómpre non esquecer que o propio artigo 3 da dita lei indica que, aínda para os contratos excluídos, son susceptibles de aplicación os principios da mesma para as “dúbdas e lagoas” que a súa normativa específica poida ter.

En todo caso, parece claro que son de aplicación os principios de publicidade, concorrència e non discriminación que debe perseguir calquera actuación administrativa.

Para a tramitación das operacións de empréstito, entendo que o procedemento axeitado sería un procedemento concorrencial de corte similar ó concurso, aínda que obviando aqueles trámites e formalidades exclusivamente específicos da contratación administrativa. E entendo, ó meu xuízo, adecuado

“La conclusión que antecede es absolutamente determinante de la solución de este litigio. Las tasas son tributos (art. 26.1.a) LGT) y como tales sometidas a la reserva de ley por tratarse de una prestación patrimonial de carácter público (art. 31.3 CE) y así venir exigido en el art. 10 LGT”.

“Esta exigencia sólo se cumple en parte en el caso de autos. Ciertamente la Tarifa G-3 fue creada por la Ley (Ley 1/1966, y Ley 18/85) donde se fijan el hecho imponible, el sujeto pasivo, la base, el devengo y las exenciones; sin embargo, su cuantificación ha venido haciéndose por órdenes ministeriales, de la que es último exponente la aquí impugnada de 17 de marzo de 1992”.

“Hemos visto que el TC ha declarado que la reserva de ley en materia tributaria exige que la creación ex novo de un tributo y la determinación de los elementos esenciales o configuradores del mismo debe llevarse a cabo mediante una ley, pero se trata de una “reserva relativa”, en la que, aunque los criterios o principios que han de regir la materia debe contenerse en una ley, resulta admisible la colaboración del reglamento, colaboración que puede ser especialmente intensa en la fijación o modificación de las cuantías, siempre que sus parámetros funda-

mentales también estén contenidos en la Ley. De esta manera resulta que la liquidación practicada al amparo de una cuantificación de la tasa por Tarifa G-3 hecha en Orden Ministerial ha de considerarse nula, habida cuenta de que este elemento de la relación jurídico-tributaria debería haber estado contenido, cuando menos, en una disposición con rango de Real Decreto, ya que aquí no existe tampoco una ley que atribuya la potestad reglamentaria al Ministro”.

“Llegándose a la conclusión que antecede, resulta improcedente entrar en los restantes motivos de impugnación a que se refiere la recurrente (características de procedimiento recaudatorio en materia de precios públicos, principio de equivalencia de las tasas, vulneración del art. 95 Tratado de la CEE, etc.) toda vez que la solución a que debe patrocinarse es la de anulación de la liquidación impugnada por nulidad de la Orden ministerial que le sirve de cobertura”.

En similares términos se pronunció la STS de 2 de febrero de 1996.

Por todo ello, procede, con la estimación del presente recurso, anular la resolución el TEAR que aquí se impugna, así como la liquidación de que trae causa, sin perjuicio de las posibilidades que la Administración demandada ostente en virtud del dictado de normas convalidantes posteriores.

**III.** No se hace imposición de costas (arts. 81.2 y 131 de la Ley Jurisdiccional).

*Fallo:* Estimatorio.

*Sentencia núm.:* 8494/94 *de data:* 24 de xaneiro 1997.

*Tribunal:* Sala do contencioso-administrativo do TSX de Galicia. Sección 3<sup>a</sup>.

*Ponente D.:* José Guerrero Zaplana.

*Materia:* Actos de trámite.

*Comentario:* O acto que anuncia a data de redacción da acta de previa ocupación e o comezo do período de información pública sobre a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, non esgota a vía administrativa pois non impide a continuación do procedemento senón que insta a continuación. Por isto, non é recorrible en vía contenciosa.

Concepto de actos de trámite; son aqueles que preparan o contido do acto resolutorio, non son recorribles para garantir que o procedemento poida continuar e non se obstaculice con continuos recursos.

*Lexislación citada:*

■ LEF; artigos 17, 20 e 52.

■ REF; artigos 17, 18 e 19.

■ Lei da xurisdicción contenciosa; artigos 82.c) e 37.1.

### *Fundamentos de derecho*

I. Se interpone el presente recurso contencioso-administrativo frente al acuerdo de fecha 31 de agosto de 1994 del Ingeniero Jefe de la Demarcación de Carreteras del Estado que anunciaba la fecha para el levantamiento de las actas de previa ocupación así como el inicio del período de 15 días de información pública de la relación de propietarios afectados por la expropiación en la ejecución del Proyecto de Autopista del Atlántico A-9; tramo Rande-Puxeiros.

La demanda se basa en la necesidad de que se declare la nulidad del acto recurrido ya que en el mismo concurren toda clase de defectos procesales referidos a la indefinición de las fincas expropiadas y a las condiciones en que se lleva a cabo la expropiación.

La beneficiaria de la expropiación (la entidad Autopistas del Atlántico) plantea como primer motivo de oposición a la estimación de la demanda el que se refiere a la inadmisibilidad de la misma por haberse recurrido un simple acto de trámite que no susceptible de impugnación separada, tal como resulta del art. 82.c) de la Ley de la Jurisdicción Contenciosa en relación con el art. 37.1 de la misma Ley.

II. Para dar adecuada respuesta a la causa de inadmisibilidad planteada por la parte codemandada, hay que determinar si el acto recurrido es un acto de mero trámite (en cuyo caso no cabrá recurso independiente) o no (en cuyo caso si será posible su impugnación separada en esta vía contencioso-administrativa).

El concepto de actos de trámite que resulta de la Jurisprudencia de la Sala Tercera del Tribunal Supremo es conforme en entender, por un lado, que sólo son recurribles ante los Tribunales de lo Contencioso los actos que no sean de trámite, y, por otro, que sólo excepcionalmente se admite la recurribilidad de los actos de trámite. Del análisis de dicha jurisprudencia debe obtenerse la conclusión de que el acto ahora recurrido tiene naturaleza de acto de mero trámite.

Así, la Sentencia de fecha 16 de Marzo de 1993 establece que "sólo son recurribles en vía jurisdiccional las resoluciones o actos definitorios y no los actos de trámite, sin embargo estos resultan, por excepción también recurribles, cuando bajo la apariencia de actos procedimentales, no resolutorios del fondo del asunto, vienen de hecho a decidirlo bien por poner término al procedimiento o suspender o hacer imposible su continuación, como explicita el art. 37 de la Ley Jurisdiccional". En el mismo sentido la Sentencia de 12 de Diciembre de 1993: "Ha de recordarse que uno de los criterios de clasificación de los actos administrativos es precisamente el de la función que aquéllos desempeñan dentro del procedimiento y así se distinguen, por un lado, los actos de trámite, que preparan y hacen posible la decisión, dirigiéndose al mejor acierto de ésta, y, por otro, las resoluciones, que son las que deciden las cuestiones planteadas. Es una diferenciación que deriva de la propia estructura del procedimiento y de la que deriva un principio de concentración procedimental en virtud de la cual los actos de trámite no son impugnables separadamente: es al recurrir la resolución cuando podrán suscitarse las cuestiones relativas a la legalidad de los actos de trámite. Esta irrecurribilidad autónoma de dichos actos aparece expresamente reconocida tanto por la Ley de Procedimiento Administrativo -art. 113.1- como por la Ley jurisdiccional -art. 37.1- y encuentra excepción sólo cuando aquellos determinan la imposibilidad de continuar el procedimiento, producen indefensión o decidan directa o indirectamente el fondo del asunto".

La sentencia de 15 de diciembre de 1987 estableció la justificación de la irrecurribilidad de los actos de trámite, justificación perfectamente válida para este caso: "Reiteradamente la ju-

risprudencia advierte que tal irrecurribilidad se justifica específicamente por la necesidad de impedir que un procedimiento ya de por sí complicado venga a convertirse en interminable con la interposición de recursos respecto de todos y cada uno de los actos iniciales o intermedios –sentencia de 24 de octubre de 1985–, con la salvedad naturalmente de que se impida la continuación del procedimiento, lo que no ocurre en el supuesto litigioso”.

En el procedimiento expropiatorio por la vía de urgencia, el párrafo segundo del art. 52 de la Ley de Expropiación Forzosa obliga a que se anuncie la fecha de levantamiento del acta de previa ocupación, así como permite (párrafo 3º) que en el acto de levantamiento del acta, puedan los interesados efectuar todas las alegaciones que tengan por conveniente.

Igualmente, los artículos 17 a 20 de la Ley así como los artículos 17 a 19 del Reglamento de Expropiación Forzosa establecen la necesidad de que se proceda a publicar la relación completa e individualizada de los bienes y derechos afectados por la expropiación y que se conceda un plazo de 15 días para alegaciones de los interesados (esto es lo que hace la resolución recurrida) y que después (art. 19.2 del Reglamento) se dicte un nuevo acto en el que se resuelvan las alegaciones y se determinen definitivamente los bienes y derechos afectados y sus titulares.

Por tanto, ahora, el acto que anuncia la fecha de levantamiento de las actas de previa ocupación e inicia el período de información pública sobre la relación de bienes y derechos afectados por la expropiación, no agota la vía administrativa pues no está impidiendo la continuación del procedimiento, sino que lo que se está haciendo es, precisamente, instar la continuación del mismo mediante el levantamiento de las actas y dando posibilidad a los particulares para que realicen sus alegaciones sobre la relación de bienes y derechos afectados que se ha publicado, alegaciones que se resolverán mediante otro acto posterior que es el recogido en el art. 19.2 del Reglamento.

La sentencia de 13 de octubre de 1987 consideró acto de trámite uno idéntico al que ahora es objeto de recurso, estableciendo su irrecurribilidad independiente del acto final resolutorio: “La simple resolución haciendo pública la fecha determinada en que las actas previas han de levantarse, no presupone, ni tiene más alcance, que el de notificar a los interesados el día y hora en que dicho trámite se va a efectuar. Mas este señalamiento ni pone término al expediente expropiatorio, ni concluye una de sus fases. Es tan sólo la fijación de la fecha para que los interesados, si a su derecho conviniere, asistan a tal efecto, y aduzcan

lo que a su juicio consideren oportuno en orden a situación, descripción, características y demás circunstancias del bien expropiado, debiendo tal acto ser calificado, como acertadamente se realiza por la sentencia de instancia como un acto de trámite, y como tal no susceptible de su impugnación en vía jurisdiccional por carecer de entidad para ello". Es decir, se permite que sea en el momento del levantamiento del acta de previa ocupación (art. 52.3 de la Ley de Expropiación Forzosa) cuando los afectados, ahora recurrentes, puedan efectuar todas las alegaciones que convienen a su interés que, ahora, se han recogido en el escrito de demanda y que no pueden ser acogidas en esta Sentencia por no haberse planteado en el momento procesalmente oportuno.

En parecido sentido, la sentencia de 16 de junio de 1987 hace recaer la consideración de acto de trámite del acuerdo iniciador del procedimiento sancionador en el hecho de su influencia en el procedimiento administrativo considerado en su conjunto "... porque la decisión no comporta ningún pronunciamiento definitivo en la vía administrativa, sino que realmente la inicia, ofreciendo una posibilidad de información de la que sin duda, formarán parte las alegaciones de los interesados, para llegar a una resolución definitiva sobre la que podrán deducirse, en forma legal, los recursos pertinentes". Algo parecido sucede en este caso en el que sólo se decide sobre la continuación del procedimiento de tasación pericial contradictoria acordando el trámite siguiente (que es el nombramiento del tercer perito) pero nada se decide sobre lo decisivo que es el importe total que debe considerarse como base imponible.

De todo lo anterior resulta que debe considerarse acto de trámite éste que, simplemente, acuerda fijar la fecha para el levantamiento del acta de previa ocupación, así como iniciar el período de 15 días de información pública sobre la relación de bienes y derechos afectados; en consecuencia, y al tratarse de un acto de trámite, y por aplicación de lo establecido en el art. 82.c) en relación con el 37.1 de la Ley de la Jurisdicción, dicho acto no es susceptible de recurso contencioso por lo que la demanda debe considerarse como inadmisibles.

**III.** No se hace imposición de costas (arts. 81.2 y 131 de la Ley Jurisdiccional).

#### *Fallamos*

Que desestimamos el recurso contencioso-administrativo deducido por ASOCIACIÓN DE AFECTADOS TRAMO RANDE-PUXEIROS AUTOP. ATLÁNTICO contra Acuerdo de 31/8/94 del Ingeniero Jefe de la Demarc. Carreteras Estado que anunciaba la información pública

sobre levantamiento de actas previas a la ocupación, Expte. expropiac. forzosa para obras Autopista Atlántico; t. m. de Vigo, dictado por DEMARCACIÓN DE CARRETERAS DEL ESTADO EN GALICIA; y en consecuencia, debemos declarar y declaramos inadmisibile el recurso contencioso-administrativo interpuesto frente a dicho acto. Sin imposición de costas.

## 6

*Sentencia núm.: 3 de data:* 16 de xaneiro de 1997.

*Tribunal:* Sala do contencioso-administrativo do TSX de Galicia. Sección 2ª.

*Ponente D.:* Juan Carlos Trillo Alonso.

*Materia:* Dereito sancionador.

*Conceptos básicos:* Delegación de facultades.

*Comentario:* Non é posible impoñer unha sanción en materia de tráfico pola Dirección Xeral de Tráfico, actuando ela por delegación do ministro correspondente. O artigo 127.2 da Lei 30/92 de procedemento administrativo común prohíbe a delegación no ámbito da potestade sancionadora, polo que o acto incorre en nulidade radical, por aplicación do establecido no artigo 61.1.b) da mesma lei.

*Lexislación citada:*

■ Lei 30/92; arts. 61.1.b) e 127.2.



**Primero.** Es objeto de impugnación en el presente recurso la resolución de la Dirección General de Tráfico 19 de diciembre de mil novecientos noventa y cuatro, desestimatoria del recurso alzada deducido contra otra de la Jefatura de Tráfico de A Coruña de 14 de diciembre de 1992, por la que se impone al recurrente una sanción de multa por importe de 50.000 ptas. y la privación del permiso de conducir por un mes.

**Segundo:** Dictada la resolución de la Dirección General de Tráfico por delegación del Ministro, de conformidad con el artículo 127.2 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, que expresamente prohíbe las delegaciones en el ámbito de la potestad sancionadora, procede declarar la nulidad de pleno derecho de dicha resolución al haber sido dictada por órgano incompetente (artículo 61.1.b de la Ley citada), siendo de significar que el ejercicio de la función revisora en que consiste la resolución de un recurso, comprende una doble potestad, la genérica de revisar la resolución del inferior, y la específica de analizar la materia a que se refiere la resolución recurrida; lo cual supone ejercer idéntica potestad específica que la del inferior.

*Fallo:* Estimatorio.

*Sentencia núm.:* 107 *de data:* 6 de febreiro de 1997.

*Tribunal:* Sala do contencioso-administrativo do TSX de Galicia. Sección 2ª.

*Ponente D.:* Juan Carlos Trillo Alonso.

*Materia:* Concentración parcelaria.

*Conceptos básicos:* Impugnación de acordos.

*Comentario:* O réxime restrictivo de impugnación de acordos de concentración en vía contenciosa, interpretouno a xurisprudencia como un defecto procesual de escasa importancia ou unha lesión no valor que non chegue a 1/6 do valor, non ten virtualidade invalidante aínda que proceda acordar posteriormente compensacións restablecedoras da igualdade.

Os principios de proximidade do predio de substitución á casa de labor e de maior grao de concentración, non son absolutos, e, no caso en cuestión, tendeuse a isto e logrouse na medida en que o permite a realidade da zona.

Non se pode recorrer agora por cuestións que deberon ser recorridas ó aprobarse as bases da concentración.

*Lexislación citada:*

■ Lei 10/89 de concentración parcelaria para Galicia; art. 43.1.

### *Fundamentos de derecho*

**Primero.** Es objeto de impugnación en el presente recurso las resoluciones de la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes de la Xunta de Galicia, de fecha 12 de diciembre de 1994, desestimatorias de los recursos de alzada deducidos contra otra de la Dirección Xeral de Estructuras e Desenvolvemento Rural, de 25 de junio de 1993, sobre acuerdo de concentración parcelaria de la zona Castro-Ponte, del municipio de Silleda.

**Segundo.** El artículo 43.1 de la Ley 10/1985, de 14 de agosto, de Concentración Parcelaria para Galicia, al igual que el artículo 218.1 de la Ley de Reforma y Desarrollo Agrario, establece un régimen restrictivo de impugnación en la vía contencioso-administrativa de los acuerdos de concentración, limitando la admisibilidad del recurso contencioso-administrativo a los supuestos de vicio sustancial en el procedimiento o de defecto en la apreciación del valor de las fincas, siempre que la diferencia entre el valor de las parcelas aportadas por el recurrente y las recibidas después de la concentración suponga, al menos, perjuicio de la sexta parte del valor de las primeras.

Tal régimen restrictivo de acceso a la jurisdicción contencioso administrativa, de acuerdo con el derecho a la tutela judicial efectiva (artículo 24.1 de la Constitución) y a la plena revisión jurisdiccional de la actividad administrativa (artículo 106 de la Constitución), ha sido interpretado por la Jurisprudencia (sentencias del Tribunal Supremo de 7 y 28 de junio de 1996), en el sentido de entender que dichos preceptos no suponen una exclusión parcial del control jurisdiccional, sino la fijación de los efectos que cabe atribuir a los vicios de que pueda adolecer la actuación administrativa en materia de concentración parcelaria, precisando, que un defecto procedimental de escasa importancia, no causante de indefensión, o una limitada lesión en la apreciación del valor de las fincas, cuando no llegue a la sexta parte del valor, no tienen virtualidad invalidante, aunque proceda acordar, en su caso, las compensaciones restablecedoras del principio de igualdad entre lo aportado y lo recibido.

Aplicando dicha doctrina al caso de autos, debe ser desestimada la alegación que en orden a la inadmisibilidad del recurso se formula por el Letrado de la Xunta en su escrito de contestación a la demanda.

**Tercero.** Entrando ya en el examen de los concretos motivos de impugnación de fondo que en la demanda se invocan, conviene empezar por significar que la proximidad de las finca de reemplazo a la casa de labor, al igual que el mayor grado de concentración, son dos principios inspiradores de la concentración parcelaria, recogidos con claridad absoluta en los artículos 1 al 8 de la Ley autonómica.

Ahora bien, necesario es distinguir entre lo querido por el legislador como finalidad a cumplir en la concentración, y lo que la práctica permite, debiéndose resaltar que no siempre, es mas, en raras veces, la realidad de la zona a concentrar permite un grado de concentración óptimo o una aproximación de las fincas de reemplazo a la explotación que idealmente aparece como necesario, pues partiendo de la consideración expuesta, no parece deducirse de los planos aportados al expediente, en el que figuran las fincas aportadas y las de reemplazo, que con el acuerdo impugnado no se hubiera conseguido un cierto grado de concentración y de aproximación de las fincas de labor a la explotación. Al respecto merece resaltar que las 42 fincas aportadas por el recurrente Sr. ... quedaron reducidas a 4 de reemplazo, y que las 5 aportadas por la Sra. ... se reducen a dos, y ello con una proximidad a la explotación que con anterioridad no se tenía dada la dispersión de parcelas que revela en los planos.

Curiosamente las parte recurrentes no interesan prueba en

esta vía jurisdiccional, cuando la cuestión analizada no puede ser resuelta favorablemente a sus pretensiones sin la práctica de una prueba rigurosa y contradictoria de los informes de los técnicos que intervinieron en la concentración.

**Quinto.** Resta por indicar que tampoco puede aceptarse sin la práctica de una prueba contradictoria una lesión en la sexta parte, pues de las valoraciones practicadas en los expedientes otra cosa resulta, debiéndose destacar que solicitaron que las fincas de reemplazo se concentrasen preferentemente en el polígono 7; que la clasificación de tierras y los coeficientes que han de servir de base para llevar a cabo las compensaciones corresponde a la fase de aprobación de Bases, sin que conste recurso sobre ella; y que son criterios edafológicos y productivos, y no otros los que han de tenerse en cuenta para la clasificación de las parcelas (artículo 21, 27 y 40 de la Ley autonómica).

*Fallo:* Desestimatorio.

## 8

*Sentencia núm.:* 125 *de data:* 13 de febreiro de 1997.

*Tribunal:* Sala do contencioso-administrativo do TSX de Galicia. Sección 2ª.

*Ponente D.:* Juan Carlos Trillo Alonso.

*Materia:* Dereito sancionador.

*Conceptos básicos:* Garantías do sancionado.

*Comentario:* En materia sancionadora non é posible alterar os feitos probados da proposta de resolución na resolución sancionadora se con isto se lle ocasiona indefensión á parte interesada; e isto, pois de admitirse esa alteración, privaríase da posibilidade dunha defensa axeitada ó interesado. O mantemento dos feitos e a variación da tipificación non supón infracción desa garantía.

Ó sancionarse por transporte de especies de talla antireglamentaria, hai que ter en conta que se as especies encontradas eran propiedade da empresa recorrente e as transportaba para vendelas nos seus centros comerciais, non se pode excusar en que o camión en que se efectuaba o transporte non era seu.

*Lexislación citada:*

- Lei 6/91, do 15 de maio, de infraccións en materia de protección de recursos marítimos pesqueiros; art. 12.2.b).
- Decreto 43/92, do 6 de febreiro.

### *Fundamentos de derecho*

**Primero.** Es objeto de impugnación en el presente recurso la resolución de la Consellería de Pesca, Marisqueo y Acuicultura, de fecha 2 de enero de 1995, desestimatoria del recurso ordinario deducido contra otro de la Dirección Xeral de Marisqueo y Acuicultura, de fecha 25 de octubre de 1994, por la que se impone a la sociedad recorrente una sanción de multa de 600.000 pesetas, como autora responsable de una infracción prevista en el artículo 6, apartado 12 de la Ley 6/1991, de 15 de mayo, de infracciones en materia de protección de recursos marítimo-pesqueros.

**Tercero.** El pliego de cargos, o, en su caso, la propuesta de resolución, acotan el relato de hechos probados de las resoluciones sancionadoras, suponiendo su alteración en cuanto genera indefensión la nulidad de ésta por vicio esencial del procedimiento.

En el caso de autos, concretamente, y tal como sostiene la parte recorrente en su escrito de demanda, se produce en la resolución recurrida una alteración de los hechos imputados en la propuesta de resolución, al imputarse en ésta la comercialización de especies de talla antirreglamentaria, y sancionarse en aquella el transporte de las referidas especies; alteración que ni puede aceptarse como debida a un error mecanográfico sufrido en la propuesta de resolución, ni aunque lo fuera, justificaría la alteración producida, si en efecto ello supuso una merma en los derechos de defensa del recurrente.

La razón de ser de la inalterabilidad de los hechos probados en la resolución sancionadora con relación a la propuesta de resolución, no es otra que el demandado conocimiento por el interesado de los hechos que le son imputados, pues sólo con dicho conocimiento se hace viable una defensa adecuada; en

definitiva, la exigencia de la inalterabilidad es una consecuencia del derecho de defensa, y por lo tanto, sólo la alteración que hubiera disminuido los medios de defensa tiene virtualidad anulatoria.

Pues bien, en el supuesto de litis, difícil resulta comprender que merma en los derechos de defensa de la recurrente se han producido por la alteración anteriormente referenciada, cuando desde el inicio del expediente, concretamente con la notificación de la apertura del procedimiento sancionador, la recurrente tiene exacto y puntual conocimiento de los hechos que le imputan, al unirse al pliego de cargos notificado, y como integrador del mismo, la denuncia formulada por la Guardia Civil.

Podría la parte recurrente discrepar si su conducta debe tipificarse como acto de comercialización o como de transporte, pero ello es una cuestión jurídica que corresponde decidir en el momento de dictarse la resolución, no significando merma del derecho de defensa el que dicha valoración jurídica suponga una alteración de la hasta el momento tenida en cuenta en el expediente, siempre que los hechos permanezcan inalterados.

**Cuarto.** La circunstancia de que el camión en el que se transportaba la mercancía no pertenezca a la recurrente, como la de que su conductor no sea su empleado, no son motivos suficientes para entender que la recurrente no puede ser sancionada por el transporte, cuando consta en la denuncia, y no es objeto de contradicción, que la totalidad de los berberechos y de los percebes procedían del almacén que la recurrente tiene en el muelle de esta ciudad de A Coruña, y eran enviados por ella a distintos centros comerciales de la que es titular. Negar que fue la ordenante del transporte no parece de recibo, y limitar la imputabilidad al transportista tampoco.

**Quinto.** Tampoco puede estimarse el motivo de impugnación fundamentado en la falta de prueba de que las especies eran de tamaño antirreglamentario, debiéndose significar que la no expresión en la denuncia de la forma en que se procedió a su medición no es circunstancia suficiente para dudar del resultado de una mediciones practicadas por miembros de la Guardia Civil, pertenecientes al Servicio de Protección de la Naturaleza, y por ello conocedores de las disposiciones que regulan la medición, la cual obviamente no se pudo practicar en presencia de la recurrente.

*Fallo:* Desestimatorio.

*Sentencia núm.:* 144 *de data:* 20 de febreiro de 1997.

*Tribunal:* Sala do contencioso-administrativo do TSX de Galicia. Sección 2ª.

*Ponente D.:* Juan Carlos Trillo Alonso.

*Materia:* Autorizacións administrativas.

*Conceptos básicos:* Motivación.

*Comentario:* A resolución administrativa que denega a renovación dunha licenzia de armas previamente concedida, esixe suficiente motivación que xustifique o cambio de circunstancias respecto do momento en que se concedeu a licenzia.

Hai que retrotrae-lo procedemento para que a Administración se pronuncie, co fin de motiva-la resolución, sobre se continúan as circunstancias que permitiron a concesión da licenzia de armas como acto de autorización.

*Lexislación citada:*

■ R.D. 137/93; Regulamento de armas.

### **Fundamentos de derecho**

**Primero.** Es objeto de impugnación en el presente recurso la resolución de la Subsecretaría de Justicia e Interior, por la que en uso de las facultades delegadas por Orden Ministerial de 20 de junio de 1995, desestima el recurso ordinario deducido contra otra de la Dirección General de la Guardia Civil de 20 de octubre del mismo año, denegatoria de la licenzia de armas tipo "B".

**Segundo.** Conviene empezar por significar que lo solicitado por la hoy aquí recurrente no es una licenzia de armas tipo "B", sino la renovación de la licenzia que de tal clase le fue concedida por primera vez en el año 1988, pues una reiterada Jurisprudencia, de las que son claro exponente las sentencias del Tribunal Supremo de 12 y 15 de julio de 1996 -dos-, en los supuestos de renovación exige para las resoluciones denegatorias una motivación suficiente que exprese la variación de las circunstancias y condiciones en virtud de las cuales le fue otorgada anteriormente.

Pues bien, en el caso enjuiciado, ni en los informes previos a la resolución de la Dirección General de la Guardia Civil, ni en las resoluciones dictadas, se trata de expresar un cambio de las circunstancias y condiciones referidas, lejos de ello se ignora en la tramitación del expediente que lo solicitado es una renovación, lo que con claridad absoluta se deduce de la lectura

del escrito de solicitud, del escrito de interposición del recurso ordinario y de la documentación que con él se adjunta. Así las cosas, la estimación del recurso resulta obligada, si bien ha de ser parcial, pues la existencia de un cambio normativo desde la fecha en que fue concedida la licencia, concretamente por la entrada en vigor de un nuevo Reglamento de Armas, aprobado por Real Decreto 137/93, de 29 de enero, que establece un régimen restrictivo para la concesión de licencias, ya expresado en la Ley Orgánica 1/92, de 21 de febrero, hace aconsejable que la Administración se pronuncie motivadamente sobre si las circunstancias concurrentes en la recurrente en el año 1988, aun cuando no hubiesen variado, son hoy suficientes para la renovación pretendida.

*Fallo:* Estimación parcial retrotrayendo el expediente.







**CRÓNICA**

**PARLAMENTARIA**



## Os grupos parlamentarios no dereito parlamentario galego

Lerrado do Parlamento galego.  
Profesor de dereito  
constitucional da  
Universidade de Vigo

Xosé A. Sarmiento Méndez

### Introducción

A diferenza do caso estatal o dereito estatutario galego coñece no artigo 12 alínea 4ª do Estatuto de autonomía unha referencia substantiva ós grupos parlamentarios ó dispoñer que o regulamento precisará o número mínimo de deputados para a formación de grupos, a intervención destes no proceso lexislativo e as funcións da Xunta de Portavoces daqueles. Tamén se prevé a participación dos grupos en tódalas comisións en proporción ó número dos seus membros.

Como se pode observar, o Estatuto obvia a determinación da natureza xurídica dos grupos, o que vén sendo unha importante discusión doutrinal no dereito constitucional e que tampouco no caso galego atopa unha fácil solución. Máis aló da consideración dos grupos coma correas de transmisión dos partidos po-

líticos no Parlamento podemos concluír co Tribunal Constitucional alemán que os grupos parlamentarios son *institucións necesarias da vida constitucional*, posto que non só dirixen e facilitan o desenvolvemento técnico dos labores parlamentarios, senón que son os verdadeiros foros de posicionamento político e de formación de alternativas<sup>1</sup>.

Esta caracterización de principio é claramente válida para o caso dos grupos pertencentes á minoría parlamentaria, que por definición non se atopan influídos no seu labor polo outro grande actor do réxime parlamentario racionalizado: o Goberno. Certamente para o caso do grupo ou grupos parlamentarios que apoian o executivo sería excesivo predicar-las funcións antes citadas, sobre todo a de ser lugar de creación de alternativas, cando resulta probado pola práctica institucional o seu claro sometemento ó impulso político do Gabinete que manteñen.

## 1. Número mínimo de deputados

Este requisito de existencia que considera o artigo 22 do Regulamento parlamentario autonómico supón a imposibilidade de constituír grupo parlamentario sen dispoñer dun mínimo de cinco deputados. Este requisito no caso galego implica contar co 6,6% dos 75 deputados que forman *de iure* a totalidade da Cámara, sendo máis agravado cá porcentaxe (1,4%), que con determinadas condicións é abonda para constituír grupo parlamentario no Congreso dos Deputados<sup>2</sup>. Non recibiría este número mínimo unha crítica demasiado desfavorable para o tratamento das minorías de non agravarse posteriormente a posición destas forzas políticas pola reforma da Lei electoral galega<sup>3</sup>, mediante a que a barreira que posibilita o acceso das minorías ó Parlamento se viu ampliada. Deste xeito, hoxe en día son dúas as importantes trabas que teñen os partidos minoritarios para atopar unha plasmación institucional forte: a superación en sede electoral da barreira do 5% e a obtención dun mínimo de cinco deputados que lle permitan a constitución de grupo parlamentario propio.

Este marco regulamentario vén a ser moldeado pola práctica política galega, que como é ben sabido coñece na actualidade unha situación de tripartidismo moi acentuado. Deste xeito un eventual novo partido que alcance representación parlamentaria gozaría previsiblemente de grupo parlamentario propio sen acadalos cinco deputados esixidos no regulamento, sendo tal grupo o previsto no artigo 24 baixo a denominación de Grupo Mixto.

<sup>1</sup> Cfr. BVerfGE 20, 56(104) entre outras, citada por J. P. Schneider no seu traballo "O réxime parlamentario" incluído na obra colectiva *Manual de dereito constitucional*, IVAP, Marcial Pons, 1996.

<sup>2</sup> Cfr., o art. 23.1 do Regulamento do Congreso dos Deputados, que o posibilita se as formacións políticas obtivesen o 15% dos votos das circunscricións nas que se presentasen, ou o 5% dos emitidos no conxunto do Estado. O debate sobre a elaboración deste artigo atópase no DSC, Comisión de Regulamento n.º 25 (1981), pág. 1187 e segs. e no DSC (sesión plenaria), n.º 179 (1981) pág. 10719 e segs.

<sup>3</sup> Así, entre outros, Vilas, Maiz, Rivera, Caamaño en *O sistema político galego*, Ed. Xerais, 1994, pág. 112 e segs.

## 2. Límites legais á constitución dos grupos parlamentarios

Con carácter previo, o dereito parlamentario galego impón a imposibilidade dos deputados de pertenceren a máis dun grupo parlamentario, previsión esta que se encontra en plena coherencia co Estado de partidos no que se desenvolve o parlamentarismo da segunda metade do século XX, e que recolle o requisito "ideolóxico" como integrante do grupo parlamentario, que vén a recolle-lo que denomina Antonio Baldasarre<sup>4</sup> relacións xenéticas que o grupo mantén co partido político do que derivan os seus compoñentes.

### a) *De fondo.*

Baixo esta denominación comentaremos aqueles que se impoñen con carácter esencial, é dicir, con independencia de problemas procesuais ou de carácter adxectivo. Así, establécese a imposibilidade de formar máis dun grupo parlamentario ós deputados que pertenzan a un mesmo partido ou coalición electoral. A *ratio* deste precepto parece clara, trátase de evitar que as forzas políticas maioritarias mediante a pormenorización dos seus membros poidan comete-la fraude de crear un número de grupos parlamentarios que lles tenda a restar protagonismo ás minorías. Se ben como sinalou Solé Tura<sup>5</sup>, e froito do xogo conxunto con outros preceptos regulamentarios, impídese tamén que forzas políticas minoritarias poidan acadar grupo propio unha vez obtidos os requisitos para constituílo como coalición electoral.

Desde o punto de vista esexético suscita problemas a expresión "que pertenzan a un mesmo partido ou coalición electoral" por canto se poden asimilar aqueles que fosen elixidos dentro de tales suxeitos electorais ou ben, nunha interpretación máis restrictiva a aqueles que teñan o carácter de militantes e, polo tanto, sexan afiliados ó partido de que se trate. A práctica parlamentaria vén atendendo á primeira das opcións citadas, especialmente cando os partidos tenden recentemente á incorporación nas súas candidaturas electorais de personalidades independentes.

O requisito que acabamos de analizar conta cunha excepción prevista na alínea 3ª do artigo 26 do regulamento, que contra a lectura literal do artigo 22, contén dúas e non unha excepción á regra xeral.

En primeiro lugar, cabe a posibilidade de que, iniciado un novo período de sesións, os deputados poidan incorporarse ó grupo parlamentario que desexen dos xa constituídos, co que se

<sup>4</sup> Cfr., Baldasarre, A., "I gruppi parlamentari comunisti", *Annali della Fondazione Giangiacomo Feltrinelli*, 1981, páx. 445-446.

<sup>5</sup> Cfr., Solé Tura, J., "O probable final da Minoría Catalana", *El País*, 5 de xuño de 1986.

lle ofrece ó deputado individual a posibilidade de cambiar de grupo cunha frecuencia alta (dúas veces ó ano), posibilidade esta que Fernando Santaolalla<sup>6</sup> entende viable para os supostos de deputados integrantes de coalicións electorais integradas nun mesmo grupo parlamentario e que, ó seu xuízo, non deberían estar obrigados a manterse nun mesmo grupo polo simple feito de concorrer coaligados á contenda electoral.

Por outra banda, prevese a posibilidade de que cando por calquera circunstancia se extinguiuse ou rematase a actividade do partido ou da coalición electoral polo que concorren, se constitúa por unha soa vez grupo ou grupos parlamentarios distintos, co cumprimento das outras esixencias previstas no regulamento.

*b) Formais.*

Un primeiro requisito de carácter temporal é o de que a constitución inicial dos grupos parlamentarios se deba facer dentro dos cinco días seguintes ó da sesión constitutiva do Parlamento. Aínda que non se di nada neste momento, os novos parlamentarios que tomen posesión do seu cargo con posterioridade á constitución do Parlamento disporán dun prazo igual de cinco días para a súa incorporación ó grupo de que se trate, tal e como se explicita posteriormente no artigo 25 do regulamento galego.

Un estudio detido merece o escrito que se lle debe dirixir á Mesa no que se lle comunica a constitución do grupo parlamentario. O contido deste escrito debe ter tres aspectos fundamentais.

En primeiro lugar, e como requisito inescusable deberá ir asinado por tódolos que desexen constituí-lo grupo, o que se presenta como perfectamente lóxico polas funcións que posteriormente se lles atribuirán ós representantes legais do grupo (os voceiros), que chegarán ata o punto de presumir a unidade de criterio de tódolos membros do grupo nos supostos de exercicio do voto ponderado por parte do voceiro.

En segundo lugar, no escrito deberá constar a denominación do grupo, aspecto este que pode provocar problemas importantes de axuste entre a denominación legal dos partidos políticos que concorreron ás eleccións e a que pretendan adoptar como grupo parlamentario. En todo caso parece esixible un mínimo de coherencia entre a denominación partidaria ou electoral e a do grupo parlamentario, tendente sobre todo a garantir a máxima transparencia e identificación dos operadores políticos por parte da opinión pública. O antedito non obsta a posibilidade como recoñeceu o Tribunal Constitucional respecto da de-

<sup>6</sup> Cfr., Santaolalla, F., *Dereito parlamentario español*, Espasa Universidade, páx. 143.

nominação dos partidos, de que unha mesma corrente ideolóxica poida ter diversas expresións partidarias que, "consecuentemente, leven a denominacións que poidan parcialmente coincidir, sempre, claro é, que non confundan, especialmente os electores"<sup>7</sup>.

O último dos requisitos afecta á necesidade de expresar nidiamente o nome de tódolos membros do grupo, do seu voceiro, e dos deputados que eventualmente o poidan substituír. A esixencia de expresa-lo nome de tódolos membros preséntase certamente como reincidente co requisito da sinatura da solicitude de constitución por todos eles, entendemos que deberá existir unha total coincidencia entre os que solicitan a constitución do grupo e os que o integran. Só pode ter esta previsión regulamentaria o sentido de proporcionar unha total claridade de quén serán os suxeitos integrantes do grupo, clarificando en todo caso quén son os titulares das rúbricas que instan a constitución do mesmo.

Respecto da designación do portavoz e dos deputados substitutos do mesmo non cabe facer máis observacións cás xa apuntadas respecto da grande transcendencia das funcións desenvolvidas por este e, polo tanto, da necesidade da máxima transparencia na súa designación. Neste punto o noso dereito presenta un enfoque pouco intervencionista e excesivamente respectuoso coa autonomía grupal, a diferenza, por exemplo do caso italiano, onde, como nos recorda Di Ciolo<sup>8</sup> o escrito dirixido polo grupo ó presidente da Cámara debe conter tamén o nome do vicepresidente do grupo e do secretario do mesmo.

Esta designación provocará, desde o punto de vista práctico, a súa pertenza *intuitu personae* á Xunta de Portavoces e a necesidade da súa sinatura, con carácter inescusable, para a presentación de instrumentos parlamentarios propios e exclusivos dos grupos (por exemplo, proposicións de lei).

De igual xeito, e aínda que nada se diga respecto disto, entendemos que unha eventual revogación do cargo de voceiro se deberá producir pola vontade, canto menos maioritaria, dos membros do grupo de que se trate, e a través das mesmas formalidades requiridas para a súa designación.

### **3. Grupos parlamentarios non partidarios**

Aludimos con esta denominación a aqueles grupos parlamentarios que non axustan necesariamente a súa composición á dun partido político ou coalición electoral da que derivan os seus membros. Isto é así por canto a pesar de que os grupos par-

<sup>7</sup> Cfr., Fundamento xurídico 4º da STC 85/86, do 25 de xuño. Recollida por José Antonio Portero Molina no seu libro:

*Constitución y Jurisprudencia constitucional (selección)*, Tirant lo Blanch, Valencia, 1992.

<sup>8</sup> Vid., di Ciolo, Vittorio, *Il diritto parlamentare nella teoria e nella pratica. Aspetti generali e profili strutturali*, Giuffrè editore, Varese, 1980, páxs. 276-277.



lamentarios se presentan como a consecuencia natural do xogo político dos partidos, é posible que nas cámaras se formen grupos parlamentarios nos que a presenza dos partidos non sexa única e, polo tanto, non haxa unha total correspondencia entre o binomio partido político - grupo parlamentario.

*a) Deputados asociados.*

Unha primeira posibilidade que modula a correspondencia entre partido e grupo é a dos deputados que ó non seren membros de ningún grupo parlamentario dos constituídos desexen asociarse a algún deles. Tal asociación producirase mediante unha solicitude que deberá estar aceptada polo voceiro do grupo ó que se pretenda asocio-lo deputado, o que serve para presumir-la vontade canto menos maioritaria dos membros do grupo parlamentario a favor da asociación do deputado de que se trate.

O regulamento galego, establece que o escrito se lle debe dirixir á Mesa da Cámara dentro do prazo de cinco días establecido para a constitución inicial dos grupos parlamentarios. Isto presenta a dificultade práctica de que, ó superpoñerse os prazos de constitución dos grupos e de posible incorporación dos deputados asociados, se obstaculice a existencia desta figura do deputado asociado.

O estatus xurídico do asociado supón o seu cómputo para a determinación dos mínimos que se establecen para a constitución dos grupos parlamentarios, o que choca coa redacción literal do artigo 23, alínea 3ª na que se fala da incorporación dos deputados asociados ós grupos parlamentarios xa *constituídos*. Tamén se terán en conta os asociados para os efectos de fixa-lo número de deputados de cada grupo nas distintas comisións parlamentarias.

*b) Grupo mixto.*

O dereito galego descoñece a figura do deputado non adscrito, é dicir, por imperativo regulamentario tódolos deputados deberán pertencer a algún dos grupos que existan na Cámara, de tal xeito que, de acordo co artigo 24 do Regulamento do Parlamento de Galicia todos “quedarán necesariamente incorporados ó grupo mixto polo vixente período de sesións”.

A ausencia de incorporación a un grupo parlamentario “nos prazos sinalados” suscita a problemática xa mentada respecto do cómputo dos cinco días no suposto dos deputados asociados, ademais da incorrecta referencia en plural ós prazos xa que como acabamos de comentar existe un prazo único de cinco días.

A vinculación ó vixente período de sesións respecto da incorporación ó grupo mixto é correlativa á posibilidade que posteriormente se comentará de cambio de grupo parlamentario ó remate de cada un dos períodos de sesións, pero preséntase como especialmente inútil nos supostos nos que a constitución do novo Parlamento se produza nos meses finais dun período de sesións determinado.

#### **4. Dinámica dos grupos parlamentarios**

Os grupos non se presentan como suxeitos da actividade parlamentaria de carácter estático. Moi ó contrario adoitan experimentar notables variacións ó longo da súa vida, froito da natureza voluntaria que ten a incorporación do deputado ó grupo e, en último termo, da prohibición do mandato imperativo que consagra o noso ordenamento xurídico. En efecto, a imposibilidade de que os partidos ou organizacións a través das que os deputados lograron o seu escano vinculen a pertenza destes a determinado grupo parlamentario posibilita que os parlamentarios poidan abandonar o grupo ó que inicialmente se adscribisen, suscitando unha rica problemática xurídico-constitucional.

##### *a) Deputados incorporados*

Unha manifestación da independencia do deputado que acabamos de comentar considérase á hora de regular a situación dos novos parlamentarios incorporados ó pleno da Cámara nun momento posterior á realización da sesión constitutiva. Podería pensarse, no seo dunha democracia de partidos, que o deputado que adquire a condición de tal por substituír a outro membro da lista electoral na que concorreu ós comicios, quedase adscrito de xeito automático ó mesmo grupo parlamentario do deputado substituído.

Nembargantes, a substitución que estamos a tratar supera o carácter continxente ou temporal para transformarse nunha auténtica "substitución de mandato". Por este motivo, o artigo 25 do Regulamento do Parlamento de Galicia establece os mesmos requisitos para a incorporación ós grupos parlamentarios dos novos deputados respecto dos que o foron dende a sesión constitutiva da Cámara.

Igualmente, e se se acentúa un certo carácter oligárquico do funcionamento grupal sobre o que Triepel<sup>9</sup> xa mostrara reticencias, esíxese a aceptación (entendemos que escrita) do portavoz do grupo parlamentario correspondente, fixando a adscripción residual ó grupo parlamentario mixto no suposto de non incorporarse a algún dos grupos parlamentarios xa existentes.

<sup>9</sup> Cfr., Triepel, *Die Staatsverfassung und die politischen Parteien* en Lenk y Neumann, *Teoría y sociología críticas de los partidos políticos*, Editorial Anagrama, páxs. 187 e segs.

*b) O abandono do grupo parlamentario.*

Atopámonos ante un dos problemas de carácter político máis complexo, xa que o coñecido como “transfuguismo político” representa a tensión existente entre o criterio político individual do parlamentario e as instrucións dos órganos do grupo parlamentario ou mesmo do partido político, e incluso a dialéctica que pode existir entre o contido do programa electoral baixo o que foi elixido o parlamentario e a práctica política seguida polo partido no sucesivo.

A regulación do artigo 26 do RPG decántase a prol de defende-lo criterio do deputado individual, no marco da prohibición do mandato imperativo tantas veces referida. Deste xeito, se o deputado abandona o grupo débese encadrar necesariamente no grupo mixto durante o vixente período de sesións, co que se limita certamente o criterio do deputado, que deberá esperar, cando menos, a duración dun período de sesións para poderse incorporar a outro grupo parlamentario existente distinto do mixto.

*c) A disolución dun grupo parlamentario.*

Trátase dunha posibilidade que se produciu en repetidas ocasións nas primeiras lexislaturas do Parlamento galego, así como no seo das distintas asembleas lexislativas das comunidades autónomas. Na actualidade é un evento de máis difícil acacemento polo alto nivel de estabilidade política que se acadou no sistema de partidos galego.

A alínea 2ª do artigo 26 do RGP establece que no suposto de reducirse durante o transcurso da lexislatura a un número inferior á metade do mínimo esixido para a súa constitución, os grupos quedarán disoltos e os seus membros pasarán automaticamente a formar parte do Grupo Mixto. Un primeiro aspecto subliñable é a expresión utilizada polo artigo “durante o transcurso da lexislatura”, que parece claramente redundante xa que os grupos parlamentarios non teñen vixencia máis aló da duración da Cámara.

En segundo lugar, “a redución a un número inferior á metade do mínimo esixido” vén supoñer na práctica que o grupo de que se trate quede con só dous deputados. Opinamos que o lexislador galego optou pola expresión citada para efectos eufemísticos, polo claramente reducido que é un grupo constituído por dous membros.

Por último, a disposición final establece a adscripción obigatoria ó Grupo Mixto dos deputados pertencentes a un grupo parlamentario disolto de xeito parello ó previsto na alínea 1ª

do artigo que estamos a comentar para o suposto do abandono dun grupo parlamentario.

*d) A constitución de novos grupos parlamentarios.*

No noso país, os gastos en protección por desemprego disparáronse nos últimos anos, como consecuencia da imparabile evolución das taxas de paro e o elevado grao de fraude existente na súa percepción, como o xa sonado PER. Como consecuencia destes problemas, o axuste dos sistemas de protección social por desemprego foron incorporados como unha parte importante da reforma laboral no noso país. As medidas concretas que se poñen en marcha na reforma laboral son as seguintes:


1. Reforma das modalidades de contratación, coa finalidade de flexibiliza-la entrada no mercado de traballo mediante contratos máis sinxelos e baratos para os empregados.

2. Flexibilización das condicións de traballo a través do fomento da mobilidade xeográfica e funcional dos traballadores, eliminando parte das antigas Ordenanzas Laborais e proporcionando facilidades para a mobilidade xeográfica mediante iniciativas en materia de política de vivenda.

3. Simplificación dos trámites para a extinción da relación laboral coa finalidade de abaratar e flexibiliza-lo despedimento, ó suprimi-la autorización administrativa e a negociación previa nos despedimentos que afecten a menos do 10% do cadro de persoal.

4. Reforma do INEM como axencia de colocación, sobre todo no referente ós salarios, á realidade económica das empresas e á evolución da actividade económica, mediante a súa descentralización e a posibilidade de aplicación dunha cláusula de descolgue dos convenios colectivos a aquelas empresas con dificultades económicas especialmente graves.

Esta reforma encontrouse coa oposición dos sindicatos, xa

que se facilita a creación de emprego "precario" e unha división aínda maior no mercado de traballo entre empregados fixos e temporais, cargando o custo do axuste sobre os traballadores a prol dos patróns. De feito, se os sindicatos aceptaron nos últimos convenios colectivos baixas taxas de crecemento dos salarios, é precisamente a cambio da renuncia á aplicación de certos aspectos da reforma. 



## Crónica do acto en conmemoración do Día das letras galegas 1996

Bolsreira da  
EGAP

Paloma González Cuevas

**A**Egap, sumouse á homenaxe que a Real Academia Galega lle dedica a D. Jesús Ferro Couselo, ó declararlle o Día das letras galegas a este home que dedicou toda a súa vida a fomenta-los sinais de identidade galega. Na súa honra organizouse o día 9 de maio de 1996, unha mesa redonda sobre a súa obra e unha viaxe de interese cultural a Ourense.

Na mesa redonda participou o seu amigo persoal desde os tempos de Compostela, D. José Francisco Ogando Vázquez (académico da Real Academia Galega), que realizou un percorrido pola súa vida persoal, formación e traballo. D. Felipe Senén López (director do Museo Arqueolóxico da Coruña), como alumno seu deu perspectiva de Ferro Couselo como profesor e arqueólogo. D. Ramón Lorenzo, (catedrático de lingüística e literatura galega) realizou unha exposición da súa obra desde o punto de vista lingüístico.

O Día das Letras Galegas, desde que en 1963 se instaura, sempre se lles dedicou a figuras puramente literarias, a escritores, poetas, novelistas, etc., nunca se reparou en que había outros moitos homes, consagrados á investigación e a obra dos cales ten un grande valor científico. Este cambio é importante, xa que supón o recoñecemento de homes que, sen faceren literatura pura, consagraron a súa vida a buscar aquilo que, é o máis entrañable dun pobo de fondas raíces, o que se encontra na historia, na valoración documental e no tesouro artístico que ten Galicia.

D. José Francisco Ogando Vázquez preséntanos a Ferro Couselo, partindo da relación que tiña co seu tío Xosé Couselo Bouzas e a influencia que este como eclesiástico e estudioso de moitos aspectos do coñecemento galego ten nel. A súa formación eclesiástica léva-o ó grao de doutor en sagrada teoloxía, aínda que non sente a vocación relixiosa, polo que paralelamente realiza os estudos de bacharelato e filosofía e letras.


Coa chegada da 2ª república, xorde en toda a vida político-social e cultural do país unha grande esperanza que inflúe na grande maioría dos intelectuais. É precisamente cando maior brillantez se produce na vida española e os intelectuais son respectados por tódalas clases políticas. Nesta etapa, Ferro Couselo licénciase en Historia, e pon de manifesto o seu grande interese polo estudio de calquera manifestación galega, latexando un sentimento galeguista que o levou a participar en institucións como o Partido Galeguista, editorial Galaxia ou o Padroado Rosalía de Castro.

A vocación de Ferro Couselo é a docencia, a cal exerce durante moitos anos, pero unha vez que remata a guerra, foi sancionado como profesor. A raíz disto ten que desvia-la súa profunda vocación docente, e conseguir ingresar no corpo de arquivistas, arqueólogos e bibliotecarios. En 1921 obtén a praza de bibliotecario da Biblioteca Pública de Ourense e arquivista da Delegación de Facenda. A súa actividade vaise centrar na creación dun arquivo histórico no que recollerá fondos documentais de calquera sitio.

A continuación D. Felipe Senén López Gómez, destaca o traballo que Ferro Couselo e moitos autores da época realizaron por salva-la identidade de Galicia naqueles momentos difíciles da dictadura, onde o hermetismo e o silencio dominaban en tódolos campos, eles loitaban para mante-lo espírito e o patrimonio de Galicia, e esta loita constante serviu para fortalece-las novas xeracións e que a identidade de Galicia siga aí a pesar de todo.

Ferro quixo manter vivo o espírito de Castelao, ó seguir aquelas directrices que ennobrecían a Galicia. Non foi un home de letras, pero fixo posible que as letras de Galicia seguisen vixentes. É unha persoa que hai que vela na súa globalidade. Interésase por analizar e busca-la orixe para saber cara a ónde imos.

A última exposición corre a cargo de D. Ramón Lorenzo, catedrático de lingüística e literatura galega, o cal parte da base de que a celebración do Día das letras galegas é un ritual que realmente non serve para nada, xa que debería de ser un feito cotián o que practiquémo-lo amor pola lingua, pola terra e por Galicia. Ferro Couselo, nos seus dous volumes de *A vida e a fala dos devanceiros* recolle unha grande cantidade e moi diversos documentos medievais, algúns de grande importancia, da provincia de Ourense, os cales teñen un indubidable valor histórico. Estes documentos están escritos en galego, que era o idioma predominante nesa época, o cal era moi rico e se utilizaba na Administración pública. Desde o punto de vista filolóxico, estes documentos non teñen demasiado valor xa que o filólogo necesita o documento orixinal.

Francisco Ogando Vázquez retoma a palabra, para facerlle unha crítica a Ferro, xa que considera que o grande erro de Ferro Couselo foi que, partindo da súa condición de historiador, se axustou ás normas dictadas polo Consello Superior de Investigación Científica e ó cingüirse a elas, no respecto á palabra e non no respecto á grafía. Aínda que Ramón Lorenzo matiza esta crítica ó afirmar que o erro non se basea na grafía senón na falta de coñecemento lingüístico, pola súa condición de historiador e non de lingüista. 





## Crónica das xornadas de estudio sobre austeridade no gasto público

Bolseiro da EGAP | Enrique José Varela Álvarez

Os días 13 e 14 de marzo de 1996 realizáronse en Santiago de Compostela, na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), unhas "Xornadas de estudio sobre a austeridade no gasto público", baixo a dirección do profesor D. José Manuel Canales Aliende.

Nas ditas xornadas, e como continuación das realizadas o pasado ano co título de "Gasto público e crise económica", debatéronse temas de actualidade sobre o Estado, sector público e Administración pública, e a súa relación cos cidadáns nun contorno de austeridade. Así, e logo de tres sesións repartidas en dous días, púidose considerar unha visión dos conceptos de austeridade do xeral ó particular a través dos relatorios presentados: "Reflexións sobre a austeridade no sector público", "A austeridade na reforma administrativa da Xunta de Galicia", "Calidade e austeridade no sector público", "Novos sistemas de información para o control da xestión e para a racionalización do gasto

público”, “A racionalización dos gastos de personal”, “A xestión da escaseza”, e “O gasto público como condicionante de estratexias políticas globais”.

O acto de apertura estivo a cargo do director da EGAP, D. Domingo Bello Janeiro, o director das xornadas, e profesor titular de ciencia política e da administración da Universidade Complutense de Madrid, D. Jose Manuel Canales Aliende, e o primeiro relator das xornadas e conselleiro do Tribunal de Contas D. Ramón Muñoz Álvarez.

No dito acto destacouuse, por parte do Sr. Bello Janeiro, a crise do Estado do benestar, constatable a través da crise fiscal e financeira do Estado como consecuencia da ampliación do gasto público. Ante isto, propúxose unha política de austeridade dos gastos, racionalización dos procedementos e ter sempre como referente ós cidadáns e a satisfacción das súas necesidades como obxectivo por alcanzar nun Estado social e democrático de dereito.

O primeiro dos relatorios estivo a cargo de D. Ramón Muñoz Álvarez, conselleiro do Tribunal de Contas, e tivo como obxecto de debate “A racionalización dos gastos de persoal”, onde se destacaron as diferentes definicións de austeridade e as relacións entre esta e gasto público.

**Austeridade** sería, despois de todo, non menos gasto senón máis racional, así para o relator a clave estaría na **seriedade**, “**bo goberno**” e **sentido da lei e a orde no económico**. Lígase, polo tanto, o concepto de austeridade co da ética pública, “... que as nosas relacións non só sexan económica e financeiramente correctas, **austeras** nun sentido amplo e profundo, senón tamén máis imbuídas de perfección nas órdes ética e social, ou sexa, máis humanas”<sup>1</sup>.

O problema encóntrase, entre outros planos, na separación entre os que ingresan e os que gastan (Estado e comunidades autónomas e entes locais), todo isto complicado co proceso de descentralización territorial vivido en España con motivo do desenvolvemento autonómico de 1978. O anterior produciu, en relación co noso contorno, que a dualidade gasto público-PIB crecese en España do 16,5% en 1960 ó 50% actual, o que sen dúbida está lastrando de maneira capital as nosas actuacións futuras (actualmente o 81% do gasto público está comprometido<sup>2</sup>).

As actuacións que se reclaman non son simplemente de axuste contable, son estruturais e ás que se hai que aproximar desde unha serie de puntos que o autor nos relata, como son:

■ Confianza na nova visión que o marco constitucional do

<sup>1</sup> Muñoz Álvarez, R., “A racionalización dos gastos de persoal”, en “Xornadas de estudio sobre a austeridade no gasto público”, EGAP, Santiago de Compostela, 1996.

<sup>2</sup> Os datos facilitados polo autor pertencen ó ano 1996, data de realización das xornadas.

Estado nos ofrece, desenvolvendo dentro do Estado das autonomías a Administración única e aludindo ó artigo 103.1 da Constitución española.

■ Austeridade para o novo modelo de desenvolvemento territorial, xunto cun control e cun máis eficaz aproveitamento dos recursos públicos encamiñados á redución do déficit público.

Tamén se aludiu a un aumento do *control da actividade económico-financeira do sector público*, como instrumento técnico, político e social de preservación e intensificación da austeridade. Todo isto nun marco de colaboración institucional, que se debe manifestar en dous ámbitos:

A. Na determinación dos obxectivos que debe presidi-lo control.

B. E na elección dos medios e procedementos para facer posible o seu exercicio.

O control deberá estar baseado nos principios de legalidade, eficacia, eficiencia, economía, equidade e ecoloxía, e deberá estar orientado cara ó cumprimento dos obxectivos deseñados e ó consenso sobre o funcionamento das mencionadas institucións.

Para o relator, o control exercido con austeridade mellora os modos de xestiona-lo capital público na parte correctora, maniféstase como un manancial de solucións derivadas da experiencia de supervisar todo o sector público, e aproveita-los seus informes e resolucións para propoñer melloras e dota-lo xestor de criterios sólidos sobre os que poder fundamenta-las súas tarefas cotiás de interpretar e aplica-la legalidade orzamentaria. En definitiva, o control exercido con austeridade configúrase como unha actividade natural, ordinaria nun Estado de dereito e en consonancia co “principio de división de poderes”.

Para concluí-la súa conferencia, o Sr. Muñoz Álvarez sinalou a responsabilidade das institucións de control na sensibilización dos cidadáns respecto dunha Administración austera, para conseguir entre todos alcanza-lo correcto funcionamento institucional a través do principio de legalidade, e dos non menos importantes de ética, eficacia e lexitimidade públicas.

A segunda das conferencias das xornadas estivo a cargo de D. Jaime Bouzada Romero, inspector xeral de Servicios da Xunta de Galicia, que situou a austeridade no ámbito das comunidades autónomas a través do seu relatorio, “A austeridade na reforma administrativa da Xunta de Galicia”.

O marco ó que aludiu o Sr. Bouzada foi o da crise fiscal do Estado, que se remonta ós anos 70<sup>3</sup>, producida por:

<sup>3</sup> A análise da crise fiscal do Estado (á que tamén se referiron os outros relatores ó longo das xornadas) é unha constante dentro dos estudos sobre o cambio e comportamento do Estado e o seu sector público, e unha das bases sobre as que se constrúe o novo modelo de Estado e o suposto novo paradigma da Administración pública, o “paradigma posburocrático”.

- O incremento do paro, o que supón un aumento do déficit público (prestacións por desemprego).
- Descenso da natalidade nos países occidentais.
- Incremento da cobertura sanitaria.
- En definitiva, aumento xeneralizado do nivel de vida.

En paralelo a este proceso, prodúcese o rebordamento do Estado como unidade económica e a integración das nacións nos mercados globais, ó cabo, e segundo o relator, unha *nova orde económica mundial*. Mentres que, por outro lado, o Estado se ve impelido a actuar sobre os seus cidadáns desde uns presupostos básicos de cobertura: investigación e desenvolvemento, sistema fiscal, política educativa, mercado de traballo e capitais, infraestructuras, etc.

O contexto é pois, de crise económica estrutural, o que levado ó ámbito da Administración pública nos dá a crise do modelo de xestión burocrática (weberiana), acrecentada polo seu modelo orzamentario inherente: o *incrementalismo*<sup>4</sup>. A reacción dos países a esta crise do modelo consiste na articulación dos movementos de reforma ou modernización administrativa na procura de criterios de eficacia e eficiencia para as administracións públicas.

En España, e segundo Bouzada, todo isto se veu aumentado coa articulación autonómica extraída da Constitución de 1978, que produciu a imitación dos modelos administrativos das comunidades autónomas do estatal<sup>5</sup>. Así, o cambio de modelo reclamouse por:

- *Razóns legais*, xa que as administracións públicas necesitan funcionar de acordo cos dictados constitucionais (art. 103.1.2). Obxectivos eficaces, eficientes e conformes co interese xeral.
- *Razóns económicas*, coa redución do gasto público (de acordo co Programa de Convergencia de Maastricht), e introducindo unha cultura de responsabilidade e xestión (basicamente razóns de redución do gasto e por mellorar-la imaxe que os cidadáns teñen da Administración<sup>6</sup>).

Por todo isto, e desde 1990, a Xunta de Galicia tomou a iniciativa ó propoñer unha *reforma administrativa*, que segue hoxe en vigor, e cuns obxectivos de eficacia, eficiencia e de servizo ós cidadáns. Entre as medidas adoptadas encóntranse:

- *Regularización da función pública galega*; Codificación normativa; Sistema de Xestión dos Procedimentos Administrativos (SXPA); Sistema de Información Administrativa e Atención ó Cidadán; Formación dos empregados públicos; e, por último e máis importante, a avaliación do rendemento das unidades administrativas.

<sup>4</sup> Para unha profundización do estudio do incrementalismo nas políticas públicas a obra máis importante é a de Ch. Lindblom a través de dous dos seus artigos máis coñecidos, "The Science of Muddling Through", *Public Administration Review*, n.º 19, páx. 317-336, 1959, e vinte anos despois, "Still Muddling -not yet Through", *Public Administration Review*, 1979, páx. 317-336.

<sup>5</sup> Como exemplo desta imitación dos modelos administrativos podemos sinala-los diferentes procesos de modernización ou reforma administrativa iniciados por cada unha das 17 comunidades autónomas desde principios dos anos 90; *vid.*, "Xornadas sobre modernización e reforma administrativa nas comunidades autónomas", EGAP, Santiago de Compostela, 1997.

<sup>6</sup> Sobre a cuestión da imaxe das administracións públicas o Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS) publica periodicamente (enquisas de outubro e xaneiro) un "barómetro" onde se mide a idea que os cidadáns se forman das distintas administracións públicas e outras institucións e grupos de presión do conxunto do Estado.

A tódalas medidas anteriores xa se aludiu en anteriores congresos e relatorios por parte da Inspección Xeral de Servicios da Xunta de Galicia e dos seus representantes<sup>7</sup>, excepto da *avaliación do rendemento*, que é o elemento novidoso das políticas estratéxicas da Comunidade Autónoma. Así o *Programa de Avaliación do Rendemento* comeza en 1996, nun intento de introducir na organización o principio de eficiencia, a través da cultura da concienciación dos empregados públicos polos custos.

Segundo Bouzada Romero, este programa é o eixo de todo o anterior, sendo desenvolvido a través do artigo 63 bis da Lei 3/1995 (modificación da Lei 4/1988), e na que se consideran unha serie finalidades:

- Coñece-los beneficios sociais e os custos utilizados por cada unidade administrativa.
- Incrementa-la motivación do personal.
- Compara-lo rendemento entre unidades administrativas que realicen programas similares, e entre elas en varios períodos de tempo.
- En definitiva, detecta-los problemas da organización para actuar sobre eles dun xeito obxectivo.

Entre as características da avaliación do rendemento temos que se avalía un colectivo (non o individuo), o que leva a avaliar produtos e persoas, ademais de conseguir unha avaliación obxectiva (analizar custos das unidades de traballo –inputs– e cantidade e calidade do traballo nun ano –outputs–). Para o relator, así se consegue ter unha idea global obxectiva (baseada en estándares de medición constatables) da organización, o que permitirá establecer *Áreas de Resultados Clave (ARC)* sobre as que actuar.

Outro dos elementos novidosos do artigo 63 bis é o sistema retributivo, que actúa intentando mellora-lo anterior (Regulamento 2/89; complemento específico por niveis) pouco incentivador, por outro que introduce o elemento da produtividade.

Entre os procesos seguidos na avaliación do rendemento temos os seguintes:

- O estudio das metodoloxías por aplicar prolongouse ó longo de 7 anos (1988-1995).
- Realizouse, ó longo de 1995, unha serie de experiencias piloto en 20 unidades administrativas diferentes, en función dunhas tipoloxías previamente deseñadas, que foron as seguintes:
- 4 servicios provinciais de turismo (labores de policía e fomento);

<sup>7</sup> Vid., "Seminario internacional sobre a reforma administrativa", EGAP, 1995 / "Seminario sobre simplificación administrativa", EGAP, 1995 / "Xornadas informativas sobre a avaliación do rendemento", Inspección Xeral de Servicios, Xunta de Galicia, 1995 / "Seminario internacional sobre a avaliación do rendemento", EGAP, 1995 / "Xornadas sobre modernización e reforma administrativa nas comunidades autónomas", EGAP, 1997.

- 4 servicios provinciais de educación (labores de inspección);
- 4 servicios provinciais de cultura;
- 4 servicios provinciais de familia, infancia e menor (axudas, subvencións e xestión de centros propios);
- 4 servicios provinciais de prestación de servicios sociais (igual que as anteriores).

■ En decembro de 1995 realizouse o inventario de unidades administrativas por avaliar (824 unidades), e enviouse o formulario a cada unha en xaneiro de 1996, tralo cal os inspectores e subinspectores da Inspección Xeral de Servicios realizan a análise da información.

■ Todo isto serviu a unha serie de conclusións a través da análise dos estudos piloto, ós que se lles deu publicidade en novembro/dicembro de 1995 e xaneiro de 1996, a través dunha carta do conselleiro de Administración Pública ós 15.000 empregados da Xunta de Galicia.

As accións fan encamiñadas, como sinalou o Inspector Xeral de Servicios para concluír, cara a intentos de dota-la Administración pública autónoma de instrumentos que permitan racionaliza-lo seu gasto, ser máis eficaces e estar ó servicio dos cidadáns.

A sesión da tarde ocupouna persoal do Instituto de Estudos Fiscais e da súa Escola de Facenda Pública, concretamente os Sres. D. Vicente Pérez Menayo, director adxunto, e D. Jesús Bartolomé Llorente, coordinador de área, a través do relatorio "Xestión de calidade e austeridade na Administración pública".

Entre os temas que desenvolveron encóntrase a orixe dos movementos de calidade nas administracións públicas, no que vincula os conceptos de austeridade e calidade, fai unha análise e valoración da dimensión de servicio na xestión pública e propón unha serie de cambios nas organizacións públicas. Ademais, citáronse os principios de xestión da calidade total, tanto nos seus conceptos básicos como na súa aplicación á Administración pública (coas súas singularidades); o proceso de implementación desta calidade total a través da receptividade dos consumidores de servicios públicos, a avaliación e seguimento dos procesos e servicios, a súa mellora continua, e a participación do persoal; e por último, a xestión da calidade total<sup>8</sup>.

Os parámetros de aproximación á calidade veñen do mesmo pouso histórico comentado polos anteriores autores: a crise fiscal do Estado. O que aportan os relatores é a aproximación ó problema desde os presupostos da calidade total e o *management* público, basicamente co obxectivo de dota-las administracións públicas de "instrumentos de autocrítica".

<sup>8</sup> Sobre o concepto de calidade total e a súa aplicación ás administracións públicas temos que "... a calidade parece estar destinada a ser algo máis que unha moda pasaxeira, para converterse cada día en maior medida nun requisito de supervivencia das organizacións públicas (Cohen e Brand, 1993). E isto como consecuencia dos impactos exercidos polo desenvolvemento do Estado do benestar sobre a sociedade e as administracións públicas, así como polo efecto que sobre as organizacións públicas exerce o que se convida en denomina-la "crise fiscal do Estado" (O'Connor, 1980)" (páx. 171); *vid.* Bañón e Carrillo, "Avaliación da calidade dos servicios públicos", en Bañón (dir.), *A produtividade e a calidade na xestión pública*, EGAP, Santiago de Compostela, 1996, páx. 171-184.

Coa apertura ó mercado do ámbito público, cambian as aproximacións de transformación no seu seo (administración pos-burocrática), imbuídos tamén por unha nova dinámica social, constatada nos estudos de cambio administrativos comparados (en xeral en tódolos países da OCDE, e concretamente en EUA).

Despois de achegarnos ás experiencias en materia de xestión da calidade total (GCT), os autores sinalan un punto de inflexión nos procesos de cambio e modernización administrativa o Informe Gore<sup>9</sup> ("Crear uha Administración pública que funcione mellor e coste menos"), que destaca como clave "facer máis con menos"; non se trataría pois de realizar unha grande reforma estrutural senón pequenos cambios que lles engadan valor ós procesos de traballo das administracións públicas.

Entre as distintas propostas para promover cambios nas organizacións públicas, Pérez Menayo e Bartolomé Llorente sinalan unha serie de variables, como o feito de consideralas opinións dos funcionarios nos procesos de cambio, servir ó interese público, a receptividade administrativa ("capacidade daquela persoa para facer fronte ó proceso administrativo, co fin de facilita-lo seu acceso ás prestacións ás que teñen dereito a esperar da Administración"<sup>10</sup>), e a formulación de demandas cidadás de mercado para as administracións públicas.

Polo que se refire máis concretamente ós principios da xestión da calidade total (GCT) sinálase por parte dos relatores a adaptación de parte destes modelos provenientes do sector privado ó ámbito público, pero tendo en conta as súas peculiaridades. Entre os principios temos<sup>11</sup>:

- 1º. O cliente é o determinante esencial da calidade.
- 2º. A calidade debería proporcionar-lo ó produto o servizo desde o proceso de produción, máis que engadirlo ó final.
- 3º. A prevención da diversidade é a clave para producir unha alta calidade.
- 4º. A calidade resulta de tódalas persoas que traballan no sistema, non dos esforzos individuais.
- 5º. A calidade esixe unha mellora continua dos inputs e procesos.
- 6º. A mellora da calidade esixe unha forte participación do persoal da organización.
- 7º. A calidade esixe un compromiso de toda a organización.

Todo isto deberá, pois, aplicárselle á Administración pública, polo que a pregunta é ¿pode ser asumida a GCT por ela?, para o que haberá que resolver unha serie de problemas preeliminares:

<sup>9</sup> A importancia e repercusión do informe nas administracións públicas dos países occidentais foi tal que o dito documento serviu de base a posteriores traballos de reforma e modernización, tanto en gobernos nacionais como subnacionais; documento que traduciu ó castelán e publicou o Instituto Vasco de Administración Pública.

<sup>10</sup> *Vid.*, Pérez Menayo e Llorente, "Xestión de calidade e austeridade na Administración pública", en "Xornadas de estudio sobre a austeridade no gasto público", EGAP, Santiago de Compostela, 1996.

<sup>11</sup> Segundo SWISS, citado polos relatores.



- Co fin de distinguir servicios (xenericamente, públicos) e productos (privados), así: intanxibilidade, heteroxeneidade, inseparabilidade de produto e consumo, e caducidade.
- Dificultade de defini-lo cliente da Administración.
- Excesiva énfase nos recursos e procesos.
- E por último, o cambio na cultura organizativa pública.

A grande pregunta será qué facer para aplicarlles estes principios ás administracións públicas, xa que o que se pretende a través desta GCT é "a integración de tódolos procesos e procedementos das áreas funcionais así como implicar todo o persoal involucrado co apoio da organización"<sup>12</sup>.

Ademais do anterior, temos ante nós o cambio de orientación dos cidadáns con respecto á consideración de "o público" ("consumidores vixiantes"), polo que as administracións públicas se ven na necesidade de lexitimá-las súas accións, xa que a lexitimidade legal-racional weberiana está cada día máis cuestionada<sup>13</sup>. Isto produce, ademais, a entrada do concepto cliente na relación dos cidadáns coas administracións públicas (OCDE, 1987), o que supón a consideración dunhas novas variables nas relacións cidadán-persoal público (constatadas en estudos empíricos en sectores de servizo en EUA):

- **Elementos tanxibles** (acceso e aparencia das insituacións, persoal de atención e materiais de comunicación); **fiabilidade** (servizo prometido de forma fiable e coidadosa, rectificacións, queixas, etc.); **capacidade de resposta** (disposición e vontade de axuda, servizo rápido, etc.); **seguridade** (inspirar credibilidade e confianza); e **empatía** (poñerse no lugar do cidadán).

A avaliación e seguimento destes procesos e servizos, segundo os relatores, basearíase non en medi-la realización de tarefas senón en centrarse nos procesos e a consecución de resultados, a través dos *policy analysis* ou análises de políticas públicas<sup>14</sup>. Por isto, unha vez que o traballo se conceptualiza como un proceso, será posible aplicar todas estas técnicas de medida, análise, avaliación e control.

Para os autores, o bo da GCT é que non require elementos técnicos excesivamente complicados; así só son necesarias as **sete ferramentas do control da calidade** "Sete C": diagrama de Pareto, diagrama causa-efecto, histogramas, cartas de control, diagramas de dispersión, gráficos e follas de comprobación) e as **sete ferramentas adicionais** ("Novas sete": diagramas de relacións, diagrama de afinidade, diagrama de árbore, diagrama matricial, diagrama matricial para a análise dos datos, carta do programa de decisión do proceso, e diagrama de frecha). Ade-

<sup>12</sup> Pérez Menayo e Llorente, 1996, *op. cit.*

<sup>13</sup> A lexitimidade non é só un concepto senón un novo xeito de prestixia-la acción pública, así, e segundo Bañón e Carrillo, "Para cumprir la función legitimadora los servicios públicos tienen que ofrecer un contraste con los privados, llegar allí donde los privados no quieren o pueden llegar. Es decir, tienen que revestirse de objetividad y universalismo para neutralizar el escepticismo social acerca de su necesidad y de su utilidad" (p. 58), *vid.*, Bañón y Carrillo, "La productividad y la calidad: ¿respuestas de la Administración pública para la escasez y la incertidumbre?", en Bañón (dir.), *La productividad y la calidad en la gestión pública*, EGAP, Santiago de Compostela, páx. 51-66.

<sup>14</sup> "A cuestión analítica última, polo tanto, na análise de políticas públicas do mundo real é establecer esquemas de pensamento sobre situacións conflictivas máis que ilustrar sobre cómo un modelo ou ideoloxía podería ser aplicado a problemas ideados como exemplos analíticos", páx. 8, *vid.*, McGregor, E. (jr.), "Orixes e tendencias da análise das políticas públicas", *Política y Sociedad*, n.º 3, Madrid, 1989, páx. 7-14.

mais de todo isto, son de especial relevancia os elementos cualitativos, xa que contribúen a toma-lo pulso da organización e constata-los seus avances ou retrocesos a través dos seus propios axentes.

Por todo o anterior, a calidade é un proceso de mellora continua (seguindo os principios o *Kaizen* xaponés<sup>15</sup>, onde “non debe pasar un día sen que se leve a cabo algunha clase de mellora nalgún lugar da organización”). Aquí é especialmente relevante o papel dos directivos públicos como coñecedores da problemática global da súa organización tomando decisións, pero deixándolle facer ó persoal técnico encargado das tarefas. Por iso, e seguindo os principios da GCT, o que a calidade sexa un proceso de mellora continua supón que a receptividade dos directivos e o persoal de liña cara ós novos enfoques xerenciais é esencial para a súa correcta execución. Así, a participación do persoal configúrase como o elemento clave, xa que as persoas (o **capital humano**) son “ó final o elemento competitivo diferenciador dunha organización”<sup>16</sup>.

Para concluír, os autores sinalan a utilidade da GCT **reformada**, basicamente porque representa unha nova filosofía “un novo enfoque integrado de vellas-novas ideas, que pode axudar a refresca-los principios do *management*”<sup>17</sup>.

A cuarta conferencia das xornadas estivo dedicada a “Os sistemas de información nas administracións públicas”, a través da exposición do Sr. D. Alejandro Keckler de Elizalde, directivo de *Coopers & Lybrand*.

O relator deu unha visión global do que supoñen os sistemas de información sobre a organización e xestión do traballo das administracións públicas, concretamente sobre a estrutura organizativa destes sistemas en cada un dos niveis de goberno (local, autonómico e estatal), a racionalización dos procedementos administrativos, o apoio destes sistemas á dirección, e a problemática relacionada neste campo cos recursos humanos.

Polo que respecta á Administración local, o servizo de informática ben é unha unidade interna dependente dun concelleiro, ou ben é unha empresa mixta ou privada que traballa para o concello. Todo isto supón unha serie de problemas xurídicos, de comercialización, e de custe real que dan a verdadeira dimensión do problema.

Por outro lado a *Administración autonómica*, seguiu o modelo de estrutura organizativa da Administración xeral do Estado, incluído no que se refire a prestación de servizos informáticos. Así, e segundo o relator, a “arquitectura” deste sistema segue o seguinte esquema:

<sup>15</sup> O *Kaizen* é o libro do xaponés Masaaki Imai onde se resume a filosofía da calidade total e dos círculos de calidade total (*Company-Wide Quality Control*) aplicados á xestión dos recursos humanos dunha organización; *vid.*, Galgano, A., “Calidad Total. Clave estratégica para la competitividad de la empresa”, *La Gaceta de los Negocios y Coopers & Lybrand*, Madrid, 1993, páx. 15.

<sup>16</sup> Os recursos humanos das organizacións son, ou deberían ser, a clave de tódolos procesos de cambio, neste caso, nas administracións públicas, por iso cando se incide no elemento humano é porque sen el non existiría nin tan sequera o mesmo proceso de cambio.

<sup>17</sup> Pérez Menayo e Llorente, 1996, *op. cit.*

- Consellería de Presidencia, arquitectura centralizada.
- Outras consellerías desmárcanse porque pensan que o sistema no lles é útil (conflicto).
- As aplicacións informáticas horizontais con compoñentes económico e orzamentario serán lideradas por Economía e Facenda (Presidencia, as verticais de cada consellería, e as horizontais de xestión de persoal e rexistro).
- Cada consellería inicia as peticións de desenvolvemento das aplicacións verticais (ou específicas, propias ou individuais) ás de Presidencia, etc.

Todo isto ata chegar a un punto de conflito (caos) e división do sistema onde a Consellería de Presidencia fixa os estándares de *hardware* e *software* e as necesidades de formación (creáse un Servicio de Informática) mentres que a de Economía e Facenda implanta as súas propias aplicacións horizontais.

Como sinalou o Sr. Keckler de Elizalde todo isto xera un caos organizativo e de información que produce un aproveitamento non óptimo dos recursos, e problemas sectoriais nos:

- *Recursos humanos*, de difícil selección.
- *Recursos orzamentarios*, dificultade en coordinar tódolos orzamentos.
- *Recursos tecnolóxicos*, xa que non se dispón dun bo sistema de mantemento e soporte a nivel autonómico.
- *Situación xurídica*, sociedades con capital mixto que entran en conflito coa nova Lei de contratos das administracións públicas.
- *Marco de competencias*, falta por completa-lo traspaso dalgunhas competencias.
- *Escasa conexión co sector privado*, para limita-la estacionalidade dalgunhas xestións (licencias de pesca e caza, axudas e subvencións á agricultura, etc.).

Para solucionar estes problemas, o relator sinala a aplicación dunha serie de principios político-organizativos, como son o principio de **subsidiariedade** (considerado no marco europeo), a **Administración única** (centrada, sobre todo, nas comunidades autónomas uniprovinciais), e o **pacto local** (obxectivo, conseguir aforros substanciais de custes).

Polo que se refire á *Administración xeral do Estado*, e segundo o relator, o cambio céntrase na optimización dos custes nos servizos de informática, basicamente a través do labor realizado desde hai trece anos pola Comisión Interministerial de Adquisicións de Bens e Servizos Informáticos (CIABSI).

O sistema anterior permite coñecer ónde se pode aforrar, e

obter eficacia e eficiencia na xestión (na propia función informática, na xestión interna dos procedementos, e na contratación e mantemento). Por isto, conseguíronse unha serie de logros como a posta en marcha de proxectos de mellora na xestión e información (Proxecto SSD-CIABSI, SILICE, ISTMO, METRICA, etc.), tanto na Administración xeral como na local, co obxectivo básico de evita-la duplicidade de iniciativas e de que cada proxecto lle sirva de base e experiencia ó seguinte.

A racionalización dos procedementos administrativos foi outro dos puntos importantes do relatorio do autor, segundo o cal constitúe "o elemento básico sobre o cal se poden obter -incluso en moi curto prazo- aforros substanciais de custes"<sup>18</sup> nunha serie de actividades, involucrando ó persoal e adaptando os sistemas de información ós procedementos.

Os sistemas de información á dirección (EIS) supoñen coñecer, en tempo real, a situación das actividades da súa organización (coñece-la situación e execución do presuposto, segui-la recadación, o cadro de persoal, etc.). Para isto, haberá que elaborar indicadores de xestión, establecer experiencias piloto, o mesmo tempo que o sistema debe ser sinxelo, e debe permitir-lo acceso a calquera fonte ou base de datos.

O último elemento ó que aludiu o Sr. Keckler de Elizalde foi a relación sistemas de información e recursos humanos, e sinalou que na actualidade existen unhas tendencias cara ó *soporte de negocio* (forte coñecemento e adecuado técnico da Administración) e os *servicios técnicos* (forte coñecemento técnico e mínimo da Administración), o que produce unha necesidade de profesionalización do persoal público (nova xestión pública), maiores xeralistas que especialistas, con grande capacidade de comunicación e negociación.

O anterior xera unha serie de problemas que fan que o produto final (o servizo público de calidade orientado ó cliente -tanto interno, compañeiros de traballo, como externo, cidadáns) se vexa afectado e limitado nos seus impactos.

Como conclusión o Sr. Keckler de Elizalde aludiu ós sistemas de información como factor clave de aforro e mellora da xestión nas administracións, para o que será necesario determina-las metodoloxías de aplicación e desenvolvemento dos sistemas, coordinar con outras administracións as súas experiencias, reformula-lo papel dos recursos humanos, racionaliza-los procedementos, evita-las figuras tecnolóxicas, e ser cauto ("o mellor é inimigo do bo").

A quinta conferencia das xornadas estivo a cargo de D. Julio Seage Mariño, subdirector xeral de Análise de Custos de Persoal

<sup>18</sup> Keckler de Elizalde, A., "Os sistemas de información nas administracións públicas", en "Xornadas de estudio sobre a austeridade no gasto público", EGAP, Santiago de Compostela, 1996. Por outro lado e sobre a simplificación administrativa e racionalización de procedementos, *vid.*, tamén os relatorios presentados na "Xornada sobre simplificación administrativa", organizada pola EGAP na Coruña en 1995, e onde se trataron temas relacionados coa nova lei de procedemento administrativo, a simplificación administrativa como obxectivo estratéxico da reforma da Xunta de Galicia, e a calidade nos procesos da Administración pública.

do Ministerio de Economía e Facenda, que falou do “Déficit público e racionalización de gastos de persoal”.

O problema relevante sitúase no espectacular incremento dos recursos humanos das administracións públicas e o custe que supón, fundamentalmente a partir da primeira crise do petróleo de 1973. No noso país (1994), o problema é de maior relevancia por mor do elevado déficit orzamentario das administracións públicas (dos máis elevados de Europa).

O proceso de modernización de España e a posta en marcha dun sistema de benestar de corte europeo, produciu o grande crecemento do gasto público. A todo isto hai que engadirlle o proceso de descentralización territorial iniciado en 1978 coa entrada en vigor do Estado das autonomías.

A conclusión parcial é que todo este complexo proceso supuxo a utilización dun grande volume de empregados públicos (1970, 5,7% - 1990, 15,2%; aínda seguimos estando por debaixo da media de empregados públicos dos países da OCDE, 19,4%<sup>19</sup>), o que produciu, ó cabo, un incremento dos gastos de persoal.

Entre as causas do crecemento do gasto de persoal temos fundamentalmente e segundo o Sr. Seage:

■ *A política expansionista do sector público nos anos 1975-1995:* crecemento das prestacións da Seguridade Social, aumento dos gastos de consumo e emprego público, e crecemento do investimento público.

■ *Indisciplina orzamentaria:* falta de coordinación sectorial, falta dunha cultura planificadora e de visión plurianual (o sistema de asignación orzamentaria segue sendo incrementalista, o proceso de elaboración do orzamento é moi curto e pouco participativo), etc.

Ademais de todo isto, o relator sinala os efectos que as continuas modificacións que se producen na organización (reorganizacións das súas estruturas) teñen sobre as administracións públicas; as ofertas de emprego público (cun incremento superior á demanda no período de 1985-1992); e o impacto das tecnoloxías da información (transformando os sistemas de xestión, as formas de organización e o contido dos postos de traballo).

Así, entre as alternativas de solución, o Sr. Seage Mariño propón catro puntos básicos:

1. Mellora-la xestión e calidade dos servicios prestados.
2. Reduci-lo volume do sector público (sen cuestiona-las liñas básicas dos servicios que presta o Estado de benestar).
3. Reduci-lo excesivo peso dos gastos de persoal no conxunto das administracións públicas.

<sup>19</sup> Estes datos déronse en 1996 con respecto a anos anteriores, co que a situación no ano 1997 do emprego público pode sufrir lixeiras variacións.

4. Cuestiona-la capacidade de xestión e o estatus profesional dos recursos humanos da Administración.

Ante isto, o relator presenta tres alternativas:

1. *Programas de "modernización"*: medidas de mellora da Administración pública española a través de catro grandes apartados (políticas de recursos humanos, medidas de descentralización, novos instrumentos de xestión, e cambios culturais), cunha serie de efectos perversos sobre ela nos últimos anos.

2. *Plans de emprego*: ou racionalización dos efectivos de persoal, que "se conciben como un conxunto de medidas destinadas a determina-las necesidades dunha organización en recursos humanos, tendo en conta as funcións da súa organización nun período de tempo determinado"<sup>20</sup>. Cun éxito relativo (tres plans aprobados en febreiro de 1996 –Ministerio de Defensa, INEM, Correos– e outros tres pendentes de aprobación –MOPTMA, CIEMAT, TURESPAÑA– cun custe superior a 8.000 millóns de pesetas), xa que haberá que esperar a avaliar para saber exactamente os seus resultados, aínda que o feito de que se establecesen só estes plans de emprego dá unha idea do desprestigio no que actualmente se encontran.

3. *Programa de racionalización*: ante a necesidade urxente de reduci-los custes dos recursos humanos e facer máis eficiente a Administración pública. Entre as medidas consideradas, están as de medio e longo prazo.

O Sr. Seage Mariño realizou un breve estado da cuestión das experiencias similares en redución do gasto público en países do noso contorno (Gran Bretaña, Canadá, Francia, etc.), nos cales se destacan unha serie de trazos comúns:

1. Papel do sector público (privatizacións).
2. Función pública (profesionalización, modernización, etc.).
3. Organización (descentralización dos servizos).
4. Avaliación de políticas públicas (xestión dos recursos públicos no sentido de que se destinen a satisfacer necesidades debidamente avaliadas).
5. Programación plurianual e orzamento (negociación coas unidades con responsabilidade).
6. E por último, potenciación da función directiva (recurso máis valioso das empresas).

Entre as liñas estratéxicas de solución, o relator propón unha serie de medidas ("Programa de racionalización da Administración pública"), como son:

<sup>20</sup> Seage Mariño, 1996, *op. cit.* |

■ Redución do gasto público e do tamaño do Estado.

- Adaptación da Administración pública ó Estado de benestar, ás peculiaridades do Estado das autonomías e ás esixencias da Unión Europea.
- Responsabilidade e profesionalidade.
- Eficacia e legalidade.
- Técnicas de xestión privada.
- E transparencia na xestión.

Así, e como medidas concretas de redución do gasto de persoal, o relator sinala catro ámbitos de actuación:

1. *Medidas impulsoras da reforma*: cunha unidade multidisciplinar de apoio dependente do presidente do Goberno (“Unidade de Racionalización do Gasto Público”).

2. *Reformulación do Estado*: a través da simplificación da Administración e da definición de sistemas autónomos de xestión (clara regulación das entidades públicas).

3. *Racionalización do gasto público*: nova política orzamentaria baseada en principios estratéxicos (cambios na técnica de elaboración dos orzamentos, mellora dos sistemas de orzamentación dos ingresos derivados da prestación de servicios), nova política de control do gasto (avaliación *ex-ante*, durante e *ex-post*), e unha nova política de transparencia e de eficiencia no gasto público (mellora da Lei de contratos das administracións públicas).

4. *Ordenación do emprego público*: a través dunha serie de medidas como a potenciación da función pública profesional (carrera, novo Estatuto da Función Pública adaptado ó modelo autonómico), profesionalización dos directivos públicos (principios de mérito no acceso), programas de formación (a través do INAP e das escolas de formación pública autonómicas<sup>21</sup>), ademais doutras medidas de control do emprego público (vixia-la contratación temporal, limita-los incrementos dos “fondos” especiais na negociación salarial, flexibilidade na xubilación, e mobilidade dos empregados públicos).

Como conclusións, o Sr. Seage Mariño propón unha serie de medidas a curto e medio prazo, que se resumen en:

**A. Curto prazo**: Creación dunha unidade de impulso e coordinación de tódalas medidas de racionalización do gasto; limita-los gastos de persoal a través de medidas concretas de redistribución; políticas de moderación salarial do sector público que eliminen cláusulas estimuladoras do gasto; ampliación do prazo de elaboración do orzamento; revisión do sistema de planificación-orzamentación e negociación cos autores implicados; e, por último, maior rigor na orzamentación das sociedades.

<sup>21</sup> Polo que se refire a este punto, e tendo en conta a extraordinaria importancia que se lle está a dar a formación dos empregados públicos, temos na actualidade nesta complexa rede formativa polo menos catorce escolas de formación de funcionarios diferentes no noso Estado das autonomías, ás que lles hai que engadi-lo INAP como Escola Nacional de Administración Pública; todo isto dá unha idea da enorme complexidade que supón cada unha das medidas concretas de racionalización do gasto que no seu día propuxo o Sr. Seage Mariño.

**B. Medio prazo:** Creación dunha Unidade de Avaliación de Políticas Públicas na Presidencia do Goberno (coordinación); revisión da organización actual da Administración para facela máis eficiente (simplificación e profesionalización); elaboración dun estatuto da función pública (revisión do sistema de carreira e salarios, creación de incentivos); e revisión dos procedementos de avaliación de necesidades de gasto que reforce os labores de planificación.

A profesora D<sup>a</sup>. Blanca Olías de Lima Gete, directora do Instituto Complutense de Ciencia da Administración e profesora titular de ciencia política e da administración da Universidade Complutense de Madrid, participou nas xornadas e analizou "A xestión da escaseza", dentro dos parámetros fixados para a análise da capacidade do Estado (de benestar, mínimo, necesario), e a través da pregunta ¿como conseguí-los mellores niveis de benestar en condicións de escaseza?.

Blanca Olías segue a Crozier cando fala de cambios do Estado (fin da sociedade postindustrial, exceso de regulación do ámbito privado, cargas financeiras insostibles, etc.) e a Osborne e Gaebler<sup>22</sup> cando fala de cambios organizativos na Administración pública actual. Así temos unha serie de transformacións que afectan ó modo tradicional de realiza-las cousas e que require novas medidas para vellos problemas, entre eles:

1. *Transformacións da xestión pública*, baseando as súas actuacións en atende-las demandas significativas dos cidadáns e mirando e preguntando cara adentro da organización ¿cales son os nosos problemas?. Pasouse de busca-la *eficiencia* (adecuada utilización dos medios) á *eficacia* (valoración dos resultados).

2. *A fisionomía e o comportamento das organizacións públicas*, que se teñen que adaptar ó cambio rápido (tecnolóxico, organizativo, etc.), o que as obriga a actuar sobre dúas das súas variables fundamentais: a) o deseño organizativo (da simple implementación de técnicas adaptadas do contorno privado –PPBS, DPO– a actuar en tres niveis –obxectivos, medios e mercado público–; en definitiva: "Organizacións reducidas, flexibles, dinámicas e en continua transformación, capaces de adecuarse á demanda do servizo e ós seus cambios"<sup>23</sup>); b) e a maneira de enfoca-la prestación de servizos (cambio de mentalidade do empregado público, que debe buscar adecua-los servizos ás necesidades expresadas).

3. *Obstáculos técnicos*, atendendo a tres problemas de interese: a) a diferenciación das funcións de goberno e a súa regulación; b) a especificidade do medio público (competencia); c) e os sistemas de responsabilidade e control.

<sup>22</sup> Ámbolos autores son considerados os impulsores teóricos das reformas na Administración pública do presidente Clinton (Informe Gore) nos EUA a través do *reinventing government*; e son o espello onde se reflicten na maioría dos casos as comunidades autónomas españolas para face-las súas reformas e modernizacións administrativas, *vid.*, Varela Álvarez, E., "Administración Intelixente", *REGAP*, n.º 13, Santiago de Compostela, 1997, páx. 289-314.

<sup>23</sup> *Vid.*, Olías de Gete, B., "A xestión da escaseza", en "Xornadas de estudo sobre a austeridade no gasto público", EGAP, Santiago de Compostela, 1996.



a) Polo que se refire á diferenciación de funcións, a relatora sinalou a necesidade de deslinda-las esencias do Estado, aínda consciente da súa complexidade aludiu ós exemplos de privatizacións e semiprivatizacións para constatalo.

b) O medio público, e a súa especificidade que dependen de múltiples elementos e dan lugar a unha variedade complexa de organizacións (organismos autónomos, empresas públicas, axencias, etc.), o que significa que “non en tódolos casos en que unha organización se evade formalmente do dereito público desprázase do espacio público”<sup>24</sup>.

c) En terceiro lugar, os sistemas de responsabilidade e control, que no ámbito privado se identifican cos resultados mentres que no público se esvaen. A responsabilidade atinxe ó total da organización, non só ós directivos e xerentes, polo que ademais se deberá establecer un sistema de incentivos que coadxuve con el (“os incentivos se acomodan ás conductas desexadas e que se xeren expectativas positivas en relación con elas”<sup>25</sup>), para motivar realmente os empregados públicos nas súas accións. Polo lado do control, segundo a autora, obsérvase un interese crecente pola mellora dos sistemas de medición de resultados, ó incrementarse a demanda da capacidade de xerencia no sector público.

d) Problemas políticos (¿cal é o futuro das institucións públicas que debuxa este programa?), polo que se reclama un novo papel do centro político en colaboración coas axencias á hora de defini-los problemas dos servizos. O problema supono ó incorporar-lles valores ás opcións políticas de deseño de programas (estes valores “non só afectan á elección dos obxectivos, na súa dimensión de finalidades públicas, senón ó proceso mesmo mediante o cal se establecen”<sup>26</sup>).

Para a profesora Olías, todo o anterior configura un marco no cal están en xogo a lexitimidade e control das actuacións públicas, xa que por efecto dos procesos de desregulación e descentralización “o cidadán perde instrumentos valiosos para facer recoñece-las súas pretensións”<sup>27</sup>, ademais, a fragmentación de unidades réstalles a estas unidades xestoras capacidade estratéxica.

Por todo isto, e a modo de conclusión, Blanca Olías sinalou o carácter imprevisible das consecuencias que as novas tecnoloxías terán para a sociedade do futuro e os seus efectos na reconstrución do espacio político, e as dificultades, constatadas en tódolos procesos de modernización, para a reforma do Estado. Así “A xestión pública da escaseza é a procura dun marco máis axeitado para resolver problemas sociais e un novo modo de considera-la relación entre Goberno e sociedade”<sup>28</sup>.

<sup>24</sup> *Ibid.*, Olías de Gete, 1996.

<sup>25</sup> *Ibid.*, Olías de Gete, 1996; neste caso e importante subliñalo incremento da complexidade da xestión pública coa irrupción de organizacións privadas, semipúblicas e semiprivadas, por exemplo no ámbito dos servizos sociais, o que deu paso ó denominado “terceiro sector”, ou sector da economía social, que se constata na actual actividade das organizacións non gobernamentais, as fundacións, asociacións, etc.: “É o sector do voluntariado o que crea capital social. Hoxe existen entidades gobernamentais, grupos profesionais, entidades non lucrativas, deportivas, de consumidores, ONGs, grupos de comunidades. En España hai miles de entidades non lucrativas e que non son públicas. Delas non se ocupa nin o sector do mercado nin o sector público”, Jeremy Rifkin autor de “El fin del Trabajo”, nunha entrevista concedida a *EL PAÍS. Negocios*, 17-XI-1996, páx. 5.

<sup>26</sup> Olías de Gete, 1996, *op. cit.*

<sup>27</sup> *Ibid.*, Olías de Gete, 1996.

<sup>28</sup> *Ibid.*, Olías de Gete, 1996.

O derradeiro relatorio estivo a cargo de D. José Vilas Nogueira, decano da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostela, baixo o título "O gasto público como condicionante de estratexias políticas globais".

O profesor Vilas sinalou o pouco desenvolvidos que están os estudos sobre o gasto público, especificamente. Para o relator, os principais aspectos por analizar sobre o gasto público serían: o seu volume e implicacións; a natureza dos bens e servizos obxecto de gasto (bens colectivos e privados), a función económica do gasto (gastos de investimento e de consumo), e a demanda de gasto, ou sexa as preferencias dos diferentes grupos sociais en canto ó gasto público tanto no aspecto cuantitativo (volume do gasto demandado), como no cualitativo (demandas de investimento ou de consumo).

Polo que se refire ó volume de gasto público e as súas implicacións, o relator aludiu ó exceso de volume do gasto público nas sociedades avanzadas. Así, seguindo a Musgrave e O'Connor constatase o incremento do devandito gasto público en tódolos niveis do Estado ("Ó iniciarse esta década, o gasto público nos principais países da OCDE superaba o 35% do PIB –en España o 35,5%–, chegando nos estados escandinavos ó 50%"<sup>29</sup>), o que nos levou á crise fiscal e financeira do Estado, reflectida no déficit público, que ameaza con "eternizarse".

Para o profesor Vilas, algúns aspectos da xestión pública (desenso na presión fiscal, privatización de actividades e servizos) son respostas a este problema; por iso o problema do volume do gasto público non é outro que o seu financiamento, condicionándose mutuamente, polo que "as necesidades financeiras son, ..., un firme fío conductor para o estudio das experiencias estatais"<sup>30</sup>.

As relacións entre o Estado do benestar e o incremento do gasto público, foron cuestionadas polo relator que significou o feito de que o concepto de benestar se remonta "xa ó Estado mercantilista, como obxectivo central da súa política económica (de defensa, sostemento e estímulo por parte do príncipe da actividade financeira e comercial) e como premisa da súa política fiscal (reducción dos privilexios fiscais da nobreza e distribución máis equitativa das cargas fiscais entre as diversas clases)"<sup>31</sup>.

Segundo o relator a reducción do gasto público a través da mellora da xestión, fíxose actuando sobre a norma (constitucionalización do principio de eficacia), e a través do xiro privado na xestión de servizos e actividades que formaban parte da xestión administrativa indiferenciada.

<sup>29</sup> *Vid.*, Vilas Nogueira, "O gasto público como condicionante de estratexias políticas globais", en "Xornadas de estudio sobre a austeridade no gasto público", EGAP, Santiago de Compostela, 1996.

<sup>30</sup> *Ibid.*, Vilas Nogueira, 1996.

<sup>31</sup> *Ibid.*, Vilas Nogueira, 1996.

Verbo do gasto público, segundo o profesor Vilas, hai que diferenciar entre bens de consumo privado e colectivo (entre estes últimos está o grande debate sobre a maior ou menor regulación ou capacidade do Estado para actuar sobre o ámbito privado). Así, o sector privado non presenta problemas en canto a súa definición, mentres que na provisión de bens colectivos entran en xogo tódalas consideracións sociais de solidariedade e ética co fin de conseguir “a optimización das funcións de benestar social de todas e cada unha das persoas”<sup>32</sup>. O anterior pódese conseguir a través do sistema de prezos nun mercado competitivo, en tanto tódolos bens fosen privados; ó no ser así, xa que algúns bens non son producidos ou son producidos en cantidades insuficientes, faise *necesaria a produción colectiva*.

A outra diferenza establécese entre os **bens de capital e os bens de consumo**, xa que para Vilas Nogueira, o investimento social se pode dividir en capital físico e humano, ó constatar que en tódolos países avanzados se socializou todo ou parte dos custes de planificar, construír e modernizar proxectos de desenvolvemento social e físico (infraestruturas).

Polo que se refire á relación entre o gasto público e a natureza política dos bens e servicios, o profesor Vilas aludiu á máxima de que politicamente non tódolos bens e servicios son iguais, incluso cando comparten a mesma natureza económica. Así, a defensa nacional e a educación viviron etapas de crecemento e descenso segundo unhas ou outras prioridades de axenda política.


Para concluír, o relator sinalou a demanda de gasto público como tendencia decrecente pola presión á que é sometida tanto por causas internas (cidadáns) como externas (compromisos de Maastricht).

A mesa redonda, que serviu para clausurar estas “Xornadas de estudio sobre austeridade no gasto público”, foi tamén utilizada para poñer de relevo a importancia dos elementos aquí analizados. Así, foron obxecto de debate o *papel do capítulo II do orzamento* como medida restrictiva e de austeridade (aínda que coas limitacións da súa contía); a relación da proposta de *Administración unica cos plans de emprego*, e a *emergente potencia das relacións intergubernamentais* (RIGS) como factor de desenvolvemento das políticas públicas (tanto nos niveis nacionais como nos subnacionais<sup>33</sup>); a aprobación dun *estatuto da función pública* como marco esencial de referencia, substituíndo o sistema de postos de traballo pola carreira; a *profesionalización dos directivos públicos* e o seu recrutamento; a *avaliación do rendemento con carácter selectivo*; e, por último, a *modificación das cláusulas de*

<sup>32</sup> *Ibid.*, Vilas Nogueira, 1996.

<sup>33</sup> Polo que se refire ás relacións intergubernamentais (RIGS), e seguindo a definición de Anderson (1960:3) “un continxente de actividades ou interaccións que teñen lugar entre unidades de goberno de todo tipo e nivel territorial de actuación”; para introducimos na cultura da xestión intergubernamental pódense revisar, entre outras, as seguintes obras: Anderson, W., *Intergovernmental Relations in Review*, University of Minnesota Press, Minneapolis, 1960 / Wright, D.S., “Managing the Intergovernmental Scene”, en William Eddy, (ed.) *The Handbook of Organization Management*, Marcel Dekker, Nova York, 1984 / Wright, D.S., *Understanding Intergovernmental Relations*, 3ª ed., Brooks/Cole Publishing Company, California, 1988/ Agranoff, R. “Marcos comparados para el análisis de las relaciones intergubernamentales”, *Papeles de Trabajo de Gobierno y Administración Pública*, n.º 0291, IUOG, Madrid, páx. 1-45 / Agranoff, R., “Las relaciones intergubernamentales y el Estado de las Autonomías”, *Política y Sociedad*, n.º 13, Madrid, 1993, páx. 87-105.

*revisión salarial*, xa que en momentos de déficit público non é aconsellable polo "efecto espello" que ten no resto da sociedade.

Así, clausuráronse estas xornadas, cunha importante participación e presenza de público, o que alentou os relatores, organización e os mesmos asistentes a repeti-la experiencia. 





**B**IBLIOGRAFÍA

E RECENSIONES



## *Xurisdicción ordinaria e Tribunal Constitucional*

---

Ramón Punset Blanco *et al.*

---

EGAP, Santiago de Compostela, 1996.

As achegas doutriniais que recolle este libro, foron, no substancial, expostas polos seus autores no curso que, sobre o tema "Xurisdicción ordinaria e Tribunal Constitucional", se desenvolveu na sede santiaguesa da Escola Galega de Administración Pública, os días 12, 13 e 14 de decembro de 1996.

No citado curso, ó que asistiron membros das diversas profesións xurídicas, propúxose, mediante as conferencias e debates programados, suscita-la reflexión e a discusión sobre dous importantes cuestións da estrutura e funcionamento do noso Estado de dereito: o papel dos órganos xudiciais na defensa da efectividade da Constitución e as relacións entre eses órganos e o máximo intérprete da lei fundamental como consecuencia da función tuitiva encomendada, en grao e intensidade diferentes, ás distintas ordes da xurisdicción ordinaria e da xurisdicción constitucional.

O empeño desta obra consiste en clarifica-los problemas de articulación existentes entre o Poder Xudicial e o Tribunal Constitu-



cional no exercicio da xustiza constitucional configurada polo ordenamento español.

A presentación do libro *Xurisdicción ordinaria e Tribunal constitucional* realizouna D. Domingo Bello Janeiro, director da Escola Galega de Administración Pública, sendo os relatorios que se recollen no mesmo, os seguintes:

*1º. Tribunal Constitucional e órganos xudiciais na tutela da supremacía da Constitución. Unha perspectiva xeral.*

Ramón Punset Blanco, catedrático de dereito constitucional da Universidade de Oviedo, limítase neste relatorio a esquematizar a participación dos órganos xudiciais na tutela da efectividade da lei fundamental. Unha participación que configura un réxime de control xurisdiccional de constitucionalidade, as potenciais disfuncións do cal só se poden previr deseñando canles de conexión que, sobre a base da superioridade do TC na interpretación de *toda* a Constitución, fagan factible a recondución a unidade da dispersión doutrinal inherente á pluralidade de xulgadores *secundum Constitutionem*, pluralidade, en fin, requirida pola propia normatividade do texto constitucional.

*2º. A tensión no Tribunal Constitucional e a xurisdicción ordinaria.*

Andrés de la Oliva Santos, catedrático de dereito procesual da Universidade Complutense, formula nun plano eminentemente descriptivo, unha serie de consideracións, co propósito primordial de intentar explicalo que, xa dende 1982, ven algúns autores como invasión polo Tribunal Constitucional do terreo atribuído como propio e exclusivo dos tribunais da xurisdicción ordinaria.

*3º. Os órganos xurisdiccionais e a protección do sistema de repartimento de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas.*


Pablo Pérez Tremps, catedrático de dereito constitucional da Universidade de Estremadura, vocal da Xunta Electoral Central e ex-letrado do Tribunal Constitucional, intenta analizar de forma sistemática a posición de xuíces e tribunais ordinarios ante o repartimento de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, así como trata-los principais problemas que esa análise suscita. Pablo Pérez Tremps sinala que os ditos problemas son abundantes e que deron lugar a unha xurisprudencia ordinaria e constitucional pouco clara e a un amplo debate doutrinal, no que, na súa opinión, se mesturaron razoamentos procesuais e materiais; aínda que ámbolos aspectos están intimamente unidos, o autor sinala que unha correcta comprensión dos problemas xurídicos esixe, a miúdo, unha previa construción doutrinal que delimite esas dúas dimensións.

4º. *Doutrina e xurisprudencia do Tribunal Constitucional:  
A súa eficacia respecto dos tribunais ordinarios.*

Jesús María Santos Vijande, profesor titular de dereito procesual da Universidade da Coruña, trata unha cuestión que, en lugar de esclarecerse co paso do tempo, adquiriu, ó seu parecer, unha complexidade aínda maior se cabe, como consecuencia da promulgación e vixencia da Lei orgánica do Poder Xudicial de 1985. O autor alude en concreto, ás dificultades de interpretación que suscita o artigo 5.1 da dita lei, cando, como non pode ser menos, se compara a súa redacción co ordenado polo artigo 164 da Constitución española de 1978, e por certas disposicións da Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

5º. *Cuestións irrelevantes.*

Javier Jiménez Campo, catedrático de dereito constitucional e secretario xeral do Tribunal Constitucional, preséntanos un traballo publicado no *Anuario de Dereito Constitucional e Parlamentario*, coeditado pola Universidade de Murcia e pola Asemblea Rexional da dita Comunidade Autónoma (número 7, correspondente ó ano 1995).

O recurso de amparo pasa por se-lo primeiro problema da xurisdicción constitucional en España. No ámbito dos procesos, a resolución dos cales é, por decisión da LOTC, competencia exclusiva do Pleno do Tribunal, a cuestión de inconstitucionalidade destácase, segundo o criterio de Javier Jiménez Campo, como a canle que demanda unha atención máis precisa, sen que isto non nos leve á aceptación de que aquel problema principal –o máis urgente– sexa, en solitario, “o problema” da nosa xurisdicción constitucional. 

José María Rebolledo Varela  
Bolseiro da EGAP



## *O informe PICQ*

---

Estudio introductorio de  
**José Manuel Canales Aliende e  
José Manuel Rodríguez Álvarez**

---

Santiago de Compostela, EGAP, 1996.

**S**eguindo a liña editorial iniciada pola Escola Galega de Administración Pública e dentro da colección "Monografías", sae á luz unha nova obra titulada "O informe PICQ".

O texto do informe vai precedido dun estudio sobre as súas achegas, metodoloxía do traballo e baleiros, levado a cabo polo profesor da Universidade Complutense de Madrid D. José Manuel Canales Aliende, coa colaboración do profesor da Universidade Autónoma de Madrid D. José Manuel Rodríguez Álvarez.

Este informe, que lle debe o seu nome ó principal inspirador e presidente encargado da súa elaboración, Jean Picq, conselleiro do Tribunal de Contas, ten o suxestivo e significativo título de "O Estado en Francia. Servir a unha nación aberta ó mundo", e vén formula-lo debate en Francia sobre as finalidades e actuacións que debe mante-lo Estado e as administracións públicas no contorno actual de finais do milenio, sen que estas circunstancias poidan cuestionar nin a súa esencia nin a súa supervivencia.

O informe contén unha importante reflexión e proposta para a modernización do Estado e das administracións públicas de Francia. Formúlanse cuestións desde a perspectiva da realidade e continxencia do propio sistema francés, non se trata polo tanto, dun modelo importado doutros informes aparecidos con anterioridade.

Ante todo o informe nin é un produto de "punto final" nin o pretende ser; é sobre todo un diagnóstico e unha reflexión dun grupo de expertos nomeados polo Goberno, (a comisión creouna o primeiro ministro Edouard Balladur), ó que finalmente se lle entregou o documento, coas súas opinións e propostas.

Na redacción do informe tívose en conta a opinión de máis de setecentas persoas do país, (recollidas nun dos anexos da obra), relacionadas e ben coñecedoras do sector público francés e das experiencias doutros países do seu contorno.

A comisión leva a cabo o seu labor a través de dúas técnicas de traballos: a primeira será a consulta a persoas expertas da realidade administrativa, tales como primeiros ministros, ministros, altos cargos, sindicalistas, empresarios, economistas, altos funcionarios e profesores universitarios. E a segunda técnica empregada é a avaliación das distintas estruturas orgánicas, analizando carencias, disfuncións, posibles diminucións e racionalizacións de custos.

Para conseguilo seu fin, a comisión fórmulase tres cuestións básicas ás que se lles debe responder axeitadamente:

1ª. ¿Cales son as prioridades do Estado?

2ª. Medios e estrutura orgánica do Estado para levar a cabo as súas competencias.

3ª. Instrumentos máis axeitados para optimizar a xestión do orzamento público.

Estas cuestións análízaas a comisión a través de tres etapas sucesivas: nunha primeira etapa, estúdanse as altas competencias estratéxicas do Estado, téñense en conta as experiencias estranxeiras; unha segunda etapa consistiu no estudio dos novos métodos de xestión pública; e por último, elaboráronse propostas dirixidas primordialmente á diminución e supresión de estruturas e procedementos administrativos.

Considérase vital para a posible realización das súas propostas, ante todo a vontade política permanente das altas instancias do Estado, o apoio dos funcionarios e por último un alto grao de comprensión da cidadanía. Estes tres requisitos non só condicionan o éxito e a eficacia de calquera proceso de modernización administrativa, senón que tamén explican os fracasos dalgunhas experiencias habidas anteriormente.

A problemática e a realidade sociopolítica non se deben nin se poden descoñecer, e un aspecto destacable do informe é a plena consideración que lle atribúe á dimensión europea como marco no

que desenvolve e actúa o Estado a as administracións públicas en Francia, caracterizando a Unión Europea como un sistema político orixinal e moi lonxe da concepción clásica do dereito internacional.

O informe realiza unha formulación do Estado de carácter non ideolóxico, senón que se fundamenta nas realidades e necesidades do momento, ó sinala-las competencias que se consideran primordiais ante a configuración dun novo modelo de Estado cara ó ano 2000: destácase a importancia da educación, da formación e da cultura do país, así como da súa proxección exterior.

A ordenación do territorio aparece como unha grande cuestión, xa que este é un factor determinante do desenvolvemento económico e social equilibrado, e non ó revés.

Só o Estado ten unha visión do conxunto do territorio, que permite harmoniza-los diferentes intereses en xogo, por dispoñer de información que lle permite velar por un desenvolvemento xusto de tódalas partes do territorio.

Non obstante, o papel do Estado non se concibe desligado do mercado e da economía, senón relacionado con estes de modo diferente, non se trata de intervirlo nin de regulamentalo, senón de fomentalo e de actuar como árbitro.

Cuestiónase tamén a pervivencia do modelo territorial administrativo actual francés, ó coexistir demasiados niveis de entidades administrativas, e postúlase por unha modernización e racionalización axeitada ós problemas do momento, xa que o concello resulta moi pequeno, o departamento demasiado uniforme, e a rexión non se corresponde co modelo europeo.

Ademais, propónse como alternativa a cooperación intermunicipal e a creación de áreas metropolitanas. A coñecida idea do presidente Fraga "Administración única" parece que inspirase os autores do informe e, o que resulta claro, é que nos atopamos ante un problema común a moitos países europeos influídos polo modelo francés.

A prospectiva e a avaliación considéranse técnicas moi valiosas para o debate público verbo do proceso de modernización administrativa e en concreto para o debate orzamentario.

A despolitización da función pública e a súa profesionalización, a base dun sistema obxectivo de carreira administrativa, de formación e de retribucións dignas, a idea da creación dun Centro Superior de Xestión Pública e a aplicación dun réximen de incompatibilidades máis ríxido, son igualmente ideas analizadas polos expertos.

Como grande lagoa do informe, sen prexuízo da utilidade de moitas das súas achegas e propostas, é a carencia da lexitimación parlamentaria, o esquecemento da dimensión política do Estado e das administracións públicas, e ademais, outro baleiro notable é que non se basea na opinión pública.

A necesidade de consenso político e social nun documento deste calibre e transcendencia parecen, de entrada, imprescindibles.


Por outro banda, os redactores do documento, con formación e actitudes tecnocráticas, (non é casualidade o feito de que o presidente da comisión sexa un membro cualificado do Tribunal de Contas, senón que se inscribe na longa tradición francesa de relación entre os grandes profesores e expertos en Administración que foron funcionarios desa institución nalgún momento), esquecen ás veces a importante perspectiva e dimensión política existente entre o Estado e a Administración pública.

Ademais podemos sinalar que, a descentralización mencionada no informe, éo puramente administrativa e non política. Así mesmo, bótase en falta un tratamento máis profundo no tema dos recursos humanos, a selección e formación dos cales se esixe que sexa axeitada ós tempos actuais, no referente ó papel e á problemática da elite burocrática, baleiro sorprendente para un sistema como o francés, onde a tradición e importancia da ENA (Escola Nacional de Administración) foi desde sempre unha das súas características.

En definitiva, non abonda con cambia-las estruturas, os procedementos e a xestión, senón que é preciso que se produza un cambio cualitativo na cultura da xestión pública (valores, actitudes, aptitudes, ética, etc.), e da responsabilidade derivada da actuación pública.

O informe coas súas achegas e carencias, como toda obra humana, resulta de grande utilidade, porque trátase dun documento que serve para reflexionar sobre a necesidade dunha modernización administrativa considerada desde un marco máis amplo.

A sociedade de hoxe esíxelles ós poderes públicos unha actuación eficaz e eficiente e asemade transparente e, polo tanto, responsable.

O traballo da comisión, composta por nove expertos e presidida por Jean Picq, durou sete meses, desde novembro de 1993 ata maio de 1994, logo de consulta-la opinión de máis de setecentas persoas, con máis de trinta sesións e cento vinte horas de traballo, para redactar máis de seiscentas páxinas de informes previos, ata chegar ó informe final resumido, dunhas cento cincuenta páxinas. 

**Alfonso Jurado Moreda**  
Dolseiro da EGAP

## *Practical Public Management*

---

Robert T. Golembiewski

---

Marcel Dekker Inc., Nova York, 1995.

<sup>1</sup> Isto é compartido tanto pola literatura sobre xestión pública como pola que se refire ó sector privado, se é que constitúen conxuntos disxuntos. *Vid.*, Eric Abrahamson, "Management Fashion" en *Academy of Management Review*, n.º 1, vol. 21, 1996, páxs. 254-285.

<sup>2</sup> *Vid.*, T. Golembiewski, Robert, "Public Sector Organization Behavior and Theory: Pers-  
(*Continua na páx. 320*)

**B**oa parte da literatura referida á xestión pública, xeralmente a máis lida e influente, parece que está moi influída por modas e ciclos recorrentes nas ideas que a inspiran. Ben por razóns sociais ou psicolóxicas como o desexo por parte dos autores de parecer modernos ou de facer achegas que aparenten novas para que lles confiran prestixio académico ou profesional, ben por razóns conxunturais derivadas da frustración orixinada por unha crise económica ou por unha deficiente xestión que fan que os xestores públicos boten man da primeira idea de xestión nova que consideren apropiada para saír do paso<sup>1</sup>, a maioría dos libros e dos artigos publicados sobre esta temática acostuman, dun xeito oportunista no máis dos casos, a inspirarse nas ideas máis actuais no momento da súa publicación. Deste xeito, nesta literatura, que, como di o propio autor, aínda non conseguiu dentro do conxunto das ciencias sociais recoñecemento científico pleno<sup>2</sup>, dáse o fenómeno, non fre-



cuente noutras áreas de coñecemento, da rotación das mesmas ideas, con distintos nomes cada certo tempo, “viño vello en garrafas novas”, como se di no mundo anglosaxón, para tentar dar unha imaxe de modernidade e de progreso por parte dos “Gurus”, o que lles reporta normalmente cuantiosas recompensas pecuniaras e honras mundanas.

Pola contra, son pouco frecuentes neste gremio, moitas veces debido a que é pouco rendible económica e socialmente, os estudos serios e repousados así como a consagración de varios anos de traballo ó desenvolvemento dun corpo teórico elaborado, que transcenda o simplemente anecdótico sobre a xestión pública.

Isto é o que fai Robert T. Golembiewski. Este vello profesor da Universidade de Georgia, dedicou a súa vida a desenvolver un magno corpo teórico sobre a Administración pública. Un corpo teórico que abrangue moitas das dimensións asociadas á Administración pública cun obxectivo confesado: a loita contra a tiranía no interior das organizacións. A súa finalidade é alcanzar unha administración máis adecuada ás necesidades do ser humano, unha Administración pública que recolla os valores que se inspiran na ética xudeucristiá e os aplique, no seu funcionamento diario, ás relacións cos seus empregados e cos cidadáns<sup>3</sup>, unha Administración pública, en resumo, que sexa consciente de que moralidade e eficacia están unidas dun xeito indisoluble<sup>4</sup>.

O libro que recensionamos constitúe a conclusión e exposición sistemática de boa parte do seu traballo anterior. Moitas das ideas que expresa no texto, tales como os trazos que terán que te-las organizacións do futuro<sup>5</sup>, os valores que as deberán inspirar<sup>6</sup> ou os aspectos relativos ós dereitos de cidadanía<sup>7</sup> foron xa expostos e discutidos en traballos previos e fórmulanse dun xeito definitivo neste libro.

Hai, para Golembiewski, dúas actitudes cara ó sector público, duramente enfrontadas. A primeira é a dos “baleiradores” e “recortadores”, é dicir, a das persoas que buscan, ben baleira-lo Estado de competencias deixándoo reducido a unha especie de núcleo duro regulador pero baleiro de competencias reais de execución, ben recortar, poda-las frondosas pólas da árbore pública cortando as ramas tortas que zagan a súa seiva vital e que a debilitan. A literatura xerada por estes autores é moi extensa e non se circunscribe á retórica política, senón que discorre polos mares da teoría económica, a elección pública e as teorías da acción racional. Golembiewski (páx. 37) sintetiza as súas propostas en 5 puntos<sup>8</sup>:

■ A burocracia monocrática merece críticas, especialmente no sentido de que só os mercados poden crear competición e innovación, coa primeira consecuencia de que as organizacións inefectivas son eliminadas.

pectives on Nagging Problems and on Real Progress” en B. Lynn, Naomy e Wildavsky, Aaron, (eds.) *Public Administration. The State of the Discipline*, Chatham House, Chatham N.J., 1990, páxs. 127-156.

<sup>3</sup> Unha visión global do pensamento de Golembiewski pode verse nun libro moi útil para o estudioso da Administración pública, pois resume, sintetiza e actualiza boa parte do pensamento recente sobre a Administración pública. *Vid.*, B. Denhardt, Robert, *Theories of Public Organization*, Wadsworth Pub., Belmont Ca., 1993, páxs. 118-125.

<sup>4</sup> *Vid.*, as reflexións de Denhardt sobre a obra de Golembiewski no que se refire a este punto: B. Denhardt, Robert, “Morality as an Organizational Problem” en *Public Administration Review*, n.º 2, vol. 52, marzo/abril 1992, páxs. 104-5.

<sup>5</sup> *Vid.*, T. Golembiewski, Robert e W. Kuhnert, Karl, “Looking Toward 2000, and Beyond: Some Developmental Tendencies in Organizations” en *International Journal of Public Administration*, n.º 3&4, vol. 17, 1994, páxs. 777-802

<sup>6</sup> *Vid.*, T. Golembiewski, Robert, “Organization is a Moral Problem: Past as Prelude to Present and Future” en *Public Administration Review*, n.º 2, vol. 52, marzo/abril 1992, páxs. 99-103.

<sup>7</sup> *Vid.*, T. Golembiewski, Robert, “A Bit Further Toward «A Positive and Practical Public Management»” en *Administration & Society*, n.º 4, vol. 21, febreiro 1990, páxs. 493-500.

<sup>8</sup> Golembiewski inspírase nestes puntos na obra de V. Ostrom. *Vid.*, Ostrom, V., *The Intellectual Crisis in American Public Administration*, University AL., University of Alabama Press, 1973.

■ Os individuos deberían ter unha influencia maior, máis ampla na determinación das políticas públicas e na súa administración, tanto como membros e clientes das administracións públicas como por seren cidadáns.

■ Unha maior responsabilidade administrativa cara ás percepcións e desexos dos cidadáns tanto como unha maior produtividade no fornecemento dos servizos públicos son aspectos desexables e polos que hai que traballar.

■ Os patróns de pensamento e análise económicos poden ser poderosas axudas para mellora-la toma de decisións.

■ Poderían existir modos alternativos de fornecemento de bens e servizos con distintas consecuencias e custos.

A segunda perspectiva que distingue Golembiewski é a dos santificadores (*hallowers*) do sector público. Son unha serie de autores, poucos<sup>9</sup>, normalmente vinculados á ciencia política (as defensas do sector público adoitan vir dos politólogos, mentres que as críticas adoitan vir dos economistas<sup>10 11</sup>), os cales intentan defende-las administracións públicas das críticas<sup>12</sup>, ós seus ollos inxustas, ás que se ven sometidas.

Golembiewski quere superar esta polarización, na súa opinión non fructífera, en primeiro lugar criticando os argumentos de cada unha das partes e en segundo lugar, e a isto dedícalle a segunda parte do libro, desenvolvendo un modelo teórico que vaia máis alá desta visión maniquea da xestión pública. Un modelo, que como se dixo ó principio difire moito da literatura segundo costume sobre teoría da xestión pública, polo seu rigor conceptual e metodolóxico, non moi habitual neste tipo de literatura, e por querer transcender, sen por iso deixar de recoñece-los aspectos que poñan ter de interese, as modas e os ciclos recorrentes tan frecuentes nesta disciplina.

Tres son os puntos fundamentais que se poden distinguir na nova xestión pública proposta por Golembiewski:

■ O deseño estrutural. Este aspecto é o principal para Golembiewski. Afirmar que nin o pensamento proburocrático nin o anti-burocrático cuestionan realmente a burocracia. Uns porque lles gusta como funciona, e outros, os contrarios á burocracia (partidarios dos mercados) porque lles interesa unha estrutura administrativa ineficaz que permite, a diferenza de formas hipoteticamente máis eficaces, manter unha economía non controlada polo sector público e que obviamente os beneficia. Golembiewski fai referencia a varias posibles "revolucións" estruturais. A primeira consistiría nunha reorientación por medio de superposición de valores (ó reforma-la burocracia só naquilo que é ineficaz). A segunda sería o redeseño das burocracias mediante o uso de formas divisionais. A terceira consistiría en fundamentar ó redor de competencias cen-

<sup>9</sup> As máis coñecidas defensas son Charles T. Goodsell, *The Case for Bureaucracy*, Chatham house, Chatham, New Jersey, 1994 e Francis E. Rourke, *Bureaucracy, Politics and Public Policy*, Boston, Little Brown, 1984 (curiosamente non se fai referencia a esta última obra no libro).

<sup>10</sup> Principalmente os economistas da chamada escola da Public Choice. O seu autor máis representativo é William A. Niskanen. Unha recompilación da súa obra pode verse en Niskanen, W. A., *Bureaucracy and Public Economics*, Edward Elgar, Cheltenham, 1994.

<sup>11</sup> *Vid.*, Bozeman, Barry, "Review to Robert T. Golembiewski's Practical Public Management" en *Administrative Science Quarterly*, vol. 40, decembro 1995, páxs. 701-3.

<sup>12</sup> As críticas veñen de moitas partes, da economía como xa dixemos, da socioloxía, da psicoloxía, da literatura etc. Unha boa expresión destas críticas pode atoparse en Ralph Hummel, *The Bureaucratic Experience*, St. Martin Press, Nova York, 1994.

trais, basicamente un axuste do anterior, centrado na determinación de qué habilidades ou recursos deben ser asignados a cada fluxo completo de traballo.


■ Unha nova teoría da cidadanía. Golembiewski compara o concepto tradicional de cidadanía, que supón o control das conductas dos empregados polos *managers* por causa da súa posición na organización, cun novo modelo de cidadanía na que os directivos gañen o dereito a dirixir coa súa habilidade e experiencia na xestión, mentres que os empregados verían satisfeitas dun xeito mellor as súas necesidades individuais no referido ó traballo, conseguíndose así unha maior produtividade. En relación a este aspecto hai que ter en conta a atención que se lle presta no libro a un corpo de literatura denominado xenericamente *Quality of Working Life* que tenta resaltar e promover dimensións pouco consideradas na xestión como a seguridade, non só a física senón tamén a emocional, a derivada da estabilidade no emprego, a equidade na compensación polo esforzo, e o individualismo, referido ó desenvolvemento das habilidades persoais do traballador e da súa capacidade para a aprendizaxe continua.

■ A democracia nas organizacións (aspecto complementario do anterior) Golembiewski estableceu ó longo da súa vida unha moi persoal cruzada contra a tiranía no interior das organizacións. Golembiewski di que a autocracia no traballo é o prezo que hai que pagar pola democracia *after hours*. O noso autor vaise rebelar contra isto e vai tenta-la transformación das administracións públicas en organizacións menos xerarquizadas (máis horizontais na súa estrutura) máis democráticas no seu funcionamento e cunha maior capacitación dos empregados nas súas tarefas.

O libro é excelente no plano teórico e de grande rigor intelectual, pero contra o que di o seu título non é un libro, polo menos polo momento, práctico. Golembiewski non se parou a considera-lo grande número de dificultades coas que se tería que atopar, polo menos a curto prazo, para realiza-lo ambicioso proceso de reformas que lle gustaría levar a cabo. Resistencias políticas (perda de control por parte dos políticos sen perder responsabilidades a cambio, problemas de axenda, falta de vontade política), económicas (as reformas na burocracia precisan de grandes cantidades de recursos humanos, materiais, temporais, etc. para realizarse), de cualificación dos recursos humanos, impedirán ou retardarán, sempre no suposto de que os intentos de reformas emprendidas seguisen os rumbos marcados por Golembiewski, a súa correcta implantación.

Chama tamén a atención o pouco interese que se lle presta no libro ó papel das melloras tecnolóxicas, sobre todo as referidas ás comunicacións, e ós efectos imprevistos que poden ter. Moitos dos cambios propostos na estrutura da organización poderanse dar só

porque melloraron extraordinariamente as técnicas de comunicación e de proceso de información. E, en efecto, estas novas técnicas, que permitirán delegar control sobre o traballo con base na organización e incrementar extraordinariamente a calidade do servizo prestado<sup>13</sup> poden tamén incrementar extraordinariamente o alcance do control da xerarquía dirixente, co que se daría unha organización formalmente máis horizontal, pero cunha maior distancia entre os dirixentes e os dirixidos, correndo o risco de aumentar en vez de diminuí-la autocracia administrativa.

O que si é certo é que este libro é un brillante compendio das ideas que identifican o discurso sobre a Administración pública dos 90, democracia interna no lugar de traballo, *empowerment*, cidadanía, humanismo, en definitiva, nas organizacións<sup>14</sup>, ideas que, se ben non é probable que se leven todas a cabo, si que é seguro que influirán nos camiños que hai que seguir no futuro no funcionamento das organizacións, tanto públicas como privadas. 

**Miguel Anxo Bastos Boubeta**

Profesor axudante de ciencia política e da Administración.  
Facultade de Ciencias Políticas e Sociais.  
Universidade de Santiago de Compostela.

<sup>13</sup> Vid., R. Furey, Timothy, "How Information Power Can Improve Service Quality" en *Planning Review*, n.º 3, vol. 19, maio/xuño 1993, páxs. 24-26.

<sup>14</sup> Vid., Aktouf, O., "Management and Theories of Organization in the 1990s: Toward a Critical Radical Humanism" en *Academy of Management Review*, n.º 3, vol. 17, 1992, páxs. 407-431.



## Normas para a presentación de orixinais

1. Os traballos serán orixinais non publicados total ou parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografadas a dobre espacio nunha soa cara e numeradas, incluíndo de se-lo caso e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folia á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterà abreviaturas nin notas.
5. Incluíranse co título do artigo catro ou cinco descritores polos que se poida clasifica-lo artigo.
6. Baixo o título colocarase o nome do autor ou autores, incluíndose ó pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ó pé. Acompañaranse á versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleranse ó final do manuscrito en folia á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas notas)

situaranse ó final do traballo e en orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:

### Libros:

AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.

### Artigos:

AUTOR (ano): Título do artigo, en título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar.

Nos casos de máis dun traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).

As citas, nas notas de páxina, remítanse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.

12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismo, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegarase o enderezo postal e teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, para tódolos efectos.
15. Os autores comprométense a corrixi-las probas de imprenta nun prazo de sete días, entendéndose que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:

*Revista Galega de  
Administración Pública*

EGAP. Fontiñas, Rúa Madrid, 2-4  
15703 Santiago de Compostela.  
Galicia. España.











CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA  
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



ESCOLA GALEGA  
DE ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICA